



observatorio galego
de condicións de traballo

ENFERMIDADES DFC: 9G-CB5-G9B
SECTORES FEMINIZADOS
ANOS 2009-2014

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Maio 2017

Autor: **Manuel Armada Oya**
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral – ISSGA

Coa publicación deste estudo dáse cumprimento ao establecido no apartado b) da ficha *OGCT 1: Observatorio Galego de Condicións de Traballo* e no apartado d) da ficha *OGCT 4: Análise, tratamento estatístico e elaboración de estudos sobre as enfermidades profesionais e das enfermidades relacionadas co traballo* incluídas no **EIXE 2: Observatorio Galego de Condicións de Traballo** do **Plan de Actividades 2017** do ISSGA.

Índice

<u>Introducción</u>	4
<u>Metodología</u>	5
<u>Resultados</u>	17
<u>Conclusiones</u>	81
<u>Anexo</u>	83

Introdución

Como complemento ao estudo realizado sobre os accidentes laborais nos sectores produtivos feminizados en Galicia: [Análise da sinistralidade en sectores feminizados-2011](#), realízase este traballo orientado ás enfermidades laborais naqueles sectores económicos con predominio das mulleres no persoal laboral.

Nas estatísticas de accidentes laborais en xornada laboral, os accidentes das traballadoras supoñen anualmente menos dun terzo do total, sendo aínda menor a proporción en canto aumenta a gravidade do accidente. En canto aos accidentes in itinere a proporción entre homes e mulleres é moito máis parella, aínda que a proporción de mulleres tamén diminúa coa gravidade dos accidentes.

En canto á evolución do persoal traballador que cotiza as contingencias profesionais, nestes últimos anos o número de homes e mulleres en Galicia case se igualou.

Nas estatísticas publicadas sobre a notificación de enfermidades profesionais en Galicia, o porcentaxe de enfermidades profesionais con baixa é superior nas mulleres, mostrando unha tendencia para aumentar lixeiramente ano a ano, mentres a porcentaxe de notificacións de enfermidades sen baixa mantense superior nos homes.

Tendo en mente o anterior realízase este estudo, no que partindo do estudo das enfermidades profesionais das mulleres, céntrase naquelas actividades económicas en que as mulleres supoñen a maioría da forza de traballo, mostrando cuantitativamente como lles afectan as condicións de traballo en forma de enfermidades profesionais.

Metodoloxía

Os datos das enfermidades profesionais son proporcionados pola Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social obtidos da aplicación [CEPROSS](#) (Comunicación de Enfermidades Profesionais na Seguridade Social), utilizándose os correspondentes ao período comprendido entre os anos 2009 ao 2014 ámbolos dous inclusive.

Os datos dos traballadores coas continxencias profesionais cubertas, desagregados por actividade económica, son proporcionados polo *Servizo de Estatística de Sinistralidade Laboral do Ministerio de Emprego e Seguridade Social*, utilizándose os datos da poboación activa, proporcionados polo [IGE](#) (Instituto Galego de Estatística) na súa páxina web para o cálculo de taxas de incidencia, cando non se dispón do estrato de poboación cotizante segundo a variable utilizada na desagregación das enfermidades.

En canto ás variables utilizadas na análise na sección de [Resultados](#) son as seguintes:

- Sexo
- Situación do traballador (Con baixa / Sen baixa)
- Sector de actividade
- Idade
- Ocupación
- Actividade económica (a dous díxitos)
- Grupos de enfermidade profesional
- Grupo e Axente causante
- Grupo, Axente causante e Sub-axente
- Provincia

Na [táboa 01](#) móstranse os datos dos traballadores cotizantes por sexos dos anos 2009 ao 2014. Na columna onde se calcula a porcentaxe das mulleres e no [gráfico 01](#) onde se representa a evolución das porcentaxes de homes e mulleres do total de traballadores obsérvase claramente como a diferenza entre homes e mulleres vai diminuindo paulatinamente, ata ser no 2014 practicamente desprezable.

Ano	Homes	Mulleres	Total	Mulleres	
				% Mulleres	Variación na porcentaxe
2009	455.178	373.912	829.090	45,10%	-
2010	437.912	369.554	807.466	45,77%	0,67%
2011	422.118	366.594	788.712	46,48%	0,71%
2012	394.754	356.029	750.783	47,42%	0,94%
2013	378.072	374.264	752.336	49,75%	2,33%
2014	377.126	376.710	753.836	49,97%	0,23%

Táboa 01. Afiliación de cotizantes coas continxencias profesionais cubertas, anos 2009-2014.

Nas táboas [02](#), [03](#) e [04](#) detállanse os datos de afiliación segundo idades de mulleres e homes, nas provincias galegas e do total de Galicia. Así mesmo no [gráfico 02](#) represéntanse as porcentaxes dos diferentes grupos de idade de homes e mulleres do total de afiliados cotizantes no ano 2014.




Gráfico 01. Porcentaxes de afiliacións de traballadores segundo sexo.

No ano 2014, as porcentaxes entre homes e mulleres son moi similares nos diferentes grupos de idade con algunhas excepcións: nos menores de 24 anos a porcentaxe de mulleres no total de Galicia é do 41,24% e nos maiores de 65 anos a porcentaxe de mulleres é do 59,48%. Tanto en homes como en mulleres, os dous grupos de idade maioritarios son os de 35 a 39 e de 40 a 44 anos, sendo maior o número de persoal traballador con idade superior á estes grupos que os situados por debaixo, como se pode comprobar numericamente na [táboa 04](#) e visualmente no [gráfico 02](#).

	A Coruña			Lugo		
	Homes	Mulleres	%Mulleres	Homes	Mulleres	%Mulleres
De 16 a 19 anos	515	375	42,12%	180	125	40,93%
De 20 a 24	6.018	5.993	49,90%	1.911	1.545	44,71%
De 25 a 29	14.336	15.916	52,61%	4.017	3.940	49,52%
De 30 a 34	22.244	23.175	51,03%	5.825	5.706	49,48%
De 35 a 39	27.093	27.425	50,30%	6.740	6.604	49,49%
De 40 a 44	25.245	25.094	49,85%	6.303	6.532	50,89%
De 45 a 49	22.142	22.832	50,77%	6.425	6.651	50,86%
De 50 a 54	19.606	19.559	49,94%	6.147	6.376	50,91%
De 55 a 59	14.603	14.884	50,48%	4.935	5.071	50,68%
De 60 a 64	8.547	9.600	52,90%	3.039	3.123	50,68%
Maior de 65	671	941	58,37%	164	311	65,41%

Táboa 02. Afiliados cotizantes por idades no ano 2014. Provincias da Coruña e Lugo.

	Ourense			Pontevedra		
	Homes	Mulleres	%Mulleres	Homes	Mulleres	%Mulleres
De 16 a 19 anos	166	121	42,04%	538	362	40,22%
De 20 a 24	1.613	1.423	46,86%	5.136	4.821	48,42%
De 25 a 29	3.373	3.493	50,87%	11.186	12.187	52,14%
De 30 a 34	4.890	4.830	49,69%	17.728	17.799	50,10%
De 35 a 39	5.952	5.801	49,36%	22.984	22.085	49,00%
De 40 a 44	5.677	5.453	48,99%	21.173	19.543	48,00%
De 45 a 49	5.425	5.378	49,78%	18.698	16.934	47,52%
De 50 a 54	5.071	5.260	50,92%	15.301	14.440	48,55%
De 55 a 59	3.909	4.065	50,98%	11.195	11.291	50,21%
De 60 a 64	2.310	2.653	53,45%	6.958	6.728	49,16%
Maiores de 65	170	295	63,46%	534	713	57,18%

Táboa 03. Afiliados cotizantes por idades no ano 2014. Provincias de Ourense e Pontevedra.

Cotizantes 2014	Galicia		
	Homes	Mulleres	%Mulleres
De 16 a 19 anos	1.399	982	41,24%
De 20 a 24	14.678	13.782	48,43%
De 25 a 29	32.912	35.535	51,92%
De 30 a 34	50.686	51.510	50,40%
De 35 a 39	62.768	61.915	49,66%
De 40 a 44	58.399	56.622	49,23%
De 45 a 49	52.690	51.795	49,57%
De 50 a 54	46.124	45.635	49,73%
De 55 a 59	34.642	35.310	50,48%
De 60 a 64	20.855	22.104	51,45%
Maiores de 65	1.539	2.260	59,48%

Táboa 04. Afiliados cotizantes por idades no ano 2014 en Galicia.




Gráfico 02. Porcentaxes de afiliacións de homes e mulleres por grupos de idade no ano 2014.

Na [táboa 05](#) e no [gráfico 03](#) móstranse os datos do persoal traballador afiliado aos diferentes sectores nos anos 2009 e 2014. Na agricultura redúcese a diferenza entre mulleres e homes ao diminuír a porcentaxe das mesmas do 57,66% no 2009 ao 51,15% no 2014. Na pesca aumenta lixeiramente a gran diferenza entre mulleres e homes ao diminuír a porcentaxe destas do 26,12% ao 23,70%. Na industria a porcentaxe das mulleres aumenta lixeiramente do 28,32% ao 29,80%. Na construción a presenza das mulleres é moi pouco significativa e o aumento da porcentaxe nestes anos foi mínima, do 8,44% ao 9,11% (cunha diminución de case o 47% do total de cotizantes nestes anos). Nos servizos, sector onde a presenza feminina era maioritaria no 2009, é onde se produce o maior incremento da porcentaxe de mulleres, do 55,96% no 2009 ao 59,06 no 2014. Hai que ter en conta que entre o 2009 e o 2014 a porcentaxe de traballadores masculinos cotizantes diminuíu un 17,12%, o das mulleres aumentou un 0,75%

	2009				2014			
	Homes	Mulleres	Total	% Mulleres	Homes	Mulleres	Total	% Mulleres
Agricultura	18.425	25.091	43.516	57,66%	16.684	17.473	34.157	51,15%
Pesca	16.551	5.852	22.403	26,12%	14.702	4.567	19.269	23,70%
Industria	105.365	41.626	146.991	28,32%	83.303	35.356	118.659	29,80%
Construcción	83.918	7.735	91.653	8,44%	44.165	4.427	48.592	9,11%
Servizos	230.790	293.206	523.655	55,99%	218.272	314.887	533.159	59,06%
Total	454.708	373.510	828.218	45,10%	377.126	376.710	753.836	49,97%

Táboa 05. Afiliados cotizantes por sectores nos anos 2009 e 2014.




Gráfico 03. Porcentaxes de afiliacións segundo sector de homes e mulleres nos anos 2009 e 2014.

Nas [táboas 06](#) e [07](#) agrúpanse os datos de afiliación por sector de actividade e réxime de cotización dos anos 2009 e 2014 do persoal traballador. As diferenzas na evolución da afiliación por sexos pódese empezar a describir polo distinto comportamento no seu conxunto, mentres a afiliación total dos homes diminuíu un 17,09% de 455.004 a 377.247, a afiliación entre as mulleres practicamente non cambiou, cun incremento do 0,11% debido fundamentalmente á creación do *Sistema Especial para Empregados de Fogar*, integrado no *Réxime Xeral da Seguridade Social* mediante a disposición adicional trixésima novena da Lei 27/2011, do 1 de agosto, e con efectos do 1 de xaneiro de 2012.

No *Réxime Xeral*, a diminución de cotizantes entre as mulleres foi inferior á dos homes: de 341.543 traballadoras a 319.608 supón unha diminución do 6,42% mentres que pasar de 409.589 traballadores a 329.539 expresado en porcentaxe é unha diminución do 19,54%. Respecto dos sectores de actividade, a agricultura cunha diminución do 32,43%, de 1.410 traballadoras a 953 e a pesca cunha diminución do 24,97%, de 201 a 151 traballadoras, son os dous sectores onde o número de traballadoras cotizantes das contingencias profesionais diminuíron porcentualmente máis que os traballadores masculinos.

No *Réxime Especial de Traballadores do Mar*, a diminución do número de traballadoras foi do 18,45%, de 6.533 a 5.327, porcentaxe (que non en número absolutos) superior á diminución entre

os traballadores masculinos, que de 18.097 cotizantes no 2009 a 16.192 no 2014 sofren unha diminución do 10,53%.

A afiliación de traballadores do *Sistema Especial Traballadores Conta Allea Agrarios* integrados no Réxime Xeral da Seguridade Social desde o 1 de xaneiro de 2012, pola Lei 28/2011 do 22 de setembro (antes pertencían ao Réxime Especial Agrario) experimentou un comportamento completamente distinto en función de se falamos de homes ou mulleres. Se entre os traballadores masculinos, os cotizantes aumentaron un 7,85%, de 3.108 no ano 2009 a 3.352 no ano 2014, entre as mulleres, as traballadoras cotizantes diminuíron un 10,49%, de 1.362 no ano 2009 a 1.219 no 2014. Engadir respecto ao réxime agrario, que os traballadores por conta propia do antigo Réxime Especial Agrario foron integrados con efecto do 1 de xaneiro do 2008 no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) pola Lei 18/2007, do 14 de xullo.

A creación do *Sistema Especial para Empregados de Fogar* supuxo, como se indicou antes, un incremento no número de cotizantes entre as traballadoras, alcanzando las 26.821 no ano 2014, que compensou nese ano a diminución dos outros réximes. Non é o caso dos traballadores masculinos, os cales só 585 estaban integrados neste réxime no 2014.

No *Réxime Especial de Traballadores Autónomos* (RETA) pasou o contrario que no *Réxime Xeral*, o número de cotizantes entre os homes aumentou e o de mulleres diminuíu. Se no ano 2009 había 24.210 traballadores masculinos, no 2014 eran 27.579, o que supón un incremento do 13,91%; mentres que o número de traballadoras neste réxime diminuíu desde as 28.291 no 2009 ás 25.162 no 2014, que expresado en porcentaxe é un 11,06% menos. Respecto dos sectores de actividade, pódense destacar: a diminución do 31,44% das traballadoras cotizantes no sector agrario, de 22.319 no 2009 a 15.301 no 2014 (o descenso ente os traballadores masculinos foi do 15,78% de 11.315 a 9.529) e o aumento do 67,95% entre as traballadoras cotizantes do sector servizos entre estes anos, de 5.396 no ano 2009 a 9.062 no 2014; mentres que o incremento entre os traballadores masculino foi de 54,67%, dos 7.826 no ano 2009 aos 12.104 no 2014.

Traballadores cotizantes das contingencias profesionais por rexímenes, ano 2009											
	Homes					Mulleres					TOTAL
	Xeral e carbón	Mar	Agrario	RETA	Total	Xeral e carbón	Mar	Agrario	RETA	Total	
Agricultura	4.002		3.108	11.315	18.425	1.410		1.362	22.319	25.091	43.516
Pesca	427	16.089		34	16.551	201	5.620		31	5.852	22.403
Industria	104.141	43		1.181	105.365	40.740	564		321	41.626	146.991
Construción	79.979	84		3.855	83.918	7.509	2		224	7.735	91.653
Servizos	220.743	1.881		7.826	230.449	287.464	346		5.396	293.206	523.655
<i>Sen especificar</i>	297				297	4.219				4.219	4.515
Total	409.589	18.097	3.108	24.210	455.004	341.543	6.533	1.362	28.291	377.728	832.732

Táboa 06. Afiliados cotizantes segundo sexo e rexímenes ano 2009.

Traballadores cotizantes das contingencias profesionais por rexímenes, ano 2014													
	Homes						Mulleres						TOTAL
	Xeral e carbón	Mar	S.E. Agrario	S.E. Fogar	RETA	Total	Xeral e carbón	Mar	S.E. Agrario	S.E. Fogar	RETA	Total	
Agricultura	3.803		3.352		9.529	16.684	953		1.219		15.301	17.473	34.156
Pesca	377	14.302			23	14.702	151	4.395			21	4.567	19.269
Industria	81.512	72			1.719	83.303	34.218	600			538	35.356	118.659
Construción	39.937	24			4.204	44.165	4.187				240	4.427	48.592
Servizos	203.789	1.794		585	12.104	218.272	278.673	332		26.821	9.062	314.887	533.159
<i>Sen especificar</i>	121					121	1.427					1.427	1.548
Total	329.539	16.192	3.352	585	27.579	377.247	319.608	5.327	1.219	26.821	25.162	378.137	755.383

Táboa 07. Afiliados cotizantes segundo sexo e rexímenes ano 2014.

Nas táboas da [08](#) á [15](#) detállanse os traballadores cotizantes homes e mulleres nos anos 2009 e 2014 por seccións e divisións de actividade.

Os datos das táboas da [08](#) á [11](#) corresponden ao ano 2009, indicándose por esta orde: cotizantes por sectores, divisións con maior porcentaxe de mulleres, divisións con maior porcentaxes de homes e divisións con maior número de mulleres.

Na táboa [08](#), sinálanse con cores as seccións con diferentes porcentaxes de mulleres, sendo as correspondentes ás letras: G, I, L ata Q e S ata U, as seccións en que superan o 50%. Dentro das anteriores, a Q (Actividades sanitarias e servizos sociais, con números CNAE 86 ao 88), co 77,29%, a S (Outros servizos, con números CNAE 94 ao 96) son as de maior porcentaxe de mulleres dentro das seccións cun número de cotizantes significativo. A letra T corresponde ás "Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico", con números CNAE 97 e 98, que ata o 01/01/2012 en que o Réxime Especial da Seguridade Social dos Empregados de Fogar integrouse no Réxime Xeral como un Sistema Especial, o número de cotizantes que se contabilizaban era moi pequeno. Nos [Anexos](#) indícanse as denominacións das seccións e divisións do CNAE 2009.

Nas táboas [09](#) e [10](#) indícanse as divisións con maior e menor porcentaxe de mulleres respectivamente. Ademais de indicar con cor na [táboa 09](#) as divisións do CNAE con porcentaxe de mulleres superior ao 60%, indícase con grosa, aquelas que tamén aparecen na [táboa 11](#), onde se mostran as divisións do CNAE cun número de mulleres importante.

Entre as actividades con maior porcentaxe de mulleres, excluindo ao *servizo doméstico* que no 2009 a maioría das traballadoras non contaban coma cotizantes das continxencias profesionais, a *asistencia en residencias*, *outros servizos persoais*, a *confección* e *actividades de servizos sociais sen aloxamento*, son aquelas en as que as mulleres superan o 80% do persoal traballador.

Se na [táboa 09](#), o número de actividades en que máis do 80% do persoal feminino son escasas, en todas as actividades da [táboa 10](#), ningunha delas a porcentaxe de mulleres alcanza o 20%, sendo as de menor porcentaxe aquelas relacionadas coa *construción* e a *enxeñería civil*, a *metalurxia* e *industrias extractivas*, o *refino do petróleo* e o *transporte marítimo*.

Entre as divisións do CNAE 2009 da [táboa 11](#) co maior número de traballadoras, ordenadas de maior a menor número: o *comercio ao retallo*, as *actividades sanitarias*, a *administración pública*, a *agricultura e gandería*, os *servizos de comidas e bebidas*, *servizos a edificios* e *actividades de xardinaría*, a *educación*, o *comercio por xunto* e *intermediarios de comercio (salvo automóviles e motos)* e a *industria da alimentación*. En todas as divisións do CNAE anteriores, o número de mulleres supera ao de homes agás no *comercio por xunto* e *intermediarios de comercio*, onde a porcentaxe de mulleres é do 34,54%.

SECCIÓNS CNAE (2009)			
	Homes	Mulleres	% M/T
A	34.975	30.944	46,94%
B	2.786	259	8,51%
C	95.849	40.132	29,51%
D	2.377	279	10,50%
E	4.353	956	18,00%
F	83.918	7.735	8,44%
G	65.399	68.581	51,19%
H	30.549	7.499	19,71%
I	14.831	29.324	66,41%
J	9.029	7.220	44,43%
K	10.747	8.100	42,98%
L	861	1.225	58,72%

M	13.952	17.085	55,05%
N	19.327	30.584	61,28%
O	29.865	34.679	53,73%
P	9.398	18.122	65,85%
Q	15.431	52.529	77,29%
R	4.667	3.884	45,42%
S	6.089	14.098	69,84%
T	301	266	46,91%
U	4	9	70,06%

Táboa 08. Afiliados cotizantes no ano 2009 por seccións do CNAE.

DIVISIÓNS (maior porcentaxe de mulleres)				
CNAE	CNAE Texto	Homes	Mulleres	% M/T
97	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	301	266	46,91%
87	Asistencia en establecementos residenciais	830	6.528	88,72%
96	Outros servizos persoais	1.457	9.278	86,42%
14	Confección de roupa de vestir	1.724	9.441	84,56%
88	Actividades de servizos sociais sen aloxamento	1.366	6.920	83,52%
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	5.648	18.162	76,28%
79	Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes	354	1.116	75,90%
86	Actividades sanitarias	13.235	39.080	74,70%
99	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	4	9	70,06%
47	Comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas	22.591	51.741	69,61%
55	Servizos de aloxamento	2.565	5.127	66,66%
56	Servizos de comidas e bebidas	12.266	24.197	66,36%
13	Industria téxtil	624	1.218	66,12%
69	Actividades xurídicas e de contabilidade	3.430	6.649	65,97%
85	Educación	9.398	18.122	65,85%
75	Actividades veterinarias	254	476	65,24%
66	Actividades auxiliares dos servizos financeiros e aos seguros	941	1.703	64,43%
82	Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	2.218	4.006	64,36%
73	Publicidade e estudos de mercado	1.393	2.274	62,02%
70	Actividades das sedes centrais; actividades de consultoría de xestión empresarial	975	1.543	61,28%
01	Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	16.034	24.555	60,50%
68	Actividades inmobiliarias	861	1.225	58,72%
94	Actividades asociativas	3.065	4.355	58,69%
74	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	826	1.133	57,84%
91	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	190	254	57,17%

78	Actividades relacionadas co emprego	3.077	3.959	56,27%
53	Actividades postais e de correos	1.429	1.798	55,71%
10	Industria da alimentación	10.626	13.351	55,68%

Táboa 09. Afiliados cotizantes no ano 2009 por división do CNAE con maior porcentaxe de mulleres.

DIVISIÓNS (maior porcentaxe de homes)				
CNAE	CNAE Texto	Homes	Mulleres	% M/T
09	Actividades de apoio ás industrias extractivas	6	0	0,00%
42	Enxeñaría civil	5.428	442	7,53%
43	Actividades de construción especializada	44.047	3.684	7,72%
08	Outras industrias extractivas	2.704	249	8,42%
24	Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	5.197	486	8,54%
19	Coquerías e refinación de petróleo	686	71	9,34%
50	Transporte marítimo e por vías navegables interiores	797	83	9,41%
41	Construción de edificios	34.442	3.610	9,49%
30	Fabricación doutro material de transporte	7.632	847	9,98%
35	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	2.377	279	10,50%
25	Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	14.601	1.848	11,23%
28	Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	4.146	548	11,68%
07	Extracción de minerais metálicos	60	8	12,20%
49	Transporte terrestre e por tubaxe	20.834	2.966	12,46%
45	Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	15.562	2.466	13,68%
80	Actividades de seguranza e investigación	4.724	784	14,24%
31	Fabricación de mobles	3.510	620	15,01%
27	Fabricación de material e equipamento eléctrico	1.265	236	15,72%
23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	8.940	1.688	15,88%
36	Captación, depuración e distribución de auga	1.152	221	16,09%
29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	13.492	2.750	16,93%
16	Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestería e espartaría	7.544	1.581	17,32%
02	Silvicultura e explotación forestal	2.391	537	18,33%
37	Recolla e tratamento de augas residuais	153	35	18,41%
38	Recolla, tratamento e eliminación de residuos; valorización	2.957	668	18,43%

Táboa 10. Afiliados cotizantes no ano 2009 por división do CNAE con maior porcentaxe de homes.

DIVISIÓNS (Maior número de mulleres)				
CNAE	CNAE Texto	Homes	Mulleres	% M/T
47	Comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas	22.591	51.741	69,61%
86	Actividades sanitarias	13.235	39.080	74,70%

84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	29.865	34.679	53,73%
01	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	16.034	24.555	60,50%
56	Servizos de comidas e bebidas	12.266	24.197	66,36%
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	5.648	18.162	76,28%
85	Educación	9.398	18.122	65,85%
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	27.247	14.374	34,54%
10	Industria da alimentación	10.626	13.351	55,68%
97	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	301	266	46,91%
14	Confección de roupa de vestir	1.724	9.441	84,56%
96	Outros servizos persoais	1.457	9.278	86,42%
88	Actividades de servizos sociais sen aloxamento	1.366	6.920	83,52%
69	Actividades xurídicas e de contabilidade	3.430	6.649	65,97%
87	Asistencia en establecementos residenciais	830	6.528	88,72%
03	Pesca e acuicultura	16.551	5.852	26,12%
64	Servizos financeiros, salvo seguros e fondos de pensións	8.804	5.552	38,67%
55	Servizos de aloxamento	2.565	5.127	66,66%
94	Actividades asociativas	3.065	4.355	58,69%
71	Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicas	6.264	4.065	39,36%
82	Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	2.218	4.006	64,36%
78	Actividades relacionadas co emprego	3.077	3.959	56,27%

Táboa 11. Afiliados cotizantes no ano 2009 por división do CNAE con maior número de mulleres.

Na [táboa 12](#) indícanse os afiliados cotizantes correspondentes ao ano 2014 por seccións do CNAE 2009. Nesta táboa pódense comprobar as variacións da afiliación respecto dos datos do 2009 da [táboa 08](#). As variacións máis importantes déronse: na **sección A** (Agricultura, Gandería, ...) cunha diminución da porcentaxe de mulleres do 46,94% no 2009 ao 41,25% no 2014, na **sección J** (*Información e comunicacións*) onde diminuíu a porcentaxe desde o 44,43% ao 39,10%, a **sección D** (*Subministración de enerxía eléctrica, ...*) cun aumento desde o 10,50% ao 14,09% no 2014 e **principalmente na sección K** (*Actividades financeiras e de seguros*) que aumentou a porcentaxe de mulleres dende o 42,98% no 2009 ao 50,12% no 2014.

SECCIÓNS CNAE (2014)			
	Homes	Mulleres	% M/T
A	31.386	22.040	41,25%
B	1.827	187	9,28%
C	74.796	33.906	31,19%
D	1.896	311	14,09%
E	4.784	952	16,59%
F	44.165	4.427	9,11%
G	59.992	65.067	52,03%
H	28.004	6.592	19,05%

I	17.913	30.660	63,12%
J	8.726	5.603	39,10%
K	7.525	7.559	50,12%
L	944	1.328	58,45%
M	13.709	16.371	54,42%
N	18.092	29.986	62,37%
O	25.939	29.154	52,92%
P	11.158	22.813	67,16%
Q	15.114	55.653	78,64%
R	4.828	4.335	47,31%
S	5.433	12.621	69,91%
T	883	27.130	96,85%
U	12	14	55,05%

Táboa 12. Afiliados cotizantes no ano 2014 por seccións do CNAE.

Aínda que con pequenas variacións das porcentaxes respecto da [táboa 09](#), as divisións do CNAE cunha porcentaxe de mulleres superior ao 80% da [táboa 13](#) correspondentes ao ano 2014, seguen sendo as mesmas, **incluíndose o CNAE 97, Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico, ao contabilizarse como cotizantes estes traballadores**. Salvo no caso dos *Outros servizos persoais*, en todas as divisións anteriores o número de mulleres aumentou. Nas actividades en que a porcentaxe de mulleres varía entre o 60 e o 80%, seguen as mesmas divisións do CNAE con pequenas variacións nas porcentaxes salvo dúas excepcións: a 01 correspondente a *agricultura, gandería...* descende do 60,50% ao 54,26% e a 94, *Actividades asociativas*, aumenta do 58,69% ao 60,08%.

En canto ás actividades con menor porcentaxe de traballadoras da [táboa 14](#), seguen sendo as mesmas divisións do CNAE que a [táboa 10](#) que se refire ao ano 2009, con pequenas variacións, polo xeral, nas porcentaxes; sendo a máis destacable a que ocorre na 02, *Silvicultura e explotación forestal* en que a porcentaxe de mulleres diminúe do 18,33% no 2009 ao 10,20% no 2014.

DIVISIÓNS (maior porcentaxe de mulleres)				
CNAE	CNAE Texto	Homes	Mulleres	% M/T
09	Actividades de apoio ás industrias extractivas	0	1	100,00%
97	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	883	27.130	96,85%
87	Asistencia en establecementos residenciais	1.067	8.600	88,96%
88	Actividades de servizos sociais sen aloxamento	1.515	8.025	84,12%
96	Outros servizos persoais	1.725	8.534	83,19%
14	Confeción de roupa de vestir	1.618	7.014	81,25%
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	4.974	17.353	77,72%
79	Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes	248	858	77,58%
86	Actividades sanitarias	12.532	39.028	75,69%
47	Comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas	22.452	52.102	69,88%

75	Actividades veterinarias	265	554	67,64%
85	Educación	11.158	22.813	67,16%
66	Actividades auxiliares dos servizos financeiros e aos seguros	1.035	2.034	66,28%
69	Actividades xurídicas e de contabilidade	3.364	6.586	66,19%
55	Servizos de aloxamento	2.456	4.751	65,92%
56	Servizos de comidas e bebidas	15.457	25.909	62,63%
70	Actividades das sedes centrais; actividades de consultaría de xestión empresarial	988	1.599	61,82%
82	Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	3.564	5.720	61,61%
13	Industria téxtil	535	839	61,03%
94	Actividades asociativas	2.444	3.677	60,08%
68	Actividades inmobiliarias	944	1.328	58,45%
91	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	148	197	57,18%
74	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	1.886	2.502	57,02%
10	Industria da alimentación	10.778	13.204	55,06%
99	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	12	14	55,05%

Táboa 13. Afiliados cotizantes no ano 2014 por división do CNAE con maior porcentaxe de mulleres.

DIVISIÓNS (maior porcentaxe de homes)				
CNAE	CNAE Texto	Homes	Mulleres	% M/T
06	Extracción de cru de petróleo e gas natural	14	0	0,00%
43	Actividades de construción especializada	25.787	2.360	8,38%
24	Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	3.649	337	8,46%
42	Enxeñaría civil	3.401	337	9,00%
08	Outras industrias extractivas	1.763	178	9,18%
02	Silvicultura e explotación forestal	2.160	246	10,20%
41	Construción de edificios	14.976	1.730	10,36%
50	Transporte marítimo e por vías navegables interiores	758	93	10,91%
30	Fabricación doutro material de transporte	5.094	650	11,31%
28	Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	3.476	451	11,48%
49	Transporte terrestre e por tubaxe	18.338	2.500	12,00%
25	Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	10.535	1.452	12,11%
80	Actividades de seguranza e investigación	4.273	604	12,39%
45	Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	13.252	2.009	13,16%
07	Extracción de minerais metálicos	50	8	13,40%
31	Fabricación de mobles	2.227	353	13,70%
35	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	1.896	311	14,09%
19	Coquerías e refinación de petróleo	605	100	14,17%

37	Recolla e tratamento de augas residuais	163	28	14,65%
16	Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestería e espartaría	5.665	1.121	16,52%
38	Recolla, tratamento e eliminación de residuos; valorización	3.380	669	16,52%
36	Captación, depuración e distribución de auga	1.164	231	16,54%
23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	4.864	974	16,68%
27	Fabricación de material e equipamento eléctrico	711	143	16,76%
29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	11.219	2.386	17,54%

Táboa 14 . Afiliados cotizantes no ano 2014 por división do CNAE con maior porcentaxe de homes.

En canto ás divisións do CNAE con maior número de traballadoras no 2014 da [táboa 15](#), son case as mesmas [ás do 2009](#) con lixeiras variacións nas cantidades. Como xa se indicou, agora contabilízanse como cotizantes o persoal traballador do CNAE 97, *Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico*, e non se inclúe na táboa o CNAE 71, *Servizos técnicos de arquitectura e enxeñería; ensaios e análises técnicos* ao diminuír moito o número de traballadoras, ocupando o seu lugar na táboa o CNAE 93, *Actividades deportivas, recreativas e de entretemento*, con 3.203 mulleres cotizantes en Galicia no 2014.

DIVISIÓNS (Maior número de mulleres)				
CNAE	CNAE Texto	Homes	Mulleres	% M/T
47	Comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas	22.452	52.102	69,88%
86	Actividades sanitarias	12.532	39.028	75,69%
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	25.939	29.154	52,92%
97	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	883	27.130	96,85%
56	Servizos de comidas e bebidas	15.457	25.909	62,63%
85	Educación	11.158	22.813	67,16%
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	4.974	17.353	77,72%
01	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	14.524	17.227	54,26%
10	Industria da alimentación	10.778	13.204	55,06%
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	24.288	10.956	31,09%
87	Asistencia en establecementos residenciais	1.067	8.600	88,96%
96	Outros servizos persoais	1.725	8.534	83,19%
88	Actividades de servizos sociais sen aloxamento	1.515	8.025	84,12%
14	Confección de roupa de vestir	1.618	7.014	81,25%
69	Actividades xurídicas e de contabilidade	3.364	6.586	66,19%
82	Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	3.564	5.720	61,61%
64	Servizos financeiros, salvo seguros e fondos de pensións	5.615	4.761	45,88%
55	Servizos de aloxamento	2.456	4.751	65,92%
03	Pesca e acuicultura	14.702	4.567	23,70%
78	Actividades relacionadas co emprego	3.658	4.061	52,61%
94	Actividades asociativas	2.444	3.677	60,08%
93	Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	3.473	3.203	47,98%

Táboa 15 . Afiliados cotizantes no ano 2014 por división do CNAE con maior número de mulleres.

Resultados

Nas [táboas 16](#) e [17](#) e os [gráficos 04](#) e [05](#) indícanse as enfermidades laborais, de homes e mulleres e a súa incidencia, dos anos 2009 ao 2014 segundo a situación laboral (con baixa ou sen baixa).

No que respecta ás enfermidades con baixa, estas diminúen tanto en homes como en mulleres entre os anos 2009 e 2013, aumentando no 2014. É de destacar que o número de traballadores con enfermidade laboral con baixa era superior ao de traballadoras nos anos 2009 e 2010 (e tamén en anos anteriores) e no 2011 e seguintes as mulleres teñen maior número de enfermidades laborais con baixa.

En canto ás enfermidades sen baixa, a evolución en homes e mulleres foi distinta. Mentres que nos traballadores mantívose con oscilacións nunha media moi próxima ao número do ano 2009 (285 casos), nas mulleres a tendencia xeral é en aumento, sendo os valores dos anos 2009 (127) e do ano 2014 (238) os valores mínimo e máximo do período respectivamente, aínda que manténdose inferior en número de casos aos homes, facendo que dende o ano 2013 a suma de enfermidades declaradas con e sen baixa das traballadoras supere ás dos traballadores.

Ano		2009		2010		2011		2012		2013		2014	
Situación		Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Sexo	Con baixa	470	391	429	374	330	352	269	322	236	285	256	332
	Sen baixa	285	127	240	145	332	230	286	190	265	218	298	238
Total		755	518	669	519	662	582	555	512	501	503	554	570

Táboa 16. Enfermidades laborais de homes e mulleres entre os anos 2009 e 2014 en Galicia.




Gráfico 04. Enfermidades laborais de homes e mulleres entre os anos 2009 e 2014 en Galicia.

Na [táboa 17](#) e no [gráfico 05](#), detállanse e representan os datos da incidencia das enfermidades. No gráfico apréciase que a diferenza da incidencia do total das enfermidades profesionais que

había no ano 2009, 138,54 nas mulleres por 165,87 nos homes, diminúe ata que no ano 2011 e seguintes mantéñense en valores moi similares, lixeiramente superiores nas mulleres, incrementándose a diferenza no 2014: 151,34 nas mulleres por 146,90 nos homes. Para ter unha referencia, os valores medios da incidencia total no período son de 149,25 nos homes e 144,54 nas mulleres. A maior diferenza na evolución da incidencia dáse nas enfermidades con baixa, que no ano 2009 tiñan valores de incidencia moi similares en homes e mulleres, 104,57 nas mulleres por 103,26 nos homes, separándose en anos posteriores: 90,44 nas mulleres por 68,14 nos homes, no ano 2012, e 88,13 nas mulleres e 67,88 nos homes, no ano 2014, sendo a evolución descendente ata o ano 2013 en que os valores da incidencia alcanzaron mínimos: 76,15 nas mulleres e 62,42 nos homes. Se a evolución da incidencia das enfermidades laborais con baixa foi, tanto en homes como en mulleres, descendente, nas enfermidades sen baixa a evolución foi ascendente cun incremento non monótono desde os valores do ano 2009: 33,97 nas mulleres e 62,61 nos homes ata 63,18 nas mulleres e 79,02 nos homes no 2014, cunha incidencia media no período de 51,79 nas mulleres e 69,61 nos homes.

Ano		2009		2010		2011		2012		2013		2014	
Situación		Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Sexo	Incidencia con baixa	103,26	104,57	97,96	101,20	78,18	96,02	68,14	90,44	62,42	76,15	67,88	88,13
	Incidencia sen baixa	62,61	33,97	54,81	39,24	78,65	62,74	72,45	53,37	70,09	58,25	79,02	63,18
Total		165,87	138,54	152,77	140,44	156,83	158,76	140,59	143,81	132,51	134,40	146,90	151,31

Táboa 17. Incidencia das enfermidades laborais de homes e mulleres entre os anos 2009 e 2014 en Galicia.




Gráfico 05. Incidencia das enfermidades laborais de homes e mulleres entre os anos 2009 e 2014 en Galicia.

A evolución das enfermidades por sectores, tanto con baixa como sen ela, indícanse na [táboa 18](#), representándose nos [gráficos 6](#) e [7](#) o total de enfermidades por sectores de homes e mulleres respectivamente. Como se observa nos gráficos, a evolución das enfermidades de cada sexo son diferentes, tendo en conta ademais que na agricultura, pesca e a construción as traballadoras non teñen un número de casos significativos que permita facer unha valoración da súa evolución. O total das enfermidades laborais declaradas nas mulleres mantivéronse en valores próximos entre os anos 2009 e 2013, cunha media de aproximadamente 527 casos por ano, mentres que o

descenso das enfermidades declaradas nos homes é evidente no [gráfico 06](#). No ano 2014, tanto nas mulleres como en homes prodúcese un repunte no número de casos, superior nas primeiras.

Nos servizos, sector en que o número de mulleres supera amplamente ao dos homes, a tendencia no número de casos de enfermidades laborais nas mulleres é claramente ao alza, aumentando non monótonamente desde os 305 casos no 2009 aos 387 no 2014, o que supón un incremento do 26,89%, sendo a evolución das enfermidades no sector case paralela ao total das enfermidades das mulleres. Nos homes as enfermidades mantivéronse no período en valores próximos a unha media de 134 casos. Na industria, se entre os anos 2009 (205) e 2011 (220) o total de enfermidades con baixa e sen baixa nas mulleres aumentaba, no 2012 (172) e o 2013 (155) disminuían, volvendo aumentar ata os 174 no ano 2014. Nos homes o descenso entre os 465 casos do ano 2009 e os 297 do 2013 é manifesto, aumentando ata os 325 casos no 2014, sendo a evolución das enfermidades no sector case paralela ao total de todos os sectores. No sector da construción, mentres que a media de casos das mulleres foi de 2, nos homes foron 94, diminuindo entre os anos 2009 (140) e 2013 (60), o que supón un 57,14% de diminución, aumentando no ano 2014 ata os 79 casos declarados.

Sectores	Sexo	Ano											
		2009		2010		2011		2012		2013		2014	
		Con baixa	Sen baixa	Con baixa	Sen baixa	Con baixa	Sen baixa	Con baixa	Sen baixa	Con baixa	Sen baixa	Con baixa	Sen baixa
Agricultura	Homes	4	0	3	2	2	6	2	1	4	2	5	4
	Mulleres	4	0	5	1	2	1	4	2	4	4	4	2
Pesca	Homes	9	2	10	2	6	3	3	5	18	10	14	8
	Mulleres	2	0	1	0	0	1	4	1	2	1	1	0
Industria	Homes	248	217	240	153	184	224	133	184	142	155	135	190
	Mulleres	153	52	171	48	143	77	110	62	89	66	95	79
Construción	Homes	105	35	72	34	56	40	59	25	25	35	41	38
	Mulleres	1	1	0	3	2	2	0	2	0	1	1	1
Servizos	Homes	104	31	104	49	82	59	72	71	47	63	61	58
	Mulleres	231	74	197	93	205	149	204	123	190	146	231	156

Táboa 18. Enfermidades laborais segundo sectores en homes e mulleres, anos 2009 a 2014.




Gráfico 06. Enfermidades laborais segundo sectores en homes, anos 2009 a 2014.




Gráfico 07. Enfermidades laborais segundo sectores en mulleres, anos 2009 a 2014.

A incidencia sectorial das enfermidades profesionais detállase na [táboa 19](#), sendo os [gráficos 08](#) e [09](#) a representación das enfermidades con e sen baixa nos diferentes sectores e no total das enfermidades. Como a incidencia describe o número de casos no grupo concreto de poboación, (enfermidades de traballadores dun sector determinado entre os traballadores afiliados en empresas dese sector), ponse de manifesto como hai sectores en que as enfermidades son máis frecuentes. A **industria** tanto en mulleres como en homes, e máis nas primeiras, é con diferenza o sector de maior incidencia das enfermidades profesionais e tamén é o sector, especialmente

entre os homes, onde máis claro resulta o incremento da incidencia das enfermidades sen baixa e o incremento das sen baixa.

A representación da incidencia nas traballadoras industriais lembra unha senoide, cun valor de 492,34 no 2009, un valor máximo de 563,09 no 2011 e un valor mínimo de 433,47 no 2013, sendo o valor do ano 2014 de 492,14, cun valor medio da incidencia destes seis anos de 498,09. A evolución da incidencia nos traballadores industriais é distinta cun descenso non monótono entre os anos 2009 (441,29) e 2013 (348,46) e aumento ata 390,14 no ano 2014, cunha media da incidencia de 392,20. O seguinte sector por maior incidencia de enfermidades nas traballadoras é o sector **servizos**, que mostra un comportamento lixeiramente ascendente aínda que de forma non monótona, desde un valor de 104,02 no ano 2009 a un valor de 122,90 no 2014 cun valor medio da incidencia de 111,23. A incidencia das enfermidades laborais nos homes é moito menor, sendo o segundo sector de menor incidencia, despois da agricultura, cun valor medio da incidencia no período de 59,55.

Os demais sectores teñen unha moito menor incidencia nas mulleres, podéndose destacar os valores algo máis elevados da incidencia no sector da pesca nos anos 2012 (98,83) e 2013 (62,91) para un valor medio da incidencia de 42,11. Nos traballadores da construción a media da incidencia nestes seis anos é de 155,17 con valores por encima e por baixo no período: 166,83 no 2009, 140,59 no 2013 e 178,87 no 2014. Destacar tamén, nos homes do sector da pesca a incidencia máis elevada dos anos 2013 (187,02) e 2014 (149,64) para un valor medio da incidencia de 149,25.

Sectores	Sexo	Año											
		2009		2010		2011		2012		2013		2014	
		Con baixa	Sen baixa	Con baixa	Sen baixa	Con baixa	Sen baixa	Con baixa	Sen baixa	Con baixa	Sen baixa	Con baixa	Sen baixa
Agricultura	Homes	21,71	0,00	17,01	11,34	11,47	34,41	11,79	5,90	24,34	12,17	29,97	23,98
	Mulleres	15,94	0,00	21,78	4,36	9,34	4,67	19,97	9,98	21,51	21,51	22,89	11,45
Pesca	Homes	52,90	11,76	61,62	12,32	37,41	18,71	19,08	31,80	120,22	66,79	95,23	54,41
	Mulleres	32,04	0,00	18,03	0,00	0,00	18,98	79,07	19,77	41,94	20,97	21,90	0,00
Industria	Homes	235,35	205,94	239,44	152,64	192,65	234,53	148,55	205,51	166,60	181,86	162,06	228,08
	Mulleres	367,45	124,89	425,00	119,30	366,01	197,08	296,23	166,97	248,90	184,57	268,70	223,44
Construción	Homes	125,12	41,71	96,30	45,48	86,32	61,66	113,60	48,14	55,76	78,06	92,83	86,04
	Mulleres	12,93	12,93	0,00	42,69	31,86	31,86	0,00	37,38	0,00	21,47	22,59	22,59
Servizos	Homes	45,13	13,45	45,41	21,39	35,92	25,85	32,64	32,18	21,70	29,09	27,95	26,57
	Mulleres	78,78	25,24	67,06	31,66	69,59	50,58	70,72	42,64	61,19	47,02	73,36	49,54

Táboa 19. Incidencia das enfermidades laborais segundo sector e sexo, con e sen baixa entre os anos 2009 ao 2014.




Gráfico 08. Incidencia das enfermidades segundo sectores en homes, anos 2009 a 2014.




Gráfico 09. Incidencia das enfermidades segundo sectores nas mulleres, anos 2009 a 2014.

Nas [táboas da 20](#) á [22](#) e os [gráficos 10](#) ao [12](#), móstranse os datos dos traballadores con enfermidades en que a variable de agrupación, a que nos interesa para a análise, é a idade das mulleres e homes afectados.

Ao dispoñer de datos por idade de afiliados cotizantes do ano 2014 obtéñense os datos da incidencia das enfermidades en cada grupo de idade. Isto é importante, xa que a cifra absoluta de enfermos en cada tramo de idade non ten en conta a distribución de traballadores, que referida ao ano 2014, e en forma de *pirámide poboacional*, pódese observar no [gráfico 02](#).

Nas [táboas 20](#) e [21](#) detállanse as enfermidades profesionais e a súa incidencia nos diferentes tramos de idade de homes, mulleres e o total de ambos. Polos datos da incidencia na [táboa 21](#), obsérvase que a incidencia das enfermidades profesionais é maior nas mulleres en case todos os tramos de idade salvo no de 35 a 39 anos e no de 55 a 59 anos, ademais destes tamén é inferior nos tramos de: maiores de 65 anos e entre 16 e 19 anos, pero son tramos de idade con moi poucos casos. Existe outra gran diferenza segundo o sexo dos traballadores: se **nas mulleres as enfermidades con baixa** teñen maior incidencia que nos homes e presentan maior número de casos que **as sen baixa, nos homes** é xusto ao contrario, maior incidencia das **enfermidades sen baixa** que nas mulleres e maior número de casos de enfermidade **sen baixa que con baixa**, sendo o **total de casos** declarados nas mulleres superior aos dos homes, 570 nas primeiras por 554 nos últimos.

No [gráfico 10](#) represéntanse a incidencia das enfermidades por sexo en cada grupo de idade. Obsérvase que os valores máximos (agás nos homes maiores de 65 anos) alcánzanse nos tramos de 45 a 49 anos e de 50 a 54 que non son os grupos de idade con maior número de afiliados cotizantes. Sendo o valor máximo da incidencia nas mulleres o do tramo de idade de 50 a 54 anos.

Grupos de idade	Homes			Mulleres			Total		
	Sen baixa	Con baixa	Total	Sen baixa	Con baixa	Total	Sen baixa	Con baixa	Total
De 16 a 19 anos	0	1	1	0	0	0	0	1	1
De 20 a 24	4	2	6	3	3	6	7	5	12
De 25 a 29	17	10	27	14	21	35	31	31	62
De 30 a 34	31	31	62	33	34	67	64	65	129
De 35 a 39	56	48	104	33	52	85	89	100	189
De 40 a 44	40	47	87	32	54	86	72	101	173
De 45 a 49	55	51	106	46	64	110	101	115	216
De 50 a 54	47	36	83	46	53	99	93	89	182
De 55 a 59	34	18	52	21	31	52	55	49	104
De 60 a 64	11	11	22	10	19	29	21	30	51
Maiores de 65	3	1	4	0	1	1	3	2	5

Táboa 20. Enfermidades laborais con e sen baixa segundo grupos de idade e sexo no ano 2014.

Grupos de idade	Homes			Mulleres			Total		
	Sen baixa	Con baixa	Total	Sen baixa	Con baixa	Total	Sen baixa	Con baixa	Total
De 16 a 19 anos	0,00	71,47	71,47	0,00	0,00	0,00	0,00	42,00	42,00
De 20 a 24	27,25	13,63	40,88	21,77	21,77	43,54	24,60	17,57	42,16
De 25 a 29	51,65	30,38	82,04	39,40	59,10	98,49	45,29	45,29	90,58
De 30 a 34	61,16	61,16	122,32	64,07	66,01	130,07	62,62	63,60	126,23
De 35 a 39	89,22	76,47	165,69	53,30	83,99	137,28	71,38	80,20	151,58
De 40 a 44	68,49	80,48	148,98	56,52	95,37	151,89	62,60	87,81	150,41
De 45 a 49	104,38	96,79	201,18	88,81	123,56	212,38	96,66	110,06	206,73
De 50 a 54	101,90	78,05	179,95	100,80	116,14	216,94	101,35	96,99	198,35
De 55 a 59	98,15	51,96	150,11	59,47	87,79	147,27	78,63	70,05	148,67
De 60 a 64	52,74	52,74	105,49	45,24	85,96	131,20	48,88	69,83	118,72
Maiores de 65	194,89	64,96	259,85	0,00	44,26	44,26	78,97	52,65	131,62

Táboa 21. Incidencia das enfermidades con e sen baixa en homes e mulleres segundo grupos de idade no ano 2014.




Gráfico 10. Incidencia das enfermidades segundo sexo e grupos de idade, ano 2014.

Ao non dispoñer de datos de persoal traballador cotizante polas contingencias profesionais de anos anteriores ao 2014 utilizáronse os datos da enquisa de poboación activa (EPA) dispoñibles no [I.G.E.](#) Na [táboa 22](#) móstranse os datos calculados das taxas de enfermidade de cada grupo de idade, tanto para homes como para mulleres nun período de cinco anos, do 2010 ao 2014. Como se pode comprobar ao comparar coa [táboa 21](#), a taxa de enfermidade é inferior á incidencia, pero as conclusións que se poden obter son as mesmas.

Da [táboa 21](#) e dos [gráficos 11](#) e [12](#) obsérvase como desde o 2010 ao 2014 os grupos de idade en que a taxa de enfermidade das mulleres é superior á dos homes aumentando ano a ano, de 3 grupos no 2010 a 7 no 2014, alcanzando valores máis altos que nos homes. En canto aos grupos concretos, o grupo de 45 a 49 anos tivo sempre unha taxa de enfermidade superior nas mulleres no período e os grupos de 25 a 29 e de 30 a 34, en catro dos cinco anos.

Grupos de idade	2010		2011		2012		2013		2014	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
De 16 a 19 anos	29,70	29,41	21,74	17,86	0,00	0,00	21,28	0,00	21,28	0,00
De 20 a 24	42,25	37,68	7,48	50,31	10,61	14,93	57,14	22,36	17,96	20,98
De 25 a 29	57,22	43,72	44,84	64,88	63,66	86,57	36,42	52,63	44,41	58,92
De 30 a 34	80,12	82,35	94,12	113,01	114,57	96,77	63,71	69,69	71,35	82,31
De 35 a 39	129,47	89,69	109,74	95,29	94,32	94,98	72,37	78,11	100,00	87,36
De 40 a 44	105,86	119,90	106,75	129,72	90,23	78,86	96,77	85,56	87,79	94,92
De 45 a 49	99,22	154,26	101,35	110,83	84,42	111,37	92,02	94,94	115,59	131,42
De 50 a 54	129,23	106,48	120,63	110,95	105,91	123,29	79,27	143,47	100,48	140,03
De 55 a 59	117,26	51,04	133,23	77,41	67,47	58,74	86,21	111,76	80,75	95,94
De 60 a 64	52,02	27,12	86,05	40,37	27,27	27,61	51,21	49,83	62,32	94,77
Maiores de 65	32,26	0,00	72,73	0,00	11,17	0,00	32,26	0,00	66,67	22,22

Táboa 22. Taxa de enfermidades de homes e mulleres segundo grupos de idade, anos 2010 ao 2014. Datos de poboación activa do [IGE](#).




Gráfico 11. Taxa das enfermidades nos homes segundo grupo de idade, ano 2010 ao 2014.




Gráfico 12. Taxa das enfermidades nas mulleres segundo grupo de idade, ano 2010 ao 2014.

Nas [táboas 23](#) e [24](#) móstranse os datos dispoñibles sobre o persoal traballador con partes de enfermidade profesional nos anos 2009 e 2014. Aínda que a asignación aos distintos grupos da Clasificación nacional de ocupacións ([CNO](#)) melloraron bastante entre os anos 2009 e 2014, o número de partes dos que non se dispón de información respecto da ocupación, fai que as

conclusións que se poidan sacar, especialmente dos datos do ano 2009 débense tomar con reservas. Entre estes anos produciuse un cambio no código empregado, utilizándose desde o 2011 o CNO 2011 o cal supón unha modernización do antigo CNO 94 empregado ata entón, aínda que as variacións non supoñen cambios importantes no número de traballadores dentro de cada grupo.

Respecto ao ano **2009**, entre as traballadoras a maior porcentaxe das enfermidades sen baixa danse no grupo de traballadoras de *Servizos de restauración, serv. persoais, de protección e vendedoras* co 19,69% do total sen baixa, seguidas do grupo de *Traballadoras cualificadas da industria manufacturera* co 18,11% e en terceiro lugar co 9,45% as *Traballadoras non cualificadas*. Entre as traballadoras con enfermidades con baixa, a maior porcentaxe dáse entre as *Traballadoras cualificadas da industria manufacturera* co 32,99%, seguidas co 16,62% polas *Traballadoras de servizos de restauración, serv. persoais, de protección e vendedoras* e en terceiro lugar as *Traballadoras non cualificadas* co 14,32%.

Entre os traballadores con partes de enfermidade notificados no 2009, as maiores porcentaxes de enfermidade sen baixa dáse entre os *Traballadores cualificados das industrias manufactureras* co 42,11%, seguidos polos *Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores* co 7,02% e os *Traballadores non cualificados* co 4,56%. Os traballadores con baixas por enfermidade laboral déronse principalmente entre os *Traballadores cualificados das industrias manufactureras* co 46,60%, os *Traballadores non cualificados* co 13,40% (unha porcentaxe significativamente superior aos sen baixa) e os *Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores* co 9,57%.

No ano **2014**, as traballadoras con maior número de enfermidades sen baixa foron as dos *Servizos de restauración, serv. persoais, de protección e vendedoras* co 33,19% do total sen baixa, porcentaxe este moi superior ao que se deu no 2009. As *Traballadoras cualificadas das industrias manufactureras* teñen unha porcentaxe de enfermidades sen baixa do 15,97%, lixeiramente inferior ao do grupo equivalente no 2009. Nas *Ocupacións elementais*, equivalente ás *Traballadoras non cualificadas*, a porcentaxe do 15,97% é superior ao do ano 2009, do mesmo xeito que nas *Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras* que o 12,61% do 2014 é superior ao 8,66% do 2009. Nas enfermidades con baixa, destaca o cambio de porcentaxes nas *Traballadoras dos servizos de restauración, serv. persoais, de protección e vendedoras* que agora teñen o 30,72% do total das enfermidades con baixa (antes o 16,62%) e as *Traballadoras cualificadas das industrias manufactureras* que no 2014 teñen unha porcentaxe de enfermidades do 13,86% e no 2009 era do 32,99%. Tamén se pode destacar o lixeiro aumento do grupo das traballadoras con *Ocupacións elementais*, o 16,87% das enfermidades con baixa no 2014 respecto ao 14,32% das *Traballadoras non cualificadas* no 2009 e o incremento da porcentaxe das *Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras* do 6,14% no 2009 ao 10,54% no 2014.

Entre os traballadores con enfermidades sen baixa no ano 2014, o principal grupo por número de casos segue sendo o dos *Traballadores cualificados das industrias manufactureras* cunha porcentaxe moi similar ao do ano 2009, o 43,29% do total das enfermidades sen baixa entre os homes. Un maior incremento ten o grupo dos *Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores* que do 7,02% no 2009 aumentan a un 17,45% no 2014. Mención aparte para os *Traballadores cualificados da agricultura e a pesca*, que dunha porcentaxe case insignificante do 0,70% no ano 2009, increméntase ata un 4,36% no 2014. Nos traballadores con baixa, o grupo con maior cantidade de baixas por enfermidade profesional segue sendo o dos *Traballadores cualificados das industrias manufactureras*, cunha porcentaxe do 38,28%, algo menor que no 2009, seguidos dos *Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores* co 18,75%, case duplicando o 9,57% do ano 2009. Os traballadores con *Ocupacións elementais* teñen practicamente o mesmo porcentaxe de enfermidades con baixa no 2014, o 13,28% que o grupo equivalente dos *Traballadores non cualificados* no ano 2009, o 13,40%. Tamén se debe destacar o incremento de porcentaxe de enfermidades con baixa nos *Traballadores dos servizos de restauración, serv. persoais, de protección e vendedores* que dunha porcentaxe do 0,64% das enfermidades con baixa no 2009 aumentan no 2014 ata un 6,64%.

	CNO_(94)	Homes			Mulleres		
		Sen baixa	Con baixa	Total	Sen baixa	Con baixa	Total
2009	Forzas Armadas	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
	Dirección empresas e administracións públicas	0,00%	0,00%	0,00%	0,79%	0,26%	0,39%
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	1,05%	0,64%	0,79%	1,57%	4,35%	3,67%
	Técnicos e profesionais de apoio	2,46%	1,70%	1,99%	0,00%	1,28%	0,97%
	Empregados de tipo administrativo	1,75%	0,21%	0,79%	0,79%	3,32%	2,70%
	Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	3,51%	0,64%	1,72%	19,69%	16,62%	17,37%
	Traballadores cualificados na agricultura e pesca	0,70%	3,19%	2,25%	0,00%	1,28%	0,97%
	Artesáns e traballad. cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	42,11%	46,60%	44,90%	18,11%	32,99%	29,34%
	Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	7,02%	9,57%	8,61%	8,66%	6,14%	6,76%
	Traballadores non cualificados	4,56%	13,40%	10,07%	9,45%	14,32%	13,13%
Non consta	36,84%	24,04%	28,87%	40,94%	19,44%	24,71%	
	100%	100%	100%	100%	100%	100%	

Táboa 23. Enfermidades de homes e mulleres segundo a ocupación no ano 2009.

	CNO_(2011)	Homes			Mulleres		
		Sen baixa	Con baixa	Total	Sen baixa	Con baixa	Total
2014	Ocupacións militares	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
	Directores e xerentes	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	0,67%	2,73%	1,62%	3,78%	7,83%	6,14%
	Técnicos e profesionais de apoio	4,36%	0,78%	2,71%	2,10%	3,01%	2,63%
	Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina	1,01%	0,39%	0,72%	1,68%	4,82%	3,51%
	Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	5,37%	6,64%	5,96%	33,19%	30,72%	31,75%
	Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro	4,36%	5,86%	5,05%	1,26%	1,20%	1,23%
	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións)	43,29%	38,28%	40,97%	15,97%	13,86%	14,74%
	Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	17,45%	18,75%	18,05%	12,61%	10,54%	11,40%
	Ocupacións elementais	6,04%	13,28%	9,39%	15,97%	16,87%	16,49%
Non consta	17,45%	13,28%	15,52%	13,45%	11,14%	12,11%	
	100%	100%	100%	100%	100%	100%	

Táboa 24. Enfermidades de homes e mulleres segundo a ocupación no ano 2014.

Nas [táboas 25](#) á [28](#) indícanse a frecuencia e a incidencia das actividades a dous díxitos do CNAE nos que a frecuencia das enfermidades nas mulleres é maior, correspondendo as dúas primeiras á frecuencia e incidencia no ano 2009 e as dúas últimas á frecuencia e incidencia no ano 2014.

A [táboa 25](#) está ordenada polos códigos CNAE con maior número de enfermidades declaradas, indicándose ademais a porcentaxe das traballadoras afectadas en relación ao total e a proporción entre ou número de enfermidades de mulleres e homes. Para destacar as diferenzas entre unhas actividades económicas e outras respecto da frecuencia de enfermidades laborais das traballadoras destácanse con cor aquelas con maiores frecuencias.

O indicado no parágrafo anterior queda máis claro ao observar na táboa como entre as cinco primeiras actividades económicas con maior número de traballadoras con enfermidades declaradas, só nas dúas primeiras: 10-*Industria da alimentación* e 47-*Comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas* a proporción de mulleres do total de afectados supera o 60%. Outras actividades cun número importante de traballadoras afectadas e que teñen un número importante de traballadoras cotizantes, tal como indícase na [táboa 09](#) son: 86-*Actividades sanitarias*, 81-*Servizos a edificios e actividades de xardinería*, 56-*Servizos de comidas e bebidas*, 96-*Outros servizos persoais* e 14-*Confección de pezas de vestir*.

Para saber se nas actividades con maior número de enfermidades entre as traballadoras, é porque son actividades en que estas son maioría entre o persoal cotizante, ou pode haber algo máis, utilízase a [táboa 26](#). Nesta táboa calcúlanse as incidencias das enfermidades laborais en cada actividade económica e háxase a proporción entre mulleres e homes cunha enfermidade declarada e obtense que en todas as actividades as mulleres teñen maior incidencia de enfermidades que os homes. Nesta táboa destácanse con cor as actividades en que a proporción entre a incidencia das enfermidades de mulleres e homes é superior a 2, correspondendo a maioría das cales a actividades da [táboa 09](#) cunha porcentaxe de traballadoras superior ao 60%: **86, 56, 96, 85, 55, 01, 87 e 73**, agás algunhas excepcións: 52-*Almacenamento e actividades anexas ao transporte*, 22-*Fabricación de produtos de caucho e plásticos*, 46- *Comercio por xunto e intermediarios do comercio, excepto de vehículos de motor e motocicletas* e 29-*Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques*, en que un menor número de traballadoras ten unha maior incidencia de enfermidades laborais.

ENFERMIDADES 2009					
CNAE	Homes	Mulleres	Total	% M/Tot.	Propor. M/H
10	42	97	139	69,78%	2,31
47	21	88	109	80,73%	4,19
46	28	34	62	54,84%	1,21
29	69	31	100	31,00%	0,45
23	84	29	113	25,66%	0,35
86	4	28	32	87,50%	7,00
81	7	27	34	79,41%	3,86
84	17	27	44	61,36%	1,59
56	4	24	28	85,71%	6,00
96	0	18	18	100,00%	-
14	2	16	18	88,89%	8,00
85	2	10	12	83,33%	5,00
52	7	9	16	56,25%	1,29
55	0	7	7	100,00%	-
25	40	6	46	13,04%	0,15
78	3	6	9	66,67%	2,00
22	6	5	11	45,45%	0,83
1	0	4	4	100,00%	-
73	0	4	4	100,00%	-
87	0	4	4	100,00%	-
Suma	336	474	810		
% Total	44,50%	91,51%	63,63%		

Táboa 25. CNAE con maior frecuencia de enfermidades nas mulleres no ano 2009.

INCIDENCIA 2009				
CNAE	CNAE Texto	Homes	Mulleres	Propor. Incid. M/H
10	Industria da alimentación	395,26	726,56	1,84
47	Comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas	92,96	170,08	1,83
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	102,77	236,53	2,30
29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	511,40	1127,14	2,20
23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	939,62	1718,43	1,83
86	Actividades sanitarias	30,22	71,65	2,37
81	Servizos a edificios e actividades de xardinería	123,93	148,66	1,20
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	56,92	77,86	1,37
56	Servizos de comidas e bebidas	32,61	99,19	3,04
96	Outros servizos persoais	0,00	194,01	-
14	Confección de roupa de vestir	116,00	169,47	1,46
85	Educación	21,28	55,18	2,59
52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	96,03	364,63	3,80
55	Servizos de aloxamento	0,00	136,53	-
25	Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	273,96	324,68	1,19
78	Actividades relacionadas co emprego	97,49	151,54	1,55
22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos	200,98	623,64	3,10
01	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	0,00	16,29	-
73	Publicidade e estudos de mercado	0,00	175,91	-
87	Asistencia en establecementos residenciais	0,00	61,27	-

Táboa 26. Incidencia nos CNAE con maior frecuencia de enfermidades nas mulleres no ano 2009.

As [táboas 27](#) e [28](#) mostran datos correspondentes ao ano 2014 das actividades nas que as traballadoras declaran máis enfermidades e a súa incidencia, como as anteriores [táboas 24](#) e [25](#) o eran do ano 2009. A maioría das actividades que aparecían na [táboa 25](#) tamén están na táboa [27](#), aínda que con variación no número de mulleres e homes afectados, desaparecendo algunhas ao ter un número de traballadoras menor do límite inferior da táboa do ano 2014 e aparecendo outras que non superaban o límite inferior da táboa do 2009. As actividades económicas con maiores variacións son as seguintes:

- Con incrementos: 86-*Actividades sanitarias*, de 28 a 54 traballadoras afectadas, 84-*Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria*, de 27 a 51, 96-*Outros servizos persoais*, de 18 a 33, 47-*Comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas*, de 88 a 103, 29-*Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques*, de 31 a 40 e 82-*Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas*, que de non aparecer na [táboa 25](#), na [27](#) constan 13 traballadoras afectadas.
- Con diminucións: 23-*Fabricación doutros produtos minerais non metálicos*, de 29 a 5, 46-*Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas*, de 34 a 13, 10-*Industria da alimentación*, de 97 a 80, 56-*Servizos de comidas e bebidas*, de 24 a 16, e as traballadoras dedicadas ás actividades de *Almacenamento e actividades anexas ao transporte* (código 52), que no ano 2009 tiñan 9 casos de enfermidade profesional e no 2014 non aparecen na táboa.

A incidencia das enfermidades laborais nas actividades con maior número de casos no ano 2014 indícase na [táboa 28](#). Salvo na actividade 23-*Fabricación doutros produtos minerais non metálicos* e na 81-*Servizos a edificios e actividades de xardinería*, en todas as demais actividades desta táboa, a incidencia das enfermidades entre as mulleres é maior que entre os homes ou dito doutra forma, a proporción entre a incidencia nas mulleres e nos homes é maior que 1.

Como xa se indicou para as [táboas 25](#) e [27](#), hai algunhas actividades que só aparecen nunha delas ao ter un número de enfermidades por baixo do límite que se tomou para ter unhas táboas de tamaño manexable, isto tamén ocorre nas táboas de incidencia ao ser derivadas das anteriores.

Hai un pequeno número de actividades que destacan por manter un nivel de incidencia máis alto que a maioría tanto no ano 2009 como no 2014, estas son: 29- *Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques*, 10-*Industria da alimentación*, 22-*Fabricación de produtos de caucho e plásticos* e 23-*Fabricación doutros produtos minerais non metálicos*, sendo nestas dúas últimas onde a incidencia entre as mulleres diminuíu, especialmente nesta última onde o fai por baixo da incidencia masculina.

As actividades en que a variación da incidencia foi maior son as seguintes:

- Con maior incremento: 29-*Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques*, de 1127,14 a 1676,39, 22-*Fabricación de produtos de caucho e plásticos*, de 623,64 a 857,65, 25- *Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento*, de 324,68 a 551,06 e 96-*Outros servizos persoais*, de 194,01 a 386,68.
- Con maior diminución: 23-*Fabricación doutros produtos minerais non metálicos*, de 1718,43 a 513,43, 10-*Industria da alimentación*, de 726,56 a 605,90, 46-*Comercio por xunto e intermediarios de comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas*, de 236,53 a 118,65 e 56-*Servizos de comidas e bebidas*, de 99,19 a 61,75.

As actividades en que a proporción da incidencia entre mulleres e homes variou máis:

- Con maior incremento: 14-*Confección de roupa de vestir*, de 1,46 a 4,84, 78-*Actividades relacionadas co emprego*, de 1,55 a 3,90, 84-*Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria*, de 1,37 a 2,84 e 47-*Comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas*, de 1,83 a 2,61.
- Con maior diminución: 22-*Fabricación de produtos de caucho e plásticos*, de 3,10 a 1,27, 23-*Fabricación doutros produtos minerais non metálicos*, de 1,83 a 0,44, 86-*Actividades sanitarias*, de 2,37 a 1,58 e 81-*Servizos a edificios e actividades de xardinería*, de 1,20 a 0,57.

ENFERMIDADES 2014					
CNAE	Homes	Mulleres	Total	% M/Tot.	Propor. M/H
47	17	103	120	85,83%	6,06
10	26	80	106	75,47%	3,08
86	11	54	65	83,08%	4,91
84	16	51	67	76,12%	3,19
29	73	40	113	35,40%	0,55
96	1	33	34	97,06%	33,00
81	14	28	42	66,67%	2,00
14	1	21	22	95,45%	21,00
56	6	16	22	72,73%	2,67
85	3	15	18	83,33%	5,00
87	1	15	16	93,75%	15,00
46	11	13	24	54,17%	1,18
78	3	13	16	81,25%	4,33
82	2	13	15	86,67%	6,50
25	43	8	51	15,69%	0,19
01	5	6	11	54,55%	1,20
22	15	6	21	28,57%	0,40
23	57	5	62	8,06%	0,09
88	0	5	5	100%	-
94	0	5	5	100%	-
Suma	305	530	835		
% Total	55,05%	92,98%	74,29%		

Táboa 27. CNAE con maior frecuencia de enfermidades nas mulleres no ano 2014.

INCIDENCIA 2014				
CNAE	CNAE Texto	Homes	Mulleres	Propor Incid. M/H
47	<i>Comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas</i>	75,72	197,69	2,61
10	<i>Industria da alimentación</i>	241,24	605,90	2,51
86	<i>Actividades sanitarias</i>	87,77	138,36	1,58
84	<i>Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria</i>	61,68	174,93	2,84
29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	650,68	1676,39	2,58
96	<i>Outros servizos persoais</i>	57,98	386,68	6,67
81	<i>Servizos a edificios e actividades de xardinaria</i>	281,48	161,36	0,57
14	<i>Confección de roupa de vestir</i>	61,80	299,41	4,84
56	<i>Servizos de comidas e bebidas</i>	38,82	61,75	1,59
85	<i>Educación</i>	26,89	65,75	2,45
87	<i>Asistencia en establecementos residenciais</i>	93,72	174,43	1,86
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	45,29	118,65	2,62
78	<i>Actividades relacionadas co emprego</i>	82,02	320,10	3,90
82	<i>Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas</i>	56,11	227,26	4,05
25	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	408,15	551,06	1,35
01	<i>Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas</i>	34,43	34,83	1,01
22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos	677,33	857,65	1,27
23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	1171,88	513,43	0,44
88	<i>Actividades de servizos sociais sen aloxamento</i>	0	62,304	-
94	<i>Actividades asociativas</i>	0	135,965	-

Táboa 28. Incidencia nos CNAE con maior frecuencia de enfermidades nas mulleres no ano 2014.

Nas [táboas 29](#) e [30](#) indícanse as enfermidades con baixa e sen baixa de homes e mulleres no ano 2009 nas actividades con maior número de enfermidades profesionais nas mulleres. Destácanse en cor aquelas actividades en que a porcentaxe de enfermidades con baixa respecto do total é superior nun dos sexos e tamén cando a porcentaxe de enfermidades con baixa é inferior ás sen baixa.

Nas táboas anteriores obsérvase que o número de actividades en que a porcentaxe de enfermidades con baixa supera ao outro sexo é moi similar en mulleres e homes, sendo a porcentaxe de enfermidades con baixa respecto ao total, nas actividades destas táboas, lixeiramente superior nas mulleres, un 75,53%, en relación aos homes, un 69,64%.

Na [táboa 31](#) indícase para o ano 2009, a incidencia das de enfermidades con baixa e sen baixa, tanto de homes como de mulleres en actividades con maior frecuencia de enfermidades nas traballadoras. Esta táboa engade un nivel máis de detalle á [táboa 26](#), na cal se podía comprobar que a incidencia en todas estas actividades era superior nas mulleres que nos homes. Na [táboa 31](#), só na incidencia de enfermidades con baixa na actividade, 25-Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento e nas enfermidades sen baixa, nas actividades 84-Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria e 81-Servizos a edificios e actividades de xardinaria é menor nas mulleres que nos homes.

Enfermidades 2009		HOMES			
CNAE	CNAE Texto	Con Baixa	Sen Baixa	Total	%CB/Tot.
10	Industria da alimentación	38	4	42	90,48%
47	Comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas	15	6	21	71,43%
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	22	6	28	78,57%
29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	55	14	69	79,71%
23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	42	42	84	50,00%
86	Actividades sanitarias	3	1	4	75,00%
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaria	3	4	7	42,86%
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	14	3	17	82,35%
56	Servizos de comidas e bebidas	3	1	4	75,00%
96	Outros servizos persoais	0	0	0	-
14	Confección de roupa de vestir	2	0	2	100,00%
85	Educación	1	1	2	50,00%
52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	6	1	7	85,71%
55	Servizos de aloxamento	0	0	0	-
25	Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	25	15	40	62,50%
78	Actividades relacionadas co emprego	1	2	3	33,33%
22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos	4	2	6	66,67%
01	Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	0	0	0	-
73	Publicidade e estudos de mercado	0	0	0	-
87	Asistencia en establecementos residenciais	0	0	0	-

Táboa 29. Enfermidades nos homes no ano 2009, con e sen baixa, nos CNAE con maior número de casos nas mulleres.

Enfermidades 2009		MULLERES			
CNAE	CNAE Texto	Con Baixa	Sen Baixa	Total	%CB/Tot.
10	Industria da alimentación	81	16	97	83,51%
47	Comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas	62	26	88	70,45%
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	25	9	34	73,53%
29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	24	7	31	77,42%
23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	17	12	29	58,62%
86	Actividades sanitarias	28	0	28	100,00%
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaria	17	10	27	62,96%
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	24	3	27	88,89%
56	Servizos de comidas e bebidas	16	8	24	66,67%
96	Outros servizos persoais	13	5	18	72,22%
14	Confección de roupa de vestir	13	3	16	81,25%
85	Educación	8	2	10	80,00%
52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	8	1	9	88,89%
55	Servizos de aloxamento	5	2	7	71,43%
25	Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	3	3	6	50,00%
78	Actividades relacionadas co emprego	4	2	6	66,67%
22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos	2	3	5	40,00%
01	Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	4	0	4	100,00%
73	Publicidade e estudos de mercado	3	1	4	75,00%
87	Asistencia en establecementos residenciais	1	3	4	25,00%

Táboa 30. Enfermidades nos homes no ano 2009, con e sen baixa, nos CNAE con maior número de casos nas mulleres.

INCIDENCIA 2009		HOMES		MULLERES	
CNAE	CNAE Texto	Con Baixa	Sen Baixa	Con Baixa	Sen Baixa
10	Industria da alimentación	357,62	37,64	606,71	119,84
47	Comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas	66,40	26,56	119,83	50,25
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	80,74	22,02	173,92	62,61
29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	407,64	103,76	872,62	254,51
23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	469,81	469,81	1007,36	711,08
86	Actividades sanitarias	22,67	7,56	71,65	0,00
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaria	53,11	70,82	93,60	55,06
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	46,88	10,05	69,21	8,65
56	Servizos de comidas e bebidas	24,46	8,15	66,12	33,06
96	Outros servizos persoais	0,00	0,00	140,12	53,89
14	Confección de roupa de vestir	116,00	0,00	137,69	31,78
85	Educación	10,64	10,64	44,15	11,04
52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	82,31	13,72	324,12	40,51
55	Servizos de aloxamento	0,00	0,00	97,52	39,01
25	Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	171,22	102,73	162,34	162,34

78	Actividades relacionadas co emprego	32,50	64,99	101,03	50,51
22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos	133,98	66,99	249,45	374,18
01	Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	0,00	0,00	16,29	0,00
73	Publicidade e estudos de mercado	0,00	0,00	131,94	43,98
87	Asistencia en establecementos residenciais	0,00	0,00	15,32	45,96

Táboa 31. Incidencia das enfermidades no ano 2009, con e sen baixa, nos CNAE con maior número de casos nas mulleres.

Do mesmo xeito que nas [táboas 29](#) e [30](#), nas [táboas 32](#) e [33](#) indícanse as enfermidades con baixa e sen baixa para o ano 2014. A diferenza do ano 2009, o número de actividades en que a porcentaxe de enfermidades con baixa é maior nun dos sexos é claramente superior nas mulleres, 11 actividades para as mulleres por 7 nos homes.

As actividades que están en só unha das táboas son as seguintes: 87-Asistencia en establecementos residenciais, 82-Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas, 88-Actividades de servizos sociais sen aloxamento e 94-Actividades asociativas que só están na táboa do 2009 e 52-Almacenamento e actividades anexas ao transporte, 55-Servizos de aloxamento, 73-Publicidade e estudos de mercado e 87-Asistencia en establecementos residenciais que só están no 2014.

Facendo a comparación co 2009 da porcentaxe con baixa no total destas actividades en homes e mulleres nótase unha gran diminución da porcentaxe de enfermidades con baixa, especialmente nos homes: de 69,64% a 48,25% nos homes e 75,53% a 59,06% nas mulleres.

Como na [táboa 31](#), na [34](#) indícanse as incidencias con baixa e sen baixa das enfermidades laborais de homes e mulleres no ano 2014. Aínda que o número de enfermidades laborais diminuíu menos nas mulleres que nos homes, as actividades en que a incidencia entre as mulleres é maior diminuíu en relación ao 2009. Das 20 actividades da táboa, en catro a incidencia tanto con baixa como sen baixa é maior entre os homes, e en cinco actividades a incidencia é maior nas sen baixa; mentres que na [táboa 31](#), era unha actividade en enfermidades con baixa e dúas en enfermidades sen baixa.

Enfermidades 2014		Homes			
CNAE	CNAE Texto	Con Baixa	Sen Baixa	Total	%CB/Tot.
47	Comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas	10	7	17	58,82%
10	Industria da alimentación	12	14	26	46,15%
86	Actividades sanitarias	10	1	11	90,91%
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	9	7	16	56,25%
29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	36	37	73	49,32%
96	Outros servizos persoais	0	1	1	0,00%
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	8	6	14	57,14%
14	Confección de roupa de vestir	1	0	1	100,00%
56	Servizos de comidas e bebidas	1	5	6	16,67%
85	Educación	1	2	3	33,33%
87	Asistencia en establecementos residenciais	0	1	1	0,00%
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	5	6	11	45,45%
78	Actividades relacionadas co emprego	2	1	3	66,67%
82	Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	0	2	2	0,00%
25	Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	17	26	43	39,53%
01	Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	3	2	5	60,00%
22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos	7	8	15	46,67%
23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	25	32	57	43,86%
88	Actividades de servizos sociais sen aloxamento	2	3	5	40,00%
94	Actividades asociativas	3	2	5	60,00%

Táboa 32. Enfermidades nos homes no ano 2014, con e sen baixa, nos CNAE con maior número de casos nas mulleres.

Enfermidades 2014		Mulleres			
CNAE	CNAE Texto	Con Baixa	Sen Baixa	Total	%CB/Tot.
47	Comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas	56	47	103	54,37%
10	Industria da alimentación	45	35	80	56,25%
86	Actividades sanitarias	44	10	54	81,48%
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	27	24	51	52,94%
29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	27	13	40	67,50%
96	Outros servizos persoais	23	10	33	69,70%
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	17	11	28	60,71%
14	Confección de roupa de vestir	9	12	21	42,86%
56	Servizos de comidas e bebidas	8	8	16	50,00%
85	Educación	8	7	15	53,33%
87	Asistencia en establecementos residenciais	9	6	15	60,00%
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	7	6	13	53,85%
78	Actividades relacionadas co emprego	5	8	13	38,46%
82	Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	11	2	13	84,62%
25	Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	3	5	8	37,50%
01	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	4	2	6	66,67%
22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos	4	2	6	66,67%
23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	1	4	5	20,00%
88	Actividades de servizos sociais sen aloxamento	2	3	5	40,00%
94	Actividades asociativas	3	2	5	60,00%

Táboa 33. Enfermidades nas mulleres no ano 2014, con e sen baixa, nos CNAE con maior número de casos nas mulleres.

Incidenzia 2014		Homes		Mulleres	
CNAE	CNAE Texto	Con Baixa	Sen Baixa	Con Baixa	Sen Baixa
47	Comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas	79,79	55,86	143,49	120,43
10	Industria da alimentación	111,34	129,90	340,82	265,08
86	Actividades sanitarias	79,79	7,98	112,74	25,62
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	34,70	26,99	92,61	82,32
29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	320,88	329,80	1131,56	544,83
96	Outros servizos persoais	0,00	57,98	269,50	117,18
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	160,84	120,63	97,97	63,39
14	Confección de roupa de vestir	61,80	0,00	128,32	171,09
56	Servizos de comidas e bebidas	6,47	32,35	30,88	30,88
85	Educación	8,96	17,93	35,07	30,68
87	Asistencia en establecementos residenciais	0,00	93,72	104,66	69,77
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	20,59	24,70	63,89	54,76
78	Actividades relacionadas co emprego	54,68	27,34	123,11	196,98
82	Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	0,00	56,11	192,30	34,96
25	Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	161,36	246,79	206,65	344,41
01	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	20,66	13,77	23,22	11,61
22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos	316,09	361,24	571,77	285,88
23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	513,98	657,89	102,69	410,75
88	Actividades de servizos sociais sen aloxamento	132,04	198,06	24,92	37,38
94	Actividades asociativas	122,77	81,85	81,58	54,39

Táboa 34. Incidenzia das enfermidades no ano 2014, con e sen baixa, nos CNAE con maior número de casos nas mulleres.

Nas [táboas da 35 á 40](#) detállanse as porcentaxes de enfermidades profesións en cada grupo de idade de homes e mulleres, correspondendo as [táboas 35 e 36](#) ao total de enfermidades rexistradas entre os anos 2009 e 2014, as [táboas 37 e 38](#) ao 2009 e as [39 e 40](#) ao 2014. En cada táboa enmárcanse con liñas máis grosas os grupos de idade que superan o 10% de afectados, sendo o rango de idade para os homes, no total e no ano 2009, entre os 30 e 59 anos e nas mulleres entre os 30 e 54 anos, no total e no 2014.

Ademais do anterior, indícanse con cor nas táboas para cada grupo de enfermidade, as porcentaxes de enfermidade en cada grupo de idade que se consideraron máis destacables, tendo en conta o gran peso que ten o *grupo II* en canto ao número de casos, sendo máis escuro cando se quixo destacar o número absoluto de enfermidades. Hai que ter en conta ademais que un número pequeno de casos poden supoñer unha porcentaxe moi importante nas porcentaxes dun grupo de idade cun número total de enfermidades pequeno, polo que convén mirar de novo a [táboa 21](#) e os [gráficos 02 e 10](#) para poñer os datos en perspectiva.

As [táboas 35](#) e [36](#) corresponden ao total de enfermidades declaradas en cada grupo de idade para os 6 anos analizados, sendo a [táboa 35](#) a que corresponde aos traballadores e a [36](#) ás traballadoras.

No *grupo I*, indicar ademais da menor porcentaxe de mulleres afectadas, que estas se concentran máis nun rango de idade menor que nos homes, entre os 25 e os 49, e entre os 25 e 59 anos nos homes. De entre os grupos de idade con porcentaxes sinaladas con cor, destacar os de 25 a 29 e de 40 a 44 anos nas mulleres e os de 50 a 54 e 35 a 39 nos homes, con valores máis elevados. O total de casos nos homes foi de 168 casos por 113 entre as mulleres.

No *grupo II*, destacar nas mulleres o grupo de idade de 45 a 49 anos, co 88,03% do total de enfermidades dese grupo de idade e entre os homes o de 30 a 34 anos, co 81,68%, de enfermidades por axentes físicos a pesar da súa relativa mocidade. O total de casos entre os homes foi de 2.666 por 2.583 entre as mulleres.

No *grupo III* as mulleres presentan un maior número de casos 196, por 60 nos homes, destacando nestes últimos os grupos de idade de 30 a 34 e de 50 a 54 anos, e entre as mulleres os grupos de idade comprendidos entre os 25 e 39 anos, habendo a metade de casos entre os 60 a 64 anos que entre os 25 a 29.

No grupo *IV*, a diferenza de casos entre mulleres e homes é moi significativa, se nestes seis anos rexistráronse 100 casos entre as mulleres, entre os homes foron 619. Entre as mulleres o grupo de idade máis afectado é o de 50 a 54 anos, con menor porcentaxe os de 35 a 39 e de 40 a 44; pero é entre os homes dos 40 e 59 onde este grupo de enfermidade ten un número de casos importante: 470, o 75,93% do total.

O *grupo V* é outro dos grupos onde o número de casos nas mulleres, 211, supera ao dos homes, 161. Por grupos de idade, son destacables entre as mulleres, os comprendidos entre os 20 e 34 anos polo súa porcentaxe e o das traballadoras de 30 a 34 anos polo número de casos, así como o grupo de 45 a 49 anos por ter tamén un número de casos importante. Entre os homes, aínda que con menor número de casos e porcentaxes menores nos grupos de idade, merecen comentario os casos entre os traballadores dos grupos de idade entre os 20 e 34 anos polas porcentaxes, destacándose o grupo de 50 a 54 anos polo número de casos.

O pouco número de casos notificados no *grupo VI* é o máis destacado do mesmo, sendo o total notificado de 22 nos homes e 1 nas mulleres. Destácanse entre os homes os grupos de idade comprendidos entre os 45 e 64 anos que é onde hai máis dun caso neles. Nas mulleres destacar dado o case nulo número de casos e a desproporción cos homes, o supostamente máis saudable dos seus traballos.

Grupos de enfermidades (2009-2014)								
Grupos de idade, homes	I- Por axentes químicos	II- Por axentes físicos	III- Por axentes biolóxicos	IV- Por inhalación de substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados.	V- Da pel por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados.	VI- Carcinóxenos	TOTAL	Idade con respecto ao total
16-19	42,86%	14,29%	0,00%	0,00%	42,86%	0,00%	100%	0,19%
20-24	10,14%	60,87%	1,45%	4,35%	21,74%	1,45%	100%	1,87%
25-29	4,74%	77,25%	2,84%	6,64%	8,53%	0,00%	100%	5,71%
30-34	5,68%	81,68%	2,11%	5,89%	4,63%	0,00%	100%	12,85%
35-39	7,01%	77,71%	1,27%	10,99%	3,03%	0,00%	100%	16,99%
40-44	3,21%	75,30%	1,52%	17,43%	2,54%	0,00%	100%	15,99%
45-49	2,72%	69,02%	0,91%	21,92%	4,71%	0,72%	100%	14,94%
50-54	4,96%	64,78%	1,77%	22,65%	4,96%	0,88%	100%	15,29%
55-59	2,82%	64,08%	1,41%	27,70%	2,58%	1,41%	100%	11,53%
60-64	2,00%	74,00%	3,33%	14,67%	2,67%	3,33%	100%	4,06%
65 en adelante	0,00%	36,36%	0,00%	59,09%	0,00%	4,55%	100%	0,60%
TOTAL	4,55%	72,13%	1,62%	16,75%	4,36%	0,60%	100%	

Táboa 35. Porcentaxes das enfermidades nos homes entre o 2009 e o 2014 segundo grupos de idade e enfermidade.

Grupos de enfermidades (2009-2014)								
Grupos de idade, mulleres	I- Por axentes químicos	II- Por axentes físicos	III- Por axentes biolóxicos	IV- Por inhalación de substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	V- Da pel por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	VI- Carcinóxenos	TOTAL	Idade con respecto ao total
16-19	33,33%	33,33%	0,00%	0,00%	33,33%	0,00%	100%	0,19%
20-24	13,33%	55,00%	0,00%	5,00%	26,67%	0,00%	100%	1,87%
25-29	7,46%	68,86%	11,40%	1,32%	10,96%	0,00%	100%	7,12%
30-34	4,79%	77,63%	6,39%	2,28%	8,90%	0,00%	100%	13,67%
35-39	2,58%	80,95%	7,54%	3,77%	5,16%	0,00%	100%	15,73%
40-44	4,10%	83,02%	4,66%	2,99%	5,04%	0,19%	100%	16,73%
45-49	2,19%	88,03%	4,05%	0,67%	5,06%	0,00%	100%	18,51%
50-54	1,18%	85,49%	4,51%	4,71%	4,12%	0,00%	100%	15,92%
55-59	3,32%	77,18%	7,88%	5,81%	5,81%	0,00%	100%	7,52%
60-64	3,45%	62,07%	14,94%	8,05%	11,49%	0,00%	100%	2,72%
65 en adelante	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100,00%	0,00%	100%	0,03%
TOTAL	3,53%	80,62%	6,12%	3,12%	6,59%	0,03%	100%	

Táboa 36. Porcentaxes das enfermidades nas mulleres entre o 2009 e o 2014 segundo grupos de idade e enfermidade.

As [táboas 37](#) e [38](#) son as correspondentes ao ano 2009 das enfermidades por grupo e tramo de idade en homes e mulleres. O comentario sobre os datos reflectidos nestas táboas seguirá as pautas das referidas ao total do período 2009-2014, aínda que é de esperar variacións entre as porcentaxes dun ano concreto e os dun conxunto de anos; sendo o total de enfermidades notificadas neste ano 1273, 755 en homes e 518 en mulleres.

No *grupo I* déronse neste ano 44 casos entre os homes e 21 entre as mulleres. Entre as mulleres destácase o grupo de idade de *45 a 49 anos* por ser o de maior número de casos e os *grupos de idade entre os 16 e 29 anos*, máis pola porcentaxe do total de enfermidades do grupo de idade e pola incidencia, ao ser grupos de poboación traballadora afiliada máis pequenos, que polo seu número. Entre os homes destácase o grupo de *35 a 39 anos*, por número de casos e porcentaxe, tamén se poden destacar os casos nos grupos de idade de *50 a 54 anos* e de *25 a 29*.

No *grupo II*, os 523 casos de enfermidade entre os homes superaron aos 424 casos rexistrados entre as mulleres. Entre os homes destácanse as enfermidades nos grupos de idade: de *40 a 44 anos*, *30 a 34* e de *55 a 59 anos* polo número de casos e no o grupo de *25 a 29 anos* polo seu número en relación ao tamaño do seu grupo de idade. Entre as mulleres é de destacar o grupo de idade de *45 a 49 anos*, que supón por si só o 21,93% dos casos do grupo II. Tamén se poden destacar polas súas porcentaxes dentro do grupo de idade ás traballadoras con enfermidades do *grupo II* de *50 a 54 anos* e de *40 a 44 anos*.

O *grupo III* é dos de menor número de casos, correspondendo unha gran maioría a traballadoras; dos 32 casos rexistrados, 28 corresponden a estas últimas. De entre os grupos de idade das mulleres pódense destacar: as de idades entre *50 e 54 anos*, tanto por número como por porcentaxe dentro do seu grupo, o 7,58%, as de *35 a 39 anos* polo número de casos, e en menor medida as de *40 a 44 anos*. O escaso número de casos entre os traballadores fai que só destaque o grupo de idade de *35 a 39 anos*.

O segundo grupo de enfermidades por número de casos rexistrados é o *grupo IV*, correspondendo a maioría dos 162 casos rexistrados no 2009 aos homes, 141 por 21 casos nas mulleres. Entre os traballadores, a gran maioría de casos rexistráronse nos grupos de idade entre os *40 e 59 anos*, o 79,43% do total de enfermidades deste grupo, sendo entre os *50 e 54 anos* onde máis casos producíronse e é o grupo de idade no que estas enfermidades supón unha porcentaxe maior do total, o 31,93%. Entre as traballadoras, pódese destacar as de idade comprendida entre os *55 e 59 anos*, con igual número de casos que as traballadoras de *35 a 39 anos* pero con menor poboación cotizante, sendo o grupo de idade en que estas enfermidades teñen unha maior porcentaxe, tamén se pode destacar aínda que en menor medida, as traballadoras de *40 a 44 anos*.

Cun número de casos moi similar ao *grupo I*, un total de 63, 35 homes e 28 mulleres, o *grupo V* representa o 4,95% do total de enfermidades laborais rexistradas neste ano. Entre os homes, os grupos de idade que se poden destacar son: o de *45 a 49 anos* por número de casos, seguido dos de *40 a 44 anos*, de *35 a 39 anos* e tamén os grupos de *20 a 24*, onde co 16,67% supón o segundo grupo de enfermidade, e o de *25 a 29 anos*. Entre as mulleres, por número de casos e porcentaxes destácanse as traballadoras dos grupos entre os *25 e 34 anos*, sendo entre os *25 e 29 anos* as enfermidades máis frecuentes despois das do grupo II. Tamén destacar o *grupo de 20 a 24 anos* por porcentaxe deste grupo dentro do intervalo de idade.

Do *grupo VI* só comentar a súa inexistencia no caso das mulleres e o carácter anecdótico no caso dos homes, con 4 casos no ano 2009 das 1.273 notificacións de enfermidade laboral.

Grupos de enfermidade 2009								
Grupos de idade, homes	I-Por axentes químicos	II-Por axentes físicos	III- Por axentes biolóxicos	IV- Por inhalación de substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	V- Da pel por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	VI- Carcinóxenos	TOTAL	Idade con respecto ao total
20-24	5,56%	77,78%	0,00%	0,00%	16,67%	0,00%	100%	2,38%
25-29	8,47%	81,36%	1,69%	0,00%	8,47%	0,00%	100%	7,81%
30-34	7,45%	77,66%	2,13%	8,51%	4,26%	0,00%	100%	12,45%
35-39	13,46%	66,35%	2,88%	11,54%	5,77%	0,00%	100%	13,77%
40-44	2,91%	72,82%	0,00%	18,45%	5,83%	0,00%	100%	13,64%
45-49	4,00%	65,00%	0,00%	23,00%	7,00%	1,00%	100%	13,25%
50-54	5,88%	57,98%	0,84%	31,93%	2,52%	0,84%	100%	15,76%
55-59	1,85%	65,74%	0,93%	29,63%	0,93%	0,93%	100%	14,30%
60-64	2,27%	81,82%	0,00%	13,64%	0,00%	2,27%	100%	5,83%
65 en adiante	0,00%	50,00%	0,00%	50,00%	0,00%	0,00%	100%	0,79%
TOTAL	5,83%	69,27%	1,06%	18,68%	4,64%	0,53%	100%	

Táboa 37. Porcentaxes das enfermidades nos homes no ano 2009 segundo grupos de idade e enfermidade.

Grupos de enfermidade 2009								
Grupos de idade, mulleres	I-Por axentes químicos	II-Por axentes físicos	III- Por axentes biolóxicos	IV- Por inhalación de substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	V- Da pel por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	VI- Carcinóxenos	TOTAL	Idade con respecto ao total
16-19	33,33%	66,67%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,58%
20-24	23,08%	61,54%	0,00%	0,00%	15,38%	0,00%	100%	2,51%
25-29	7,55%	73,58%	3,77%	1,89%	13,21%	0,00%	100%	10,23%
30-34	3,23%	80,65%	1,61%	4,84%	9,68%	0,00%	100%	11,97%
35-39	3,45%	79,31%	6,90%	5,75%	4,60%	0,00%	100%	16,80%
40-44	3,41%	82,95%	4,55%	4,55%	4,55%	0,00%	100%	16,99%
45-49	4,76%	88,57%	2,86%	0,95%	2,86%	0,00%	100%	20,27%
50-54	0,00%	87,88%	7,58%	3,03%	1,52%	0,00%	100%	12,74%
55-59	0,00%	72,73%	9,09%	15,15%	3,03%	0,00%	100%	6,37%
60-64	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	1,54%
TOTAL	4,05%	81,85%	4,63%	4,05%	5,41%	0,00%	100%	

Táboa 38. Porcentaxes das enfermidades nas mulleres no ano 2009 segundo grupos de idade e enfermidade.

Para o ano 2014 as táboas de grupos de enfermidades segundo a idade do persoal afectado son a [39](#) e a [40](#). O cambio nas enfermidades profesionais notificadas é significativo: mentres as enfermidades nos homes descenden ata os 554 casos, o 49,29% do total, as das mulleres aumentan ata os 570 casos, o 50,71%.

No *grupo I*, o número total de casos neste ano foi 30, 23 nos homes, o 76,67% e 7 nas mulleres, o 23,33%. Entre os homes destaca o grupo de idade de 50 a 54 anos polo número de casos e os de 20 a 24 anos pola porcentaxe, o 33,33% dos afectados por enfermidades neste grupo de idade.

Entre as mulleres, con moitos menos casos, os grupos de idade que se poden destacar son: as de 25 a 29 co 5,71% das afectadas neste grupo de idade e as de 40 a 44 anos co 2,33%.

O grupo II concentra o maior número de casos, 404 entre os homes, o 47,98% e 438 entre as mulleres, o 52,02%. Dentro dos traballadores pódense destacar os grupos de idade de 45 a 49 anos e de 35 a 39 anos polo número de casos e o grupo de 30 a 34 anos pola porcentaxe destas enfermidades, o 80,65% dentro deste grupo de idade. Nas traballadoras pódense destacar polo número de casos os grupos de idade de 45 a 49 anos e por porcentaxe destas enfermidades dentro do grupo de idade ás de entre 35 e 39 anos que as sufriron nun 80,00% dos casos.

O grupo III é un grupo de enfermidade que aumentou tanto en número de casos como en porcentaxe, tanto en mulleres como en homes e especialmente nas primeiras. Entre as mulleres rexistráronse 54 casos, o 79,41% do total e entre os homes 14, o 20,59%. Dentro dos grupos de idade, o grupo de mulleres entre 35 e 39 anos é o máis destacable, tanto por número de casos como por porcentaxe. Tamén destacables son as porcentaxes das mulleres dos grupos de idade de 45 a 49 anos e as de 60 a 64 e 25 a 29 anos. Entre os traballadores son destacables os de 40 a 44 anos e os de entre 60 e 64 anos por porcentaxe destas enfermidades dentro do seu grupo de idade.

Mantendo a súa posición como segundo grupo por número de enfermidades, o grupo IV experimentou unha diminución no número de casos en relación ao ano 2009. Ao contrario que o grupo III, a porcentaxe de traballadores afectados: o 82,86% de 105 casos supera ao das traballadoras, o 17,14%. Entre os homes, os grupos de idade destacables son os comprendidos entre os 40 e 59 anos, tanto por número de casos como por porcentaxe, destacando polo número de casos os de entre 45 e 49 anos e os de 50 a 54 anos. Entre as mulleres son destacables tanto en porcentaxe como polo número de casos dentro do grupo, as traballadoras de entre 55 e 59 anos e as de 40 a 44 anos.

O grupo V ten un número de casos moi similar entre as traballadoras ao grupo III, 53 casos no 2014, o 68,83% dun total de 77 afectados. Os grupos de idade entre as mulleres máis destacables son as de entre 30 e 34 anos e as de 25 a 29 anos, tanto por número de casos como por porcentaxe, as de 45 a 49 anos por número de casos e as 60 a 64 por porcentaxe, aínda que a incidencia neste último tramo de idade é máis elevada ao ser menor o número de traballadoras cotizantes. Entre os homes, os dous grupos de idade máis destacables tanto por número como por porcentaxe son os de idade entre 40 e 44 anos e os de 30 a 34 anos, sendo outros grupos de idade destacables os de 50 a 54 anos e os de 20 a 24 anos.

Do grupo VI só comentar a súa inexistencia no caso das mulleres e o carácter anecdótico no caso dos homes, con 2 casos no ano 2014 das 1.124 notificacións de enfermidade laboral.

Grupos de enfermidade 2014								
Grupos de idade, homes	I-Por axentes químicos	II-Por axentes físicos	III- Por axentes biolóxicos	IV- Por inhalación de substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados.	V- Da pel por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados.	VI- Carcinóxenos	TOTAL	Idade con respecto ao total
16-19	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,18%
20-24	33,33%	16,67%	16,67%	0,00%	33,33%	0,00%	100%	1,08%
25-29	0,00%	77,78%	3,70%	11,11%	7,41%	0,00%	100%	4,87%
30-34	1,61%	80,65%	3,23%	6,45%	8,06%	0,00%	100%	11,19%
35-39	3,85%	79,81%	2,88%	10,58%	2,88%	0,00%	100%	18,77%
40-44	4,60%	65,52%	4,60%	17,24%	8,05%	0,00%	100%	15,70%
45-49	2,83%	78,30%	0,00%	17,92%	0,94%	0,00%	100%	19,13%
50-54	7,23%	67,47%	0,00%	20,48%	4,82%	0,00%	100%	14,98%
55-59	3,85%	63,46%	1,92%	26,92%	0,00%	3,85%	100%	9,39%
60-64	0,00%	77,27%	9,09%	13,64%	0,00%	0,00%	100%	3,97%
65 en diante	0,00%	75,00%	0,00%	25,00%	0,00%	0,00%	100%	0,72%
TOTAL	4,15%	72,92%	2,53%	15,70%	4,33%	0,36%	100%	

Táboa 39. Porcentaxes das enfermidades nos homes no ano 2014 segundo grupos de idade e enfermidade.

Grupos de enfermidade 2014								
Grupos de idade, mulleres	I-Por axentes químicos	II-Por axentes físicos	III- Por axentes biolóxicos	IV- Por inhalación de substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados.	V-Da pel por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados.	VI- Carcinóxenos	TOTAL	Idade con respecto ao total
20-24	0,00%	33,33%	0,00%	0,00%	66,67%	0,00%	100%	1,05%
25-29	5,71%	54,29%	14,29%	2,86%	22,86%	0,00%	100%	6,14%
30-34	1,49%	76,12%	8,96%	0,00%	13,43%	0,00%	100%	11,75%
35-39	0,00%	80,00%	14,12%	1,18%	4,71%	0,00%	100%	14,91%
40-44	2,33%	79,07%	6,98%	6,98%	4,65%	0,00%	100%	15,09%
45-49	0,91%	83,64%	8,18%	0,00%	7,27%	0,00%	100%	19,30%
50-54	1,01%	85,86%	6,06%	3,03%	4,04%	0,00%	100%	17,37%
55-59	0,00%	65,38%	11,54%	13,46%	9,62%	0,00%	100%	9,12%
60-64	0,00%	65,52%	13,79%	0,00%	20,69%	0,00%	100%	5,09%
65 en adiante	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100,00%	0,00%	100%	0,18%
TOTAL	1,23%	76,84%	9,47%	3,16%	9,30%	0,00%	100%	

Táboa 40. Porcentaxes das enfermidades nas mulleres no ano 2014 segundo grupos de idade e enfermidade.

As táboas da [41](#) á [46](#) detallan as enfermidades declaradas por grupo de enfermidade e sectores de actividade, as dúas primeiras táboas son do período entre o ano 2009 e 2014, correspondendo a [41](#) aos homes e a [42](#) ás mulleres.

Destacáronse en cor as celas dos sectores cunha porcentaxe, do grupo de enfermidades correspondente, superior á porcentaxe total, pero non hai de perder de vista o feito de que no período 2009-2014 do total de casos de enfermidade nas mulleres, o 62,39% corresponde ao sector servizos e nos homes o 59,66% á industria, polo que a porcentaxe superior noutros sectores non implica necesariamente un maior número de casos.

Aínda que varían nas porcentaxes, as [táboas 41](#) e [42](#) teñen moitas similitudes, destacando nas mulleres o moito maior porcentaxe do grupo II na industria, a menor porcentaxe do grupo II no sector servizos e tamén nos servizos, a maior porcentaxe do grupo V.

Nos traballadores da [táboa 41](#), indícase a continuación en cada sector os grupos de enfermidade en que a porcentaxe é superior ao do grupo no total:

- Na **agricultura**, o grupo III (axentes biolóxicos) supera co 5,71% dos traballadores do sector a porcentaxe no total que é do 1,62%; o grupo IV co 22,86% supera a porcentaxe no total do 16,75% e a porcentaxe no grupo VI (carcinóxenos) non é significativo.
- Na **pesca**, as declaradas no grupo II (axentes físicos), teñen a maior porcentaxe de todos os sectores, o 88,89% que supera o 72,13% da porcentaxe no total; o grupo V (da pel) supón o 7,78% dos casos no sector, superando o 4,36% dos casos totais.
- Na **industria**, a porcentaxe de enfermidades do grupo IV (por inhalación) é o maior de todos os sectores co 24,13% dos traballadores, sendo a porcentaxe do grupo no total do 16,75%; no grupo VI (carcinóxenos) a porcentaxe do 0,59% é leixiramente inferior ao do total, pero no número de casos é máis da metade dos totais.
- Na **construción**, a porcentaxe de casos do grupo I (axentes químicos) é do 9,03% dos casos, o maior de todos os sectores, sendo a porcentaxe no total do 4,55%; tamén é superior a porcentaxe das enfermidades do grupo V (da pel), o 8,67% ás porcentaxes nos demais sectores.
- Nos **servizos**, o grupo II (axentes físicos) supera co 81,15% á porcentaxe deste grupo de enfermidades no total que é do 72,13%; o grupo III (axentes biolóxicos) teñen co 5,99% de casos a maior porcentaxe en todos os sectores, superando ao 1,62% de casos no total.

Grupos de enfermidade (2009-2014)								
Sectores, homes	I-Por axentes químicos	II-Por axentes físicos	III- Por axentes biolóxicos	IV- Por inhalación de substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados.	V-Da pel por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados.	VI-Carcinóxenos	TOTAL	Sector respecto ao total
Agricultura	0,00%	65,71%	5,71%	22,86%	2,86%	2,86%	100%	0,95%
Pesca	0,00%	88,89%	2,22%	1,11%	7,78%	0,00%	100%	2,44%
Industria	3,90%	68,21%	0,36%	24,13%	2,81%	0,59%	100%	59,66%
Construción	9,03%	72,39%	0,00%	9,03%	8,67%	0,88%	100%	15,29%
Servizos	3,87%	81,15%	5,99%	3,37%	5,24%	0,37%	100%	21,67%
TOTAL	4,55%	72,13%	1,62%	16,75%	4,36%	0,60%	100%	

Táboa 41. Porcentaxes das enfermidades nos homes entre o 2009 e o 2014 segundo sectores e grupos de enfermidade.

Nas traballadoras da [táboa 42](#), indícase a continuación en cada sector os grupos de enfermidade en que a porcentaxe é superior ao do grupo no total:

- Na **agricultura**, o grupo III (axentes biolóxicos) supera co 9,09% das traballadoras do sector a porcentaxe no total que é do 6,12%; o grupo IV co 27,27% supera a porcentaxe no total que é do 3,12% e o grupo V (da pel) co 9,09% dos casos no sector ten a maior porcentaxe de casos superando ao 6,59% dos casos no total.
- Na **pesca**, as enfermidades declaradas no grupo II (axentes físicos), teñen a maior porcentaxe de todos os sectores, o 92,31% que supera o 80,62% da porcentaxe no total.
- Na **industria**, a porcentaxe de enfermidades do grupo I (axentes químicos) supera co 4,19% a porcentaxe destas enfermidades no total que é do 4,07% e o grupo II (axentes físicos) co 86,90% tamén é maior que a porcentaxe no total que é do 80,62%.
- Na **construción**, as porcentaxes indicadas na táboa corresponde a número de casos moi pouco significativos para ser tidos en conta.
- Nos **servizos**, o grupo III (axentes biolóxicos) ten nas mulleres o 9,40% dos casos, sendo este a porcentaxe maior de todos os sectores e superando o 6,12% de casos no total; o grupo V (da pel) co 7,60% é maior no sector que a porcentaxe de casos no total que é do 6,59%, respecto ao grupo VI (carcinóxenos) o número de casos non é significativo.

Grupos de enfermidade (2009-2014)								
Sectores, mulleres	I-Por axentes químicos	II-Por axentes físicos	III- Por axentes biolóxicos	IV- Por inhalación de substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados.	V-Da pel por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados.	VI-Carcinóxenos	TOTAL	Sector respecto ao total
Agricultura	3,03%	51,52%	9,09%	27,27%	9,09%	0,00%	100%	1,03%
Pesca	0,00%	92,31%	7,69%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,41%
Industria	4,19%	86,90%	0,35%	3,67%	4,89%	0,00%	100%	35,74%
Construción	7,14%	78,57%	0,00%	14,29%	0,00%	0,00%	100%	0,44%
Servizos	3,15%	77,44%	9,40%	2,35%	7,60%	0,05%	100%	62,39%
TOTAL	4,07%	80,62%	6,12%	3,12%	6,59%	0,03%	100%	

Táboa 42. Porcentaxes das enfermidades nas mulleres entre o 2009 e o 2014 segundo sectores e grupos de enfermidade.

As [táboas 43](#) e [44](#) corresponden á mesma desagregación por sector de actividade e grupos de enfermidades, pero referidas só ao ano 2009, con datos dos traballadores na [táboa 43](#) e con das traballadoras na [táboa 44](#).

Procederáse da mesma forma que nas dúas táboas anteriores, destacando con cor as celas cunha porcentaxe sectorial superior ao do total. As maiores porcentaxes de enfermidades das mulleres na industria nos grupos I (axentes químicos) e II (axentes físicos) e nos servizos nos grupos III (axentes biolóxicos) e V (da pel) é o máis destacable nunha comparativa entres homes e mulleres.

Nos traballadores da [táboa 43](#), coméntanse a continuación en cada sector os grupos de enfermidade en que a porcentaxe é superior ao do grupo no total:

- Na **agricultura**, o grupo II (axentes físicos) supera coa súa porcentaxe do 75,00% a porcentaxe do grupo no total que é do 69,27%. A porcentaxe indicada para o grupo III (axentes biolóxicos) é pouco significativo para un período temporal dun ano, polo número de casos, polo que é necesario considerar, os valores do ano 2014 e principalmente o do acumulado no período 2009-2014 .
- Na **pesca**, as declaradas no grupo II (axentes físicos), co 81,82%, teñen a maior porcentaxe de todos os sectores, superando ao 69,27% da porcentaxe no total; as porcentaxes dos grupos III (axentes biolóxicos) e V (da pel) só son relevantes en función das porcentaxes do ano 2014 e especialmente no acumulado 2009-2014.
- Na **industria**, a porcentaxe de enfermidades do grupo IV (por inhalación) é o maior de todos os sectores co 26,02% dos traballadores, sendo a porcentaxe do grupo no total do 18,68%; esta porcentaxe está referido a un número de casos importante independentemente do maior número de enfermidades de traballadores no sector industrial.
- Na **construción**, a porcentaxe de casos do grupo I (axentes químicos) é do 14,29% dos casos, o maior de todos os sectores, sendo a porcentaxe no total do 5,83%; tamén é superior a porcentaxe das enfermidades do grupo V (da pel), o 13,57%, ás porcentaxes nos demais sectores, sendo a porcentaxe no total do 4,64%.
- Nos **servizos**, o grupo II (axentes físicos) supera co 80,00% á porcentaxe deste grupo de enfermidades no total que é do 69,27%; o grupo III (axentes biolóxicos) teñen co 3,70% dunha porcentaxe superior ao 1,92% de casos no total e a porcentaxe do grupo V (da pel), o 5,19% é maior que a porcentaxe deste grupo de enfermidades no total que é do 4,64%.

Grupos de enfermidade 2009								
Sectores, homes	I-Por axentes químicos	II-Por axentes físicos	III- Por axentes biolóxicos	IV- Por inhalación de substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	V-Da pel por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	VI- Carcinóxenos	TOTAL	Sector respecto ao total
Agricultura	0,00%	75,00%	25,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,53%
Pesca	0,00%	81,82%	9,09%	0,00%	9,09%	0,00%	100%	1,46%
Industria	3,87%	67,74%	0,22%	26,02%	1,72%	0,43%	100%	61,59%
Construción	14,29%	62,86%	0,00%	8,57%	13,57%	0,71%	100%	18,54%
Servizos	4,44%	80,00%	3,70%	5,93%	5,19%	0,74%	100%	17,88%
TOTAL	5,83%	69,27%	1,06%	18,68%	4,64%	0,53%	100%	

Táboa 43. Porcentaxes das enfermidades nos homes no ano 2009 segundo sectores e grupos de enfermidade.

Nas traballadoras da [táboa 44](#), indícase a continuación en cada sector os grupos de enfermidade en que a porcentaxe é superior ao do grupo no total:

- Na **agricultura**, a totalidade das enfermidades declaradas neste ano corresponde ao grupo II (axentes físicos), sendo a porcentaxe deste grupo no total do 81,85%.
- Na **pesca**, as enfermidades declaradas no grupo II (axentes físicos) son a totalidade do sector neste ano.
- Na **industria**, a porcentaxe de enfermidades do grupo I (axentes químicos) supera co 6,83% a porcentaxe destas enfermidades no total que é do 5,11% e o grupo II (axentes físicos) co 85,37% tamén é maior que a porcentaxe no total que é do 81,85%.
- Na **construción**, o total dos casos neste ano foron no grupo IV (por inhalación), pero corresponde a número de casos moi pouco significativo para ser tidos en conta.
- Nos **servizos**, o grupo III (axentes biolóxicos) ten nas mulleres o 7,87% dos casos, sendo o único sector este ano onde se rexistraron casos destas enfermidades, a porcentaxe deste grupo no total é do 4,63%; o grupo V (da pel) co 6,23% é maior no sector que a porcentaxe de casos no total que é do 5,41%.

Grupos de enfermidade 2009								
Sectores, mulleres	I-Por axentes químicos	II-Por axentes físicos	III- Por axentes biolóxicos	IV- Por inhalación de substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	V-Da pel por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	VI- Carcinóxenos	TOTAL	Sector respecto ao total
Agricultura	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,77%
Pesca	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,39%
Industria	6,83%	85,37%	0,00%	3,41%	4,39%	0,00%	100%	39,58%
Construción	0,00%	0,00%	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	100%	0,39%
Servizos	2,30%	79,67%	7,87%	3,93%	6,23%	0,00%	100%	58,88%
TOTAL	5,11%	81,85%	4,63%	4,05%	5,41%	0,00%	100%	

Táboa 44. Porcentaxes das enfermidades nas mulleres no ano 2009 segundo sectores e grupos de enfermidade.

As [táboas 45](#) e [46](#) corresponden á mesma desagregación por sector de actividade e grupos de enfermidades, pero referidas só ao ano 2014, con datos dos traballadores na [táboa 45](#) e das traballadoras na [táboa 46](#). Procederáse da mesma forma que nas táboas anteriores, destacando con cor as celas cunha porcentaxe sectorial superior ao do total.

Na comparación das porcentaxes das táboas de mulleres e homes, destaca nas mulleres: a maior porcentaxe do *grupo II* (axentes físicos) na **pesca**, **industria** e na **construción** (aínda que o número de casos neste sector non é significativo), destaca tamén a porcentaxe das enfermidades do *grupo III* (axentes biolóxicos) nos **servizos**, a importancia relativa, dentro dun sector con poucas enfermidades declaradas como é o **agrario**, das enfermidades do *grupo IV* (por inhalación) e a porcentaxe das enfermidades do *grupo V* (da pel) no sector **servizos**.

Nos traballadores da [táboa 45](#), coméntanse a continuación en cada sector os grupos de enfermidade en que a porcentaxe é superior ao do grupo no total:

- Na **agricultura**, o grupo III (axentes biolóxicos) supera coa súa porcentaxe do 11,11% a porcentaxe do grupo no total que é do 2,53% pero polo seu número de casos é pouco significativo para un período temporal dun ano, polo que é necesario considerar se houbo tamén casos no [ano 2009](#) e principalmente o datos do acumulado no período [2009-2014](#).
- Na **pesca**, as declaradas no grupo II (axentes físicos), co 90,91% teñen a maior porcentaxe de todos os sectores o cal supera o 72,92% da porcentaxe no total; o porcentaxes do grupo III (axentes biolóxicos) só será relevante en función das porcentaxes do ano 2009 e especialmente no acumulado 2009-2014.
- Na **industria**, a porcentaxe de enfermidades do grupo IV (por inhalación) é o maior de todos os sectores co 22,15% dos traballadores, sendo a porcentaxe do grupo no total do 15,70%; esta porcentaxe está referida a un número de casos importante dentro do maior número de enfermidades de traballadores que de traballadoras no sector industrial.
- Na **construción**, a porcentaxe de casos do grupo I (axentes químicos) é do 7,59% dos casos, o maior de todos os sectores, sendo a porcentaxe no total do 4,15%; tamén é superior a porcentaxe das enfermidades do grupo V (da pel), o 7,59%, ás porcentaxes nos demais sectores, sendo a porcentaxe no total do 4,33%.
- Nos **servizos**, o grupo I (axentes químicos) supera co 5,88% ao 4,15% do grupo de enfermidades no total, o grupo II (axentes físicos) supera co 76,47% á porcentaxe deste grupo de enfermidades no total que é do 72,92%; o grupo III (axentes biolóxicos) teñen co 9,24% (un gran incremento respecto ao do [ano 2009](#)), unha porcentaxe superior ao 2,53% de casos no total e a porcentaxe do grupo V (da pel), o 5,88% é maior que a porcentaxe deste grupo de enfermidades no total que é do 4,33%.

Grupos de enfermidade 2014								
Sectores, homes	I-Por axentes químicos	II-Por axentes físicos	III- Por axentes biolóxicos	IV- Por inhalación de substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	V-Da pel por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	VI- Carcinógenos	TOTAL	Sector respecto ao total
Agricultura	0,00%	66,67%	11,11%	11,11%	0,00%	11,11%	100%	1,62%
Pesca	0,00%	90,91%	0,00%	4,55%	4,55%	0,00%	100%	3,97%
Industria	3,08%	71,08%	0,62%	22,15%	3,08%	0,00%	100%	58,66%
Construción	7,59%	70,89%	0,00%	12,66%	7,59%	1,27%	100%	14,26%
Servizos	5,88%	76,47%	9,24%	2,52%	5,88%	0,00%	100%	21,48%
TOTAL	4,15%	72,92%	2,53%	15,70%	4,33%	0,36%	100%	

Táboa 45. Porcentaxes das enfermidades nos homes no ano 2014 segundo sectores e grupos de enfermidade.

Nas traballadoras da [táboa 46](#), indícase a continuación en cada sector os grupos de enfermidade en que a porcentaxe é superior ao do grupo no total:

- Na **agricultura**, a metade das enfermidades declaradas neste ano corresponde ao grupo IV (por inhalación), vendo a diferenza co dato do [ano 2009](#), é necesario ir á [táboa 42](#) para comprobar que efectivamente as enfermidades das mulleres por inhalación teñen unha relativa importancia no sector agrario, sendo a porcentaxe destas enfermidades no total de declaradas no 2014 do 3,16%. A porcentaxe do grupo V (da pel) non é significativo polo número de casos.
- Na **pesca**, as enfermidades declaradas no grupo II (axentes físicos) son a totalidade do sector neste ano pero polo número de casos non é significativo, debendo utilizarse a [táboa 42](#) para facer valoracións.
- Na **industria**, a porcentaxe de enfermidades do grupo II (axentes físicos) co 90,80% é superior á porcentaxe no total que é do 76,84%, tamén a porcentaxe de enfermidades do grupo IV (por inhalación) co 5,75% é maior ao 3,16% do grupo de enfermidades no total.
- Na **construción**, o total dos casos neste ano foron no grupo II (axentes físicos), pero corresponde a un número de casos moi pouco significativo para ser tidos en conta.
- Nos **servizos**, o grupo I (axentes químicos) ten unha porcentaxe lixeiramente superior ao do grupo de enfermidades no total, 1,29% por 1,23%; o grupo III (axentes biolóxicos) ten unha porcentaxe do 13,44% dos casos, moi superior con diferenza ao de calquera outro sector e maior que o 9,47% no total, tamén é importante a porcentaxe das enfermidades do grupo V (da pel) co 12,92%, que supera ao 9,30% de enfermidades no total.

Grupos de enfermidade 2014								
Sectores, mulleres	I-Por axentes químicos	II-Por axentes físicos	III- Por axentes biolóxicos	IV- Por inhalación de substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	V- Da pel por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	VI- Carcinógenos	TOTAL	Sector respecto ao total
Agricultura	0,00%	33,33%	0,00%	50,00%	16,67%	0,00%	100%	1,05%
Pesca	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,18%
Industria	1,15%	90,80%	1,15%	5,75%	1,15%	0,00%	100%	30,53%
Construción	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,35%
Servizos	1,29%	71,06%	13,44%	1,29%	12,92%	0,00%	100%	67,89%
TOTAL	1,23%	76,84%	9,47%	3,16%	9,30%	0,00%	100%	

Táboa 46. Porcentaxes das enfermidades nas mulleres no ano 2014 segundo sectores e grupos de enfermidade.

As [táboas 47](#) e [48](#) corresponden ás táboas do período 2009-2014 dos homes e as mulleres respectivamente. Na análise non se comentaron as enfermidades do grupo II (axentes físicos) xa que salvo moi contadas excepcións, constitúen a maioría das enfermidades nos CNAE indicados, tanto en homes como en mulleres.

Na [táboa 47](#) correspondente ás enfermidades dos homes, marcáronse con grosa as porcentaxes das celas destacadas da [táboa 48](#), xa que o obxectivo deste estudo está centrado nas enfermidades das traballadoras e principalmente nas actividades onde supoñen unha parte maioritaria do persoal laboral. Tamén se destacaron con cor as celas da táboa 47 que coinciden

coas celas da [táboa 48](#) que superan a porcentaxe destas enfermidades no total destes CNAE; valor que se atopa moi próximo na táboa das traballadoras ao total das enfermidades, xa que estes CNAE agrupan o 91,60% do total de enfermidades, e máis afastado na [táboa 47](#) xa que nos homes estes CNAE agrupan só o 55,22%. Mención á parte merece que se destaque en cor vermella a porcentaxe do grupo VI (carcinóxicos) do CNAE 87, xa que dentro das poucas declaracións deste tipo de enfermidades, este valor resulta significativo. As descrições dos códigos CNAE están na táboas do [Anexo](#).

Na análise por grupos de enfermidade, da [táboa 47](#) (homes) pódense comentar:

- O grupo I (axentes químicos) ten no CNAE 29 (Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques) unha porcentaxe do 5,10% dos casos, que numericamente é importante ao ser un CNAE cun 11,15% do total das enfermidades. Os outros dous CNAE destacados, o 96 co 20,00% e o 56 co 4,00% non teñen un número de casos significativo.
- O grupo III (axentes biolóxicos) ten no CNAE 86 (Actividades sanitarias) unha porcentaxe importante, un 78,00%, sendo os outros dous CNAE destacados, o 87 co 20,00% e o 01 co 4,76% pouco significativos.
- O grupo IV (por inhalación) ten no CNAE 23 (Fabricación doutros produtos minerais non metálicos) unha porcentaxe importante, o 61,98%. Tamén se pode considerar o 38,10% do CNAE 01 (Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados coas mesmas), tendo o outro CNAE destacado, o 85 (Educación) poucos casos para ser significativo.
- O grupo V (da pel) ten dentro das celas en cor tres porcentaxes máis destacables: o 10,45% do CNAE 84 (Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria), o 16,00% do CNAE 56 (Servizos de comidas e bebidas) e o 17,86% do CNAE 78 (Actividades relacionadas co emprego).
- Como excepción coméntase o caso dos traballadores do CNAE 16 (Industria da madeira e da cortiza, excepto mobles; cestería e espartería), cunha porcentaxe do 7,58% das enfermidades declaradas do grupo VI (Carcinóxicos), dado a gravidade que pola súa natureza teñen estas enfermidades.

Na análise por grupos de enfermidade, da [táboa 48](#) (mulleres) pódense comentar dentro das celas destacadas por cor, as seguintes porcentaxes:

- O grupo I (axentes químicos) ten no CNAE 86 (Actividades sanitarias) unha porcentaxe do 3,64%, mentres que na [táboa 47](#) a porcentaxe é do 0,00%. A porcentaxe no CNAE 29 (Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques) é do 7,18%, superior ao 5,10% da táboa 47, sendo significativo o número de casos tanto en homes como en mulleres. No CNAE 96 (Outros servizos persoais) a porcentaxe de enfermidades é do 14,58%, inferior ao da [táboa 47](#) pero no caso dos homes é un CNAE con moi poucos casos. No CNAE 16 (Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestería e espartería) o 16,13% dos casos nas mulleres é moi superior ao 1,52% da táboa 47.
- O grupo III (axentes biolóxicos) ten no CNAE 86 (Actividades sanitarias) unha porcentaxe do 58,30%, unha porcentaxe importante dado o gran valor numérico das enfermidades declaradas neste CNAE, pero inferior ao 78,00% da táboa 47. No CNAE 84 (Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria) a porcentaxe do 6,33% das enfermidades é máis importante que o 1,49% da táboa 47. No CNAE 87 (Asistencia en establecementos residenciais) o 38,89% dos casos de enfermidade das mulleres é máis destacable tanto en porcentaxe como en número de casos que o 20,00% da [táboa 47](#).
- O grupo IV (por inhalación) corresponde a un grupo de enfermidades cunha menor frecuencia nas mulleres que nos homes, o cal se pode comprobar na fila "Grupo no Total de Enfermidades" das [táboas 47](#) e [48](#). Comentaranse a pesar do anterior, os códigos CNAE máis destacables desta táboa. No CNAE 10 (Industria da alimentación) ten unha porcentaxe de casos do 4,19%, o cal resulta inferior ao da táboa 47 que é do 8,82%. No CNAE 84 (Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria) ten unha porcentaxe do 8,23% que é inferior ao 10,45% da táboa 47. No CNAE 96 (Outros servizos persoais) o 6,94% das enfermidades das mulleres contrasta co 0,00% da [táboa 47](#). No CNAE 23 (Fabricación doutros produtos minerais non metálicos), o 19,75% desta táboa é

importante pero o é bastante menos que o 61,98% destas enfermidades nos traballadores. No CNAE 01 (Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados coas mesmas) o 28,13% resulta inferior á porcentaxe entre os homes que é do 38,10%.

- O grupo V (da pel) son enfermidades que se dan con maior frecuencia nas mulleres que nos homes, por iso a maior porcentaxe de casos sobre o total de enfermidades. Dentro dos CNAE destacados da [táboa 48](#), coméntanse a continuación: no CNAE 86 (Actividades sanitarias), a porcentaxe de casos é do 8,91%, superior ao 4,00% da [táboa 47](#), a porcentaxe no CNAE 81 (Servizos a edificios e actividades de xardinería) do 6,32% é moi similar ao 6,25% dos traballadores, unha porcentaxe importante referida a un elevado número de casos é a do CNAE 84 (Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria) que cun 26,58% de enfermidades é máis do dobre do 10,45% da táboa 47; outra porcentaxe importante é o 21,53% do CNAE 96 (Outros servizos persoais) moi similar neste caso ao dos homes, a porcentaxe do 10,66% das traballadoras no CNAE 56 (Servizos de comidas e bebidas) aínda que referido a un maior número de casos que na [táboa 47](#) é inferior ao da mesma (o 10,66% fronte ao 16,00%), no CNAE 87 (Asistencia en establecementos residenciais) a porcentaxe do 7,41% das traballadoras é moi inferior ao da táboa 47 con maior número de casos que os dos homes. Para terminar o comentario respecto deste grupo de enfermidades, o 19,35% de traballadoras afectadas do CNAE 16 (Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestería e espartería) supera amplamente ao 6,06% dos casos entre os traballadores, aínda sendo as enfermidades totais declaradas neste CNAE máis do dobre de homes que de mulleres.

Grupos de enfermidade (2009-2014)								
CNAE, homes	I-Por axentes químicos	II-Por axentes físicos	III- Por axentes biolóxicos	IV- Por inhalación de substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	V-Da pel por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	VI- Carcinóxenos	TOTAL	CNAE respecto ao total das enfermidades
47	4,80%	92,80%	0,80%	1,60%	0,00%	0,00%	100%	3,38%
10	0,00%	87,13%	1,47%	8,82%	2,57%	0,00%	100%	7,36%
86	0,00%	18,00%	78,00%	0,00%	4,00%	0,00%	100%	1,35%
14	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,38%
29	5,10%	91,75%	0,00%	0,49%	2,67%	0,00%	100%	11,15%
81	0,00%	90,63%	0,00%	3,13%	6,25%	0,00%	100%	1,73%
84	5,97%	71,64%	1,49%	10,45%	10,45%	0,00%	100%	1,81%
96	20,00%	60,00%	0,00%	0,00%	20,00%	0,00%	100%	0,14%
56	4,00%	76,00%	0,00%	4,00%	16,00%	0,00%	100%	0,68%
46	1,74%	90,43%	0,87%	3,48%	2,61%	0,87%	100%	3,11%
23	2,75%	33,06%	0,00%	61,98%	2,20%	0,00%	100%	9,82%
73	14,29%	85,71%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,19%
85	0,00%	88,24%	0,00%	11,76%	0,00%	0,00%	100%	0,46%
78	0,00%	82,14%	0,00%	0,00%	17,86%	0,00%	100%	0,76%
87	0,00%	20,00%	20,00%	0,00%	60,00%	0,00%	100%	0,14%
82	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,32%
22	6,67%	88,33%	0,00%	5,00%	0,00%	0,00%	100%	1,62%
25	6,69%	84,10%	0,84%	3,35%	4,18%	0,84%	100%	6,47%
1	0,00%	52,38%	4,76%	38,10%	4,76%	0,00%	100%	0,57%
16	1,52%	78,79%	0,00%	6,06%	6,06%	7,58%	100%	1,79%
52	1,39%	97,22%	0,00%	1,39%	0,00%	0,00%	100%	1,95%
55	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,05%
TOTAL	3,33%	76,04%	2,45%	14,36%	3,43%	0,39%	100%	55,22%
Grupo no Total de enfermidad.	4,55%	72,13%	1,62%	16,75%	4,36%	0,60%	100%	

Táboa 47. Porcentaxes das enfermidades nos homes entre o 2009 e o 2014 segundo os CNAE con maior número de enfermidades nas mulleres e grupos de enfermidade.

Grupos de enfermidade (2009-2014)								
CNAE, mulleres	I-Por axentes químicos	II-Por axentes físicos	III- Por axentes biolóxicos	IV- Por inhalación de substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	V-Da pel por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	VI- Carcinógenos	TOTAL	CNAE respecto ao total das enfermidades
47	0,36%	96,36%	0,55%	0,55%	2,19%	0,00%	100%	17,13%
10	1,98%	89,21%	0,66%	4,19%	3,96%	0,00%	100%	14,17%
86	3,64%	27,53%	58,30%	1,21%	8,91%	0,40%	100%	7,71%
14	2,79%	93,95%	0,00%	1,86%	1,40%	0,00%	100%	6,71%
29	7,18%	88,72%	0,00%	0,51%	3,59%	0,00%	100%	6,09%
81	4,02%	87,36%	0,57%	1,72%	6,32%	0,00%	100%	5,43%
84	1,90%	56,96%	6,33%	8,23%	26,58%	0,00%	100%	4,93%
96	14,58%	56,25%	0,69%	6,94%	21,53%	0,00%	100%	4,49%
56	4,92%	84,43%	0,00%	0,00%	10,66%	0,00%	100%	3,81%
46	5,50%	92,66%	0,00%	0,92%	0,92%	0,00%	100%	3,40%
23	6,17%	69,14%	0,00%	19,75%	4,94%	0,00%	100%	2,53%
73	1,27%	98,73%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	2,47%
85	2,70%	82,43%	2,70%	8,11%	4,05%	0,00%	100%	2,31%
78	3,28%	88,52%	1,64%	0,00%	6,56%	0,00%	100%	1,90%
87	0,00%	50,00%	38,89%	3,70%	7,41%	0,00%	100%	1,69%
82	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	1,19%
22	2,86%	97,14%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	1,09%
25	0,00%	93,94%	0,00%	3,03%	3,03%	0,00%	100%	1,03%
01	3,13%	50,00%	9,38%	28,13%	9,38%	0,00%	100%	1,00%
16	16,13%	64,52%	0,00%	0,00%	19,35%	0,00%	100%	0,97%
52	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,87%
55	4,55%	90,91%	0,00%	0,00%	4,55%	0,00%	100%	0,69%
TOTAL	3,44%	80,65%	6,44%	3,10%	6,34%	0,03%	100%	91,60%
Grupo no Total de enfermidad.	3,53%	80,62%	6,12%	3,12%	6,59%	0,03%	100%	

Táboa 48. Porcentaxes das enfermidades nas mulleres entre o 2009 e o 2014 segundo os CNAE con maior número de enfermidades nas mulleres e grupos de enfermidade.

As dúas seguintes táboas son as correspondentes ao ano 2009 das enfermidades desagregadas por Grupo e actividade CNAE a dous díxitos, correspondendo a [49](#) aos homes e a [50](#) ás mulleres.

Como se indicou anteriormente, só se destacan as celas que superen a porcentaxe sobre o total, que sexan dos CNAE correspondentes da táboa das enfermidades das traballadoras, por ser as enfermidades laborais destas o motivo deste estudo, indícanse só en grosa cando non se supera devandita porcentaxe.

Na análise por grupos de enfermidade, da [táboa 49](#) (homes) pódense comentar:

- O grupo I (axentes químicos) ten no CNAE 29 (Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques) unha porcentaxe do 4,35% dos casos, que numericamente é relevante ao ser un CNAE cun 9,14% do total das enfermidades.
- O grupo III (axentes biolóxicos) ten no CNAE 86 (Actividades sanitarias) unha porcentaxe importante, un 75,00%, aínda que numericamente sexan poucos isto non lle quita

importancia ao concentrarse nun grupo de enfermidade concreto. Outro CNAE destacable por porcentaxe, o 84, ten un número de casos pouco significativo.

- O grupo IV (por inhalación) ten no CNAE 23 (Fabricación doutros produtos minerais non metálicos) unha porcentaxe importante, o 52,38%, dun número de casos tamén importante.
- O grupo V (da pel) ten dentro das celas en cor dúas porcentaxes destacables: o 3,57% do CNAE 23 (Fabricación doutros produtos minerais non metálicos) e o 33,33% do CNAE 78 (Actividades relacionadas co emprego), aínda que con moi poucos casos polo que resulta pouco significativo.

Na análise por grupos de enfermidade, da [táboa 50](#) (mulleres) pódense comentar dentro das celas destacadas por cor, as seguintes porcentaxes:

- O grupo I (axentes químicos) ten unha porcentaxe no conxunto dos CNAE indicados do 3,34% e no total de enfermidades do 4,05%. Respecto dos CNAE destacados: no CNAE 29 (Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques) ten unha porcentaxe do 9,65%, sendo máis do dobre á porcentaxe da [táboa 49](#); no CNAE 23 (Fabricación doutros produtos minerais non metálicos) a porcentaxe sobe ata o 10,34%, no CNAE 81 (Servizos a edificios e actividades de xardinería) a porcentaxe é do 7,41%, no CNAE 56 (Servizos de comidas e bebidas) do 8,33%, no CNAE 96 (Outros servizos persoais) do 11,11% e no CNAE 14 (Confección de pezas de vestir) do 12,50%, sendo a porcentaxe do CNAE 78 (Actividades relacionadas co emprego) pouco significativo por corresponder a un CNAE cun 1,16% do total das enfermidades das traballadoras no ano 2009.
- O grupo III (axentes biolóxicos) ten no CNAE 86 (Actividades sanitarias) unha porcentaxe do 50,00%, unha porcentaxe importante dada a importancia numérica das enfermidades declaradas neste CNAE, pero inferior ao 75,00% da [táboa 49](#), pero neste último caso cun número moito menor de traballadores afectados. No CNAE 84 (Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria) a porcentaxe do 25,93% das enfermidades é moito máis importante que o 5,88% da táboa 49; o 5,56% do CNAE 96 (Outros servizos persoais) é pouco significativo, do mesmo xeito que o 25,00% do CNAE 87 (Asistencia en establecementos residenciais).
- No grupo IV (por inhalación) a porcentaxe destas enfermidades no total de casos de enfermidade laboral rexistrados en mulleres é do 4,05%, porcentaxe este inferior ao dos homes que é do 18,68%. Dentro deste grupo de enfermidades pódense destacar os seguintes CNAE: no CNAE 23 (Fabricación doutros produtos minerais non metálicos) a porcentaxe é do 10,34%, no CNAE 84 (Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria) a porcentaxe é do 18,52%, no CNAE 96 (Outros servizos persoais) a porcentaxe é do 27,78%, no CNAE 14 (Confección de pezas de vestir) a porcentaxe é do 12,50%. Dáse a circunstancia que son o mesmo número de casos nos CNAE 84 e 96.
- As enfermidades do grupo V (da pel) ten unha maior porcentaxe entre as mulleres que entre os homes, o 5,41% na primeiras fronte ao 4,64% nos segundos. Os CNAE en que estas enfermidades son máis destacables son: O CNAE 47 (Comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas), cun número importante de casos ao ser este o segundo CNAE con maior número de declaracións de enfermidade profesional no 2009, o CNAE 23 (Fabricación doutros produtos minerais non metálicos) co 6,90% dos casos, o CNAE 56 (Servizos de comidas e bebidas) co 12,50% e o CNAE 96 (Outros servizos persoais) co 16,67%. Cun número de casos menos significativo pódense indicar o seguintes CNAE: o CNAE 14 (Confección de pezas de vestir) co 6,25%, o CNAE 78 (Actividades relacionadas co emprego) co 16,67% e o CNAE 87 (Asistencia en establecementos residenciais) co 25,00%.

Grupos de enfermidade 2009								
CNAE, homes	I-Por axentes químicos	II-Por axentes físicos	III- Por axentes biolóxicos	IV- Por inhalación de substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	V-Da pel por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	VI- Carcinóxenos	TOTAL	CNAE respecto ao total das enfermidades
10	0,00%	83,33%	2,38%	14,29%	0,00%	0,00%	100%	5,56%
47	0,00%	95,24%	4,76%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	2,78%
46	3,57%	89,29%	0,00%	7,14%	0,00%	0,00%	100%	3,71%
29	4,35%	94,20%	0,00%	0,00%	1,45%	0,00%	100%	9,14%
23	2,38%	41,67%	0,00%	52,38%	3,57%	0,00%	100%	11,13%
86	0,00%	25,00%	75,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,53%
81	0,00%	85,71%	0,00%	0,00%	14,29%	0,00%	100%	0,93%
84	5,88%	58,82%	5,88%	11,76%	17,65%	0,00%	100%	2,25%
56	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,53%
96	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0%	0,00%
14	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,26%
85	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,26%
52	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,93%
55	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0%	0,00%
78	0,00%	66,67%	0,00%	0,00%	33,33%	0,00%	100%	0,40%
25	7,50%	77,50%	0,00%	7,50%	5,00%	2,50%	100%	5,30%
22	16,67%	83,33%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,79%
73	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0%	0,00%
87	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0%	0,00%
01	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0%	0,00%
82	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,26%
16	6,67%	80,00%	0,00%	6,67%	6,67%	0,00%	100%	1,99%
TOTAL	3,40%	74,79%	1,70%	16,43%	3,40%	0,28%	100%	46,75%
Grupo no Total de enfermidad.	5,83%	69,27%	1,06%	18,68%	4,64%	0,53%	100%	

Táboa 49. Porcentaxes das enfermidades nos homes no ano 2009 segundo os CNAE con maior número de enfermidades nas mulleres e grupos de enfermidade.

Grupos de enfermidade 2009								
CNAE, mulleres	I-Por axentes químicos	II-Por axentes físicos	III- Por axentes biolóxicos	IV- Por inhalación de substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	V-Da pel por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	VI- Carcinóxenos	TOTAL	CNAE respecto ao total das enfermidades
10	1,03%	93,81%	0,00%	2,06%	3,09%	0,00%	100%	18,73%
47	0,00%	87,50%	1,14%	1,14%	10,23%	0,00%	100%	16,99%
46	0,00%	97,06%	0,00%	0,00%	2,94%	0,00%	100%	6,56%
29	9,68%	90,32%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	5,98%
23	10,34%	72,41%	0,00%	10,34%	6,90%	0,00%	100%	5,60%
86	0,00%	46,43%	50,00%	0,00%	3,57%	0,00%	100%	5,41%
81	7,41%	88,89%	0,00%	3,70%	0,00%	0,00%	100%	5,21%
84	0,00%	55,56%	25,93%	18,52%	0,00%	0,00%	100%	5,21%
56	8,33%	79,17%	0,00%	0,00%	12,50%	0,00%	100%	4,63%
96	11,11%	38,89%	5,56%	27,78%	16,67%	0,00%	100%	3,47%
14	12,50%	68,75%	0,00%	12,50%	6,25%	0,00%	100%	3,09%
85	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	1,93%
52	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	1,74%
55	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	1,35%
78	16,67%	66,67%	0,00%	0,00%	16,67%	0,00%	100%	1,16%
25	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	1,16%
22	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,97%
73	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,77%
87	0,00%	50,00%	25,00%	0,00%	25,00%	0,00%	100%	0,77%
01	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,77%
82	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,58%
16	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,39%
TOTAL	3,34%	82,46%	5,01%	3,97%	5,22%	0,00%	100%	92,47%
Grupo no Total de enfermidad.	4,05%	81,85%	4,63%	4,05%	5,41%	0,00%	100%	

Táboa 50. Porcentaxes das enfermidades nas mulleres no ano 2009 segundo os CNAE con maior número de enfermidades nas mulleres e grupos de enfermidade.

Correspondentes ao ano 2014 son as [táboas 51](#) (traballadores) e [52](#) (traballadoras). Se a porcentaxe do total de enfermidades das mulleres é practicamente igual no [ano 2009](#) ao de 2014, 92,47% por 92,98% no 2014, os CNAE con maior número de enfermidades entre as mulleres aumentaron a súa porcentaxe total de enfermidades entre os homes con respecto ao ano 2009, no que eran o 46,75%, ao 55,05% no 2014, cun número de enfermidades declaradas menor.

Na análise por grupos de enfermidade, da [táboa 51](#) (homes) pódense comentar:

- No grupo I (axentes químicos) os dous CNAE que se destacaron na táboa das traballadoras, o 96 e o 46, non rexistraron casos este ano entre os traballadores.
- O grupo III (axentes biolóxicos) ten no CNAE 86 (Actividades sanitarias) o único cun número de casos importante, supoñendo el só o 57,14% do total das enfermidades deste grupo no ano, e o 72,73% das enfermidades deste CNAE. No outro CNAE destacable, o 87 (Asistencia en establecementos residenciais) dáse a circunstancia de que o único caso de enfermidade dáse neste grupo, o cal non sería significativo por se mesmo, pero o é ao combinar este dato co da [táboa das traballadoras](#).
- No grupo IV (por inhalación) coméntanse dous CNAE: o 01 (Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados coas mesmas) cun 20,00%, pero con só un caso e o moi importante tanto por porcentaxe como por número de casos CNAE 23 (Fabricación doutros produtos minerais non metálicos) co 70,18%.
- O grupo V (da pel) ten tres porcentaxes en cor destacables, pero só o correspondente ao CNAE 84 (Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria), co 18,75% corresponde a máis dun caso de enfermidade, sendo os outros dous: CNAE 86 (Actividades sanitarias) co 9,09% e o CNAE 56 (Servizos de comidas e bebidas) co 16,67%.

Na análise por grupos de enfermidade, da [táboa 52](#) (mulleres) pódense comentar dentro das celas destacadas por cor, as seguintes porcentaxes:

- O grupo I (axentes químicos) diminuíu a súa importancia respecto dos datos da [táboa 50](#) correspondente ao ano 2009. A porcentaxe deste grupo no total descendeu ata un 1,23%, sendo destacables por porcentaxe só dous CNAE: o 96 (Outros servizos persoais) co 6,06% e o 7,69% do CNAE 46 (Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas).
- O grupo III (axentes biolóxicos) experimentou respecto ao ano 2009 un gran incremento. Se nese ano as enfermidades deste grupo eran o 4,63% do total, no 2014 son o 9,47% cun maior número de casos totais. No ano 2014 só dous CNAE superan a porcentaxe deste grupo no total, concentrando de forma similar a como ocorría no 2009 a maioría dos casos: o CNAE 86 (Actividades sanitarias) co 62,96% e o CNAE 87 (Asistencia en establecementos residenciais) co 80,00%.
- Do mesmo xeito que no ano 2009, o grupo IV (por inhalación) ten unha menor importancia por número de enfermidades declaradas e por porcentaxe do total, entre as mulleres que entre os homes. Os CNAE con porcentaxes destacables variaron en relación ao 2014 salvo o 23 (Fabricación doutros produtos minerais non metálicos) que se mantén por riba do valor do grupo de enfermidades no total, cun número de casos moi similar aínda que con porcentaxes distintas. Nos CNAE que se detallan no 2014: o CNAE 10 (Industria da alimentación) ten un 10,00% das enfermidades dentro do Grupo IV, sendo o máis importante por número de casos co 44,44% do total deste Grupo, o CNAE 81 (Servizos a edificios e actividades de xardinería) apenas supera a porcentaxe sobre o total de enfermidades e é pouco significativo, no CNAE 01 (Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados coas mesmas) a metade dos casos corresponde ao grupo IV, sendo o segundo CNAE por número de casos co 16,67% do total do grupo e no CNAE 23 (Fabricación doutros produtos minerais non metálicos) o 40,00% dos casos de enfermidade declarados o son de enfermidades deste grupo, importante pero inferior ao peso que ten este CNAE neste grupo de enfermidades nos homes.
- O grupo V (da pel) é o terceiro grupo de enfermidade por número de casos entre as traballadoras a moi pouca distancia do segundo, aumentando a súa porcentaxe e número de casos respecto ao ano 2009, [táboa 50](#). Tendo no 2014 máis do dobre en casos e porcentaxe entre as mulleres que entre os homes. Dentro dos CNAE pódense destacar

varios empezando polo CNAE 86 (Actividades sanitarias) co 11,11% das enfermidades do grupo neste CNAE. O CNAE 84 (Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria) é o CNAE máis importante neste grupo de enfermidades supoñendo o só o 45,28% do total do grupo, sendo estas enfermidades o 47,06% de todas as deste CNAE. O seguinte CNAE por número de casos é o CNAE 96 (Outros servizos persoais) co 36,36% das enfermidades pertencentes a este grupo, incrementándose o número de casos e a porcentaxe desde o ano 2009. No CNAE 56 a porcentaxe é do 18,75% co mesmo número de casos que no 2009. O CNAE 01 (Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados coas mesmas) é pouco significativo polo escaso número de casos e no CNAE 94 (Actividades asociativas) este grupo ten o 40,00% dos casos.

Grupos de enfermidade 2014								
CNAE homes	I-Por axentes químicos	II-Por axentes físicos	III- Por axentes biolóxicos	IV- Por inhalación de substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	V-Da pel por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	VI- Carcinóxenos	TOTAL	CNAE respecto ao total das enfermidades
47	5,88%	94,12%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	3,07%
10	0,00%	88,46%	0,00%	7,69%	3,85%	0,00%	100%	4,69%
86	0,00%	18,18%	72,73%	0,00%	9,09%	0,00%	100%	1,99%
84	12,50%	62,50%	0,00%	6,25%	18,75%	0,00%	100%	2,89%
29	6,85%	84,93%	0,00%	1,37%	6,85%	0,00%	100%	13,18%
96	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,18%
81	0,00%	92,86%	0,00%	0,00%	7,14%	0,00%	100%	2,53%
14	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,18%
56	16,67%	66,67%	0,00%	0,00%	16,67%	0,00%	100%	1,08%
85	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,54%
87	0,00%	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,18%
46	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	1,99%
78	0,00%	66,67%	0,00%	0,00%	33,33%	0,00%	100%	0,54%
82	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	0,36%
25	6,98%	90,70%	2,33%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	7,76%
01	0,00%	60,00%	20,00%	20,00%	0,00%	0,00%	100%	0,90%
22	0,00%	86,67%	0,00%	13,33%	0,00%	0,00%	100%	2,71%
23	1,75%	26,32%	0,00%	70,18%	1,75%	0,00%	100%	10,29%
88	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0%	0,00%
94	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0%	0,00%
TOTAL	4,26%	72,13%	3,61%	15,41%	4,59%	0,00%	100%	55,05%
Grupo no Total de enfermíd.	4,15%	72,92%	2,53%	15,70%	4,33%	0,36%	100%	

Táboa 51. Porcentaxes das enfermidades nos homes no ano 2014 segundo os CNAE con maior número de enfermidades nas mulleres e grupos de enfermidade.

Grupos de enfermidade 2014								
CNAE mulleres	I-Por axentes químicos	II-Por axentes físicos	III- Por axentes biolóxicos	IV- Por inhalación de substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	V-Da pel por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados	VI- Carcinóxenos	TOTAL	CNAE respecto ao total das enfermidades
47	0,00%	98,06%	1,94%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	18,07%
10	0,00%	87,50%	2,50%	10,00%	0,00%	0,00%	100%	14,04%
86	0,00%	25,93%	62,96%	0,00%	11,11%	0,00%	100%	9,47%
84	0,00%	49,02%	3,92%	0,00%	47,06%	0,00%	100%	8,95%
29	2,50%	97,50%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	7,02%
96	6,06%	57,58%	0,00%	0,00%	36,36%	0,00%	100%	5,79%
81	3,57%	89,29%	0,00%	3,57%	3,57%	0,00%	100%	4,91%
14	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	3,68%
56	0,00%	81,25%	0,00%	0,00%	18,75%	0,00%	100%	2,81%
85	6,67%	86,67%	0,00%	0,00%	6,67%	0,00%	100%	2,63%
87	0,00%	20,00%	80,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	2,63%
46	7,69%	92,31%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	2,28%
78	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	2,28%
82	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	2,28%

25	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	1,40%
01	0,00%	33,33%	0,00%	50,00%	16,67%	0,00%	100%	1,05%
22	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100%	1,05%
23	0,00%	60,00%	0,00%	40,00%	0,00%	0,00%	100%	0,88%
88	0,00%	80,00%	0,00%	20,00%	0,00%	0,00%	100%	0,88%
94	0,00%	60,00%	0,00%	0,00%	40,00%	0,00%	100%	0,88%
TOTAL	1,13%	76,79%	9,81%	2,83%	9,43%	0,00%	100%	92,98%
Grupo no Total de enfermidades	1,23%	76,84%	9,47%	3,16%	9,30%	0,00%	100%	

Táboa 52. Porcentaxes das enfermidades nas mulleres no ano 2014 segundo os CNAE con maior número de enfermidades nas mulleres e grupos de enfermidade.

Nas táboas da [53](#) a [58](#) detállanse as porcentaxes do cruzamento, dunha variable composta do Grupo e Axente causante dunha enfermidade profesional nas filas e os sectores de actividade nas columnas. Nestas táboas destacáronse con cor as celas cuxos porcentaxes, que están referidos respecto ao total de casos da columna ou sector na que están, corresponden a máis de 10 casos de enfermidade, agás algunhas celas en gris que indican porcentaxes altas con interese pero de menos casos de enfermidade.

Para o comentario dos valores das táboas escolleranse as celas con datos máis interesantes desde o punto de vista do número de casos e do interese dun grupo-axente concreto nun sector determinado. Hai que ter en conta ademais de que hai valores do variable grupo-axente que teñen un número de casos moi elevado, que se expresa na porcentaxe sobre o total na columna máis á dereita das táboas, isto ocorre como era de esperar nos axentes asociados a enfermidades do Grupo II. A relación completa de axentes asociados a enfermidades profesionais está indicada no R.D. 1299/2006 polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social.

As dúas primeiras táboas refírense ao conxunto de enfermidades profesionais declaradas entre os anos 2009 e 2014 inclusive, sendo a 53 a correspondente aos homes e a 54 ás mulleres. As táboas non teñen o mesmo tamaño xa que se eliminaron as combinacións grupo-axente con ningunha enfermidade declarada. Nas mulleres ao estar máis concentradas en menos actividades e en consecuencia expostas a menos variedade de axentes, e ser as enfermidades declaradas nelas un 13,31% menos que as dos homes, as súas táboas resultan de menor extensión.

Da [táboa 53](#) das enfermidades dos traballadores entre o 2009 e o 2014 destácanse en cada sector:

- Na agricultura co 0,95% dun total de 3.696 enfermidades, ademais do 42,86% das *Enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo; enfermidades por fatiga e inflamación das vaíñas tendinosas, de tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas (2D)*, destácase o 20,00% das *Enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo: parálise dos nervios debidos á presión (2F)* e o 22,86% das producidas por *Sustancias de alto peso molecular (sustancias de orixe vexetal, animal, microorganismos, e sustancias enzimáticas de orixe vexetal, animal e/ou de microorganismos (4H)*.
- Na pesca co 2,44% do total de enfermidades, o 43,33% corresponden ao grupo-axente 2D, o 35,56% ao grupo-axente 2F e o 5,56% ás producidas por *Axentes e sustancias de alto peso molecular, por riba dos 1.000 daltons -sustancias de orixe vexetal, animal, microorganismos e sustancias enzimáticas de orixe vexetal, animal e/ou de microorganismos- (5B)*.
- Na industria co 59,66% do total de enfermidades, as maiores porcentaxes son: dentro das producidas por axentes químicos o 0,82% das producidas por *Isocianatos (1Q)*, dos axentes físicos o 43,22% do grupo-axente 2D, nas enfermidades do grupo IV (por inhalación) o 16,19% das causadas por po de sílice libre (4A), nas do grupo V (da pel) o 2,13% das producidas por *Sustancias de baixo peso molecular por baixo dos 1.000 daltons (metais e os seus sales, pos de madeiras, produtos farmacéuticos, sustancias químico plásticas, aditivos, disolventes, conservantes, catalizadores, perfumes, adhesivos,*

acrilatos, resinas de baixo peso molecular, formaldehído e derivados, etc. (5A), e no grupo VI (Carcinóxenos) o 0,23% das *producidas Polo po de madeira dura* (6L).

- Na construción co 15,29% do total de enfermidades, nas producidas por axentes químicos o 4,42% corresponden ás producidas por *metais* (1A), nas producidas por axentes físicos o 44,25% corresponde ao grupo-axente 2D, nas enfermidades do grupo IV (por inhalación) o 5,31% son do grupo-axente 4A, nas do grupo V (da pel) o 5,13% son do grupo-axente 5A e no grupo VI (carcinóxenos) o 0,71% son producidas polo *amianto* (6A).
- Os servizos co 21,67 do total de enfermidades, nas producidas por axentes físicos destaca o grupo-axente 2D co 61,42% das enfermidades do sector, nos axentes biolóxicos o 5,12% de *Enfermidades infecciosas causadas polo traballo das persoas que se ocupan da prevención, asistencia médica e actividades nas que se probou un risco de infección - excluídos aqueles microorganismos incluídos no grupo I do R.D. 664/1997, do 12 de maio regulador da protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo-* (3A), nas enfermidades por inhalación, o 1,12% das producidas por *Sustancias de alto peso molecular -sustancias de orixe vexetal, animal, microorganismos, e sustancias enzimáticas de orixe vexetal, animal e/ou de microorganismos-* (4H), nas enfermidades da pel, o 3,75% do grupo-axente 5A e nos carcinóxenos o 0,25% das producidas polos *Hidrocarburos aromáticos policíclicos –PAH-, produtos de destilación do carbón: hollín, alcatrán, betún, brea, antraceno, aceites minerais, parafina bruta e aos compostos, produtos, residuos destas sustancias e a outros factores carcinóxenos. Destilación da hulla.* (6J).

Da [táboa 54](#) das enfermidades das traballadoras entre o 2009 e o 2014 destácanse en cada sector:

- Na agricultura co 1,03% dun total de 3.204 enfermidades destaca dentro do grupo II, as producidas por axentes físicos, o 39,39% das enfermidades do grupo-axente 2D; tamén neste grupo, o 12,12% das do grupo-axente 2F e nas enfermidades do grupo IV (por inhalación) o 22,86% das *Sustancias de alto peso molecular (sustancias de orixe vexetal, animal, microorganismos, e sustancias enzimáticas de orixe vexetal, animal e/ou de microorganismos* (4H). Estes datos son similares aos das enfermidades dos homes no sector.
- Na pesca co 0,41% do total de enfermidades, o 46,15% corresponden ao grupo-axente 2D e o 30,77% ao grupo-axente 2F, porcentaxes estes similares pero con bastantes menos casos que nos homes.
- Na industria co 35,74% do total de enfermidades, as maiores porcentaxes son: dentro das producidas por axentes químicos o 0,82% das producidas por *Isocianatos* (1Q), similar en porcentaxe pero coa metade de casos que nos homes, dos axentes físicos o 60,35% do grupo-axente 2D, porcentaxe superior ao dos homes pero cun menor número de casos, nas enfermidades do grupo IV (por inhalación) o 1,75% das producidas por *Sustancias de alto peso molecular -sustancias de orixe vexetal, animal, microorganismos, e sustancias enzimáticas de orixe vexetal, animal e/ou de microorganismos-* (4H), porcentaxe este lixeiramente superior ao dos homes pero cun número de casos inferior, e nas do grupo V (da pel), o 2,79% das do grupo-axente 5A, porcentaxe superior ao dos homes pero con menor número de casos, e o 1,14% das producidas por *Axentes e sustancias de alto peso molecular, por riba dos 1.000 daltons -sustancias de orixe vexetal, animal, microorganismos e sustancias enzimáticas de orixe vexetal, animal e/ou de microorganismos-* (5B).
- Na construción aténdose ás porcentaxes máis que ao número de casos, pódense destacar: o 42,86% de casos no grupo-axente 2D, o 35,71% do grupo-axente 2F e dentro do grupo IV (por inhalación) o 14,29% das enfermidades do grupo-axente 4H.
- Nos servizos concéntranse o 62,39% das enfermidades declaradas das traballadoras polo que é lóxico que se dean combinacións grupo-axente cun número importante de casos. Nas enfermidades por axentes químicos, o 0,70% son producidas por *Metais* (1A) e o 0,60% por *alcois e fenois* (1F). Nas producidas por axentes físicos, a maior porcentaxe corresponde ao grupo-axente 2D co 43,82%, seguido do grupo-axente 2F co 22,66% e do 8,95% de *Nódulos das cordas vocais por mor dos esforzos sostidos da voz por motivos profesionais* (2L). Nas enfermidades por axentes biolóxicos as máis frecuentes son as

*Enfermedades infecciosas causadas polo traballo das persoas que se ocupan da prevención, asistencia médica e actividades nas que se probou un risco de infección - excluídos aqueles microorganismos incluídos no grupo I do [R.D. 664/1997, do 12 de maio regulador da protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo](#)- (3A) con o 8,75% das enfermidades do sector seguidas das *Enfermedades infecciosas ou parasitarias transmitidas ao home polos animais ou polos seus produtos e cadáveres* co 0,55% (3B). Nas enfermidades por inhalación, o 0,85% corresponden ás do grupo-axente 4H e o 1,50% ás enfermidades producidas por *Sustancias de baixo peso molecular -metais e os seus sales, pos de madeiras, produtos farmacéuticos, sustancias químico plásticas, aditivos, etc.-* (4I). Nas enfermidades da pel, o 4,25% das enfermidades do sector corresponden ao grupo-axente 5A, o 1,55% ao grupo-axente 5B e o 1,65% ás enfermidades producidas por *Axentes infecciosos* (5D).*

Enfermedades nos homes (2009-2014)						
Grupo-Axente	Sector					% Grupo-Axente no Total
	Agricultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos	
1A	0,00%	0,00%	0,59%	4,42%	1,12%	1,27%
1B	0,00%	0,00%	0,00%	0,18%	0,00%	0,03%
1C	0,00%	0,00%	0,05%	0,18%	0,12%	0,08%
1D	0,00%	0,00%	0,18%	0,18%	0,00%	0,14%
1E	0,00%	0,00%	0,18%	0,53%	0,00%	0,19%
1F	0,00%	0,00%	0,23%	0,00%	0,25%	0,19%
1G	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,37%	0,08%
1H	0,00%	0,00%	0,18%	0,18%	0,37%	0,22%
1I	0,00%	0,00%	0,32%	0,18%	0,12%	0,24%
1J	0,00%	0,00%	0,09%	0,18%	0,12%	0,11%
1K	0,00%	0,00%	0,05%	0,00%	0,37%	0,11%
1L	0,00%	0,00%	0,05%	0,35%	0,25%	0,14%
1M	0,00%	0,00%	0,68%	1,77%	0,25%	0,73%
1N	0,00%	0,00%	0,27%	0,18%	0,12%	0,22%
1O	0,00%	0,00%	0,00%	0,35%	0,00%	0,05%
1Q	0,00%	0,00%	0,82%	0,00%	0,12%	0,51%
1S	0,00%	0,00%	0,00%	0,18%	0,00%	0,03%
1T	0,00%	0,00%	0,23%	0,00%	0,12%	0,16%
1U	0,00%	0,00%	0,00%	0,18%	0,12%	0,05%
2A	2,86%	4,44%	12,24%	4,78%	2,87%	8,79%
2B	0,00%	0,00%	1,00%	0,71%	0,87%	0,89%
2C	0,00%	1,11%	1,13%	12,92%	1,37%	2,98%
2D	42,86%	43,33%	43,22%	44,25%	61,42%	47,32%
2E	0,00%	1,11%	0,00%	0,00%	0,12%	0,05%
2F	20,00%	35,56%	10,02%	7,26%	11,74%	10,69%
2G	0,00%	0,00%	0,41%	1,95%	0,25%	0,60%
2H	0,00%	3,33%	0,00%	0,53%	0,00%	0,16%
2I	0,00%	0,00%	0,09%	0,00%	0,00%	0,05%
2J	0,00%	0,00%	0,05%	0,00%	0,12%	0,05%
2L	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	2,25%	0,49%

2M	0,00%	0,00%	0,05%	0,00%	0,12%	0,05%
3A	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	5,12%	1,11%
3B	5,71%	0,00%	0,18%	0,00%	0,25%	0,22%
3C	0,00%	1,11%	0,18%	0,00%	0,00%	0,14%
3D	0,00%	1,11%	0,00%	0,00%	0,62%	0,16%
4A	0,00%	0,00%	16,19%	5,31%	1,00%	10,69%
4B	0,00%	0,00%	0,09%	0,18%	0,12%	0,11%
4C	0,00%	0,00%	3,31%	1,24%	0,12%	2,19%
4D	0,00%	0,00%	1,68%	0,53%	0,12%	1,11%
4E	0,00%	0,00%	0,14%	0,18%	0,00%	0,11%
4G	0,00%	0,00%	0,05%	0,35%	0,00%	0,08%
4H	22,86%	1,11%	1,68%	0,71%	1,12%	1,60%
4I	0,00%	0,00%	1,00%	0,53%	0,87%	0,87%
5A	0,00%	2,22%	2,13%	5,13%	3,75%	2,92%
5B	2,86%	5,56%	0,68%	3,54%	0,75%	1,27%
5C	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,12%	0,03%
5D	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,62%	0,14%
6A	0,00%	0,00%	0,14%	0,71%	0,12%	0,22%
6I	0,00%	0,00%	0,05%	0,00%	0,00%	0,03%
6J	2,86%	0,00%	0,14%	0,18%	0,25%	0,19%
6K	0,00%	0,00%	0,05%	0,00%	0,00%	0,03%
6L	0,00%	0,00%	0,23%	0,00%	0,00%	0,14%
% Sector no TOTAL	0,95%	2,44%	59,66%	15,29%	21,67%	100%

Táboa 53. Porcentaxes das enfermidades nos homes segundo o Grupo-Axente e os Sectores de actividade, anos 2009-2014.

Enfermidades nas mulleres (2009-2014)						
Grupo-Axente	Sectores					% Grupo-Axente no Total
	Agricultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos	
1A	0,00%	0,00%	0,52%	0,00%	0,70%	0,62%
1C	0,00%	0,00%	0,09%	0,00%	0,05%	0,06%
1D	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,10%	0,06%
1E	3,03%	0,00%	0,26%	0,00%	0,20%	0,25%
1F	0,00%	0,00%	0,35%	0,00%	0,60%	0,50%
1G	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,30%	0,19%
1H	0,00%	0,00%	0,17%	0,00%	0,15%	0,16%
1I	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,25%	0,16%
1J	0,00%	0,00%	0,35%	0,00%	0,05%	0,16%
1K	0,00%	0,00%	0,17%	0,00%	0,30%	0,25%
1L	0,00%	0,00%	0,44%	0,00%	0,25%	0,31%
1M	0,00%	0,00%	0,44%	7,14%	0,00%	0,19%
1N	0,00%	0,00%	0,35%	0,00%	0,05%	0,16%
1O	0,00%	0,00%	0,09%	0,00%	0,05%	0,06%
1Q	0,00%	0,00%	0,79%	0,00%	0,05%	0,31%
1S	0,00%	0,00%	0,17%	0,00%	0,05%	0,09%

2A	0,00%	0,00%	0,44%	0,00%	0,20%	0,28%
2B	0,00%	0,00%	0,87%	0,00%	0,80%	0,81%
2C	0,00%	15,38%	0,70%	0,00%	0,40%	0,56%
2D	39,39%	46,15%	60,35%	42,86%	43,82%	49,69%
2E	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,15%	0,09%
2F	12,12%	30,77%	24,28%	35,71%	22,66%	23,22%
2G	0,00%	0,00%	0,09%	0,00%	0,05%	0,06%
2I	0,00%	0,00%	0,17%	0,00%	0,10%	0,12%
2J	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,30%	0,19%
2L	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	8,95%	5,59%
3A	0,00%	0,00%	0,09%	0,00%	8,75%	5,49%
3B	9,09%	0,00%	0,09%	0,00%	0,55%	0,47%
3D	0,00%	7,69%	0,17%	0,00%	0,10%	0,16%
4A	0,00%	0,00%	1,22%	0,00%	0,00%	0,44%
4D	3,03%	0,00%	0,17%	0,00%	0,00%	0,09%
4H	24,24%	0,00%	1,75%	14,29%	0,85%	1,47%
4I	0,00%	0,00%	0,52%	0,00%	1,50%	1,12%
5A	0,00%	0,00%	2,79%	0,00%	4,25%	3,65%
5B	6,06%	0,00%	1,14%	0,00%	1,55%	1,44%
5C	0,00%	0,00%	0,79%	0,00%	0,15%	0,37%
5D	3,03%	0,00%	0,17%	0,00%	1,65%	1,12%
6N	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,05%	0,03%
TOTAL	1,03%	0,41%	35,74%	0,44%	62,39%	100%

Táboa 54. Porcentaxes das enfermidades nas mulleres segundo o Grupo-Axente e os Sectores de actividade, anos 2009-2014.

As [táboas 55](#) e [56](#) refírense ás enfermidades profesionais declaradas no ano 2009 en homes e mulleres. Como se indicou anteriormente, ao estar as traballadoras en menor número de actividades e en consecuencia expostas a menos variedade de axentes, as enfermidades declaradas nelas son un 31,39% menos que as dos homes e polo tanto a súa táboa resulta de menor extensión.

[Da táboa 55](#) das enfermidades dos traballadores no ano 2009 destácanse en cada sector:

- Na agricultura co 0,53% dun total de 755 enfermidades, a metade das mesmas son provocadas por *Posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo; enfermidades por fatiga e inflamación das vaíñas tendinosas, de tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas (2D)*.
- Na pesca as enfermidades declaradas supoñen o 1,46% do total dos homes neste ano. O máis significativo é o 72,73% do grupo-axente 2D.
- A maioría das enfermidades dos traballadores declárase na industria co 61,59% dos casos. Dentro do grupo dos axentes químicos, a porcentaxe máis destacable é a das enfermidades provocadas por *Metais (1A)* co 1,08%. Nas enfermidades producidas por axentes físicos son tres os axentes máis destacados: o 20,65% da *Hipoacusia ou xordeira provocada polo ruído (2A)*, o 38,06% do grupo-axente 2D e o 7,10% das *Enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo: parálise dos nervios debidos á presión (2F)*. Nas enfermidades por inhalación pódense destacar: o 13,76% das enfermidades producidas polo *Po de sílice libre (4A)*, o 6,24% de producidas por *Pos de amianto -asbesto- (4C)*, o 1,94% de producidas por *Outros pos de minerais -talco, caolín, terra de batán, bentonita, sepiolita, mica, outros silicatos naturais- (4D)* e o 2,15% de enfermidades producidas por *Sustancias de alto peso molecular -sustancias de*

orixe vexetal, animal, microorganismos, e substancias enzimáticas de orixe vexetal, animal e/ou de microorganismos- (4H). Nas enfermidades da pel, todas as enfermidades o son por *Sustancias de baixo peso molecular por baixo dos 1.000 daltons (metais e os seus sales, pos de madeiras, produtos farmacéuticos, substancias químico-plásticas, aditivos, disolventes, conservantes, catalizadores, perfumes, adhesivos, acrilatos, resinas de baixo peso molecular, formaldehido e derivados, etc.* (5A) co 1,72%.

- A construción é o segundo sector por número de casos de enfermidade este ano entre os homes co 18,54% do total. Nas enfermidades producidas por axentes químicos a maior porcentaxe corresponde ás do grupo-axente 1A con o 7,14%, tamén se pode destacar o 2,86% das producidas por *Epóxidos* (1M). Dentro das enfermidades producidas por axentes físicos coméntanse tres porcentaxes: o 10,00% do grupo-axente 2A, o 15,00% de *Enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo; enfermidades das bolsas serosas debida á presión, celulite subcutánea* (2C) e o 30,71% do grupo-axente 2D. Nas enfermidades por inhalación, o grupo-axente 4A aglutina o 5,71% dos casos do sector. Nas enfermidades da pel, son dúas as porcentaxes que se comentan: o 4,29% do grupo-axente 5A e o 9,29% das producidas por *Sustancias de baixo peso molecular por baixo dos 1.000 daltons (metais e os seus sales, pos de madeiras, produtos farmacéuticos, substancias químico plásticas, aditivos, disolventes, conservantes, catalizadores, perfumes, adhesivos, acrilatos, resinas de baixo peso molecular, formaldehido e derivados, etc.* (5B).
- Os servizos teñen o 17,88% do total das enfermidades declaradas neste ano. Nas enfermidades producidas por axentes físicos destaca o 67,41% do grupo-axente 2D. No grupo de enfermidades producidas por axentes biolóxicos, o grupo 3A de *Enfermidades infecciosas causadas polo traballo das persoas que se ocupan da prevención, asistencia médica e actividades nas que se probou un risco de infección -excluídos aqueles microorganismos incluídos no grupo I do [R.D. 664/1997, do 12 de maio regulador da protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo](#)- teñen o 2,96% das enfermidades do sector. Nas enfermidades por inhalación, co 2,96% están as enfermidades producidas por *Sustancias de baixo peso molecular -metais e os seus sales, pos de madeiras, produtos farmacéuticos, substancias químico plásticas, aditivos, etc.-* (4I). As enfermidades da pel son o 5,19% do total e son todas do grupo-axente 5A.*

Enfermidades nos homes (2009)						
Grupo-Axente	Sector					% Grupo-Axente no Total
	Agricultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos	
1A	0,00%	0,00%	1,08%	7,14%	1,48%	2,25%
1C	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,74%	0,13%
1D	0,00%	0,00%	0,22%	0,00%	0,00%	0,13%
1E	0,00%	0,00%	0,22%	0,00%	0,00%	0,13%
1F	0,00%	0,00%	0,65%	0,00%	0,00%	0,40%
1H	0,00%	0,00%	0,22%	0,71%	0,74%	0,40%
1I	0,00%	0,00%	0,65%	0,71%	0,00%	0,53%
1J	0,00%	0,00%	0,00%	0,71%	0,00%	0,13%
1L	0,00%	0,00%	0,00%	0,71%	0,00%	0,13%
1M	0,00%	0,00%	0,00%	2,86%	0,00%	0,53%
1N	0,00%	0,00%	0,65%	0,71%	0,74%	0,66%
1O	0,00%	0,00%	0,00%	0,71%	0,00%	0,13%
1Q	0,00%	0,00%	0,22%	0,00%	0,74%	0,26%
2A	25,00%	0,00%	20,65%	10,00%	2,96%	15,23%
2B	0,00%	0,00%	0,22%	0,00%	0,00%	0,13%

2C	0,00%	0,00%	1,08%	15,00%	2,96%	3,97%
2D	50,00%	72,73%	38,06%	30,71%	67,41%	42,52%
2F	0,00%	9,09%	7,10%	4,29%	5,93%	6,36%
2G	0,00%	0,00%	0,65%	2,86%	0,74%	1,06%
3A	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	2,96%	0,53%
3B	25,00%	0,00%	0,22%	0,00%	0,74%	0,40%
3D	0,00%	9,09%	0,00%	0,00%	0,00%	0,13%
4A	0,00%	0,00%	13,76%	5,71%	1,48%	9,80%
4B	0,00%	0,00%	0,43%	0,00%	0,00%	0,26%
4C	0,00%	0,00%	6,24%	0,00%	0,00%	3,84%
4D	0,00%	0,00%	1,94%	0,71%	0,00%	1,32%
4E	0,00%	0,00%	0,22%	0,00%	0,00%	0,13%
4H	0,00%	0,00%	2,15%	2,14%	1,48%	1,99%
4I	0,00%	0,00%	1,29%	0,00%	2,96%	1,32%
5A	0,00%	0,00%	1,72%	4,29%	5,19%	2,78%
5B	0,00%	9,09%	0,00%	9,29%	0,00%	1,85%
6I	0,00%	0,00%	0,22%	0,00%	0,00%	0,13%
6J	0,00%	0,00%	0,22%	0,71%	0,74%	0,40%
% Sector no TOTAL	0,53%	1,46%	61,59%	18,54%	17,88%	100%

Táboa 55. Porcentaxes das enfermidades nos homes segundo o Grupo-Axente e os Sectores de actividade no ano 2009.

Da [táboa 56](#) das enfermidades das traballadoras do ano 2009 destácanse en cada sector:

- A agricultura tivo este ano entre as mulleres o 0,77% das enfermidades declaradas, correspondendo todas elas a *Posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo; enfermidades por fatiga e inflamación das vaíñas tendinosas, de tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas* (2D).
- A porcentaxe na pesca é a metade do da agricultura, correspondendo este 0,39% a *Enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo: parálise dos nervios debidos á presión* (2F).
- A industria acumula o 39,58% do total das enfermidades das traballadoras, sendo inferior esta porcentaxe ao dos homes con menos da metade de casos declarados. Nas enfermidades por axentes químicos tres axentes teñen o mesmo porcentaxe o, 1,46%: o grupo-axente 1A de enfermidades provocadas por *Metais*, sendo a súa porcentaxe superior ao dos homes pero con menor número de casos, as enfermidades producidas por *Cetonas* (1L), sen casos nos homes, e as producidas por *Isocianatos* (1Q), superiores en porcentaxe e número de casos ás dos traballadores. Por axentes físicos dúas son as porcentaxes superiores ao resto: o 65,37% do grupo-axente 2D e o 16,10% do grupo-axente 2F, porcentaxes estas superiores ás dos traballadores con menor número de casos no primeiro e iguais no segundo. Nas enfermidades da pel, a única porcentaxe significativa é por *Sustancias de baixo peso molecular por baixo dos 1.000 daltons (metais e os seus sales, pos de madeiras, produtos farmacéuticos, sustancias químico-plásticas, aditivos, disolventes, conservantes, catalizadores, perfumes, adhesivos, acrilatos, resinas de baixo peso molecular, formaldehido e derivados, etc.* (5A) con o 3,90% dos casos do sector, porcentaxe esta superior ao dos homes co mesmo número de casos de enfermidade.
- Os dous únicos casos de enfermidade na construción o foron por inhalación e producíronse por *Sustancias de alto peso molecular -sustancias de orixe vexetal, animal, microorganismos, e sustancias enzimáticas de orixe vexetal, animal e/ou de microorganismos-* (4H).
- Os servizos agrupan o 58,88% das enfermidades deste ano, sendo os axentes con maior porcentaxe os que se detallan a continuación. Nas enfermidades producidas por axentes físicos, as porcentaxes máis altas corresponden a: ao grupo-axente 2D co 51,48%, sendo

este inferior ao do traballadores pero con maior número de casos, o grupo-axente 2F co 20,00%, superior en casos e porcentaxe á dos homes, e o 6,23% de *Nódulos das cordas vocais por mor dos esforzos sostidos da voz por motivos profesionais* (2L), sen casos entre os traballadores. Nas enfermidades producidas por axentes biolóxicos, o 7,21% son das *Enfermidades infecciosas causadas polo traballo das persoas que se ocupan da prevención, asistencia médica e actividades nas que se probou un risco de infección -excluídos aqueles microorganismos incluídos no grupo I do [R.D. 664/1997, do 12 de maio regulador da protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo-](#)* (3A), Esta é con diferenza a porcentaxe máis importante sendo superior en casos e porcentaxe ás dos traballadores. Os casos declarados de enfermidades por inhalación repártense en igual porcentaxe do 1,97% no grupo-axente 4H e por *Sustancias de baixo peso molecular -metais e os seus sales, pos de madeiras, produtos farmacéuticos, sustancias químico plásticas, aditivos, etc.-* (4I), sendo a porcentaxe deste último inferior, á dos traballadores aínda que non por número de casos. Nas enfermidades da pel, o 1,64% dos casos corresponden ao grupo-axente 5A, en número e porcentaxe inferiores aos homes e o 2,95% por *Sustancias de baixo peso molecular por baixo dos 1.000 daltons (metais e os seus sales, pos de madeiras, produtos farmacéuticos, sustancias químico plásticas, aditivos, disolventes, conservantes, catalizadores, perfumes, adhesivos, acrilatos, resinas de baixo peso molecular, formaldehido e derivados, etc.* (5B), non habendo traballadores con enfermidades deste último.

Enfermidades nas mulleres (2009)						
Grupo-Axente	Sector					% Grupo-Axente no Total
	Agricultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos	
1A	0,00%	0,00%	1,46%	0,00%	0,66%	0,97%
1C	0,00%	0,00%	0,49%	0,00%	0,00%	0,19%
1E	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,33%	0,19%
1F	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,66%	0,39%
1I	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,33%	0,19%
1K	0,00%	0,00%	0,98%	0,00%	0,33%	0,58%
1L	0,00%	0,00%	1,46%	0,00%	0,00%	0,58%
1M	0,00%	0,00%	0,49%	0,00%	0,00%	0,19%
1O	0,00%	0,00%	0,49%	0,00%	0,00%	0,19%
1Q	0,00%	0,00%	1,46%	0,00%	0,00%	0,58%
2A	0,00%	0,00%	1,46%	0,00%	0,66%	0,97%
2B	0,00%	0,00%	0,49%	0,00%	0,00%	0,19%
2C	0,00%	0,00%	1,95%	0,00%	0,98%	1,35%
2D	100,00%	0,00%	65,37%	0,00%	51,48%	56,95%
2F	0,00%	100,00%	16,10%	0,00%	20,00%	18,53%
2J	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,33%	0,19%
2L	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	6,23%	3,67%
3A	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	7,21%	4,25%
3B	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,66%	0,39%
4A	0,00%	0,00%	0,98%	0,00%	0,00%	0,39%
4D	0,00%	0,00%	0,49%	0,00%	0,00%	0,19%
4H	0,00%	0,00%	0,98%	100,00%	1,97%	1,93%
4I	0,00%	0,00%	0,98%	0,00%	1,97%	1,54%
5A	0,00%	0,00%	3,90%	0,00%	1,64%	2,51%
5B	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	2,95%	1,74%
5C	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,33%	0,19%
5D	0,00%	0,00%	0,49%	0,00%	1,31%	0,97%
% Sector no TOTAL	0,77%	0,39%	39,58%	0,39%	58,88%	100%

Táboa 56. Porcentaxes das enfermidades nas mulleres segundo o Grupo-Axente e os Sectores de actividade no ano 2009.

As [táboas 57](#) e [58](#) refírense ás enfermidades profesionais declaradas no ano 2014 en homes e mulleres. Como se indicou anteriormente, ao estar as traballadoras en menor número de actividades e en consecuencia expostas a menor variedade de axentes, aínda que as enfermidades declaradas nelas sexan un 2,89% máis que as dos homes, a súa táboa resulta de menor extensión.

Da [táboa 57](#) das enfermidades dos traballadores no ano 2014 destácanse en cada sector:

- Na agricultura co 1,62% dun total de 554 enfermidades, o 55,56% das enfermidades son provocadas por *Posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo; enfermidades por fatiga e inflamación das vaíñas tendinosas, de tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas* (2D).
- Na pesca as enfermidades declaradas supoñen o 3,97% do total dos homes neste ano. As enfermidades do grupo-axente 2D son o 22,73% das enfermidades do sector e o 59,09% corresponden ás *Enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo: parálise dos nervios debidos á presión* (2F).
- A maioría das enfermidades dos traballadores declárase na industria co 58,66% do total. Dentro do grupo dos axentes químicos, a porcentaxe máis destacable é a das enfermidades provocadas polos *Isocianatos* (1Q) co 1,23%. Nas enfermidades producidas por axentes físicos son, do mesmo xeito que no 2009, tres os axentes máis destacados: o 12,62% da *Hipoacusia ou xordeira provocada polo ruído* (2A), o 44,00% do grupo-axente 2D e o 11,08% do grupo-axente 2F. Nas enfermidades por inhalación pódense destacar: o 18,46% das enfermidades producidas polo *Po de sílice libre* (4A), o 1,85% de enfermidades producidas por *Sustancias de alto peso molecular (sustancias de orixe vexetal, animal, microorganismos, e sustancias enzimáticas de orixe vexetal, animal e/ou de microorganismos)* (4H) e o 1,54% das producidas por *Sustancias de baixo peso molecular -metais e os seus sales, pos de madeiras, produtos farmacéuticos, sustancias químico plásticas, aditivos, etc.-* (4I). No grupo V (da pel) a porcentaxe destacable é o 2,46% das enfermidades producidas por *Sustancias de baixo peso molecular por baixo dos 1.000 daltons (metais e os seus sales, pos de madeiras, produtos farmacéuticos, sustancias químico plásticas, aditivos, disolventes, conservantes, catalizadores, perfumes, adhesivos, acrilatos, resinas de baixo peso molecular, formaldehído e derivados, etc.)* (5A).
- No 2014 o sector da construción é o terceiro en porcentaxe de enfermidades dos traballadores co 14,26%. Nas enfermidades por axentes químicos, o 5,06% corresponde ás enfermidades por *Metais* (1A). Por axentes físicos máis da metade, o 50,63% corresponden ao grupo-axente 2D. Nas enfermidades por inhalación, a porcentaxe máis destacable corresponde ao grupo-axente 4A con o 7,59%. Por último, nas enfermidades da pel, o 6,33% son do grupo-axente 5A.
- O sector servizos é entre os traballadores o segundo por porcentaxe de enfermidades declaradas co 21,48% no ano 2014. Dentro das enfermidades por axentes químicos só é significativo a porcentaxe do grupo-axente 1A con o 4,20% das enfermidades do sector. As enfermidades por axentes físicos teñen dúas porcentaxes destacadas: o 51,26% do grupo-axente 2D e o 20,17% do grupo-axente 2F. No grupo de enfermidades producidas por axentes biolóxicos, está co 7,56% das enfermidades, as do grupo-axente 3A, de *Enfermidades infecciosas causadas polo traballo das persoas que se ocupan da prevención, asistencia médica e actividades nas que se probou un risco de infección -excluídos aqueles microorganismos incluídos no grupo I do R.D. 664/1997, do 12 de maio regulador da protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo-*. Nas enfermidades da pel a porcentaxe destacada é o 2,52% de enfermidades debidas a *Axentes infecciosos* (5D).

Da [táboa 58](#) das enfermidades das traballadoras do ano 2014 destácanse en cada sector:

- A agricultura tivo este ano entre as mulleres o 1,05% dun total de 570 enfermidades declaradas. A metade das enfermidades do sector corresponden as producidas por *Sustancias de alto peso molecular -sustancias de orixe vexetal, animal, microorganismos, e sustancias enzimáticas de orixe vexetal, animal e/ou de microorganismos-* (4H). En

relación ao [ano 2009](#) aumentou o número de enfermidades declaradas, sendo nese ano a totalidade do grupo-axente 2D.

- A porcentaxe na pesca é desprezable, sendo o único caso declarado este ano correspondente ao grupo-axente 2D mentres que no 2009 os dous casos contabilizados eran tamén por axentes físicos, do grupo-axente 2F.
- A industria acumula o 30,53% do total das enfermidades das traballadoras, diminuindo a súa porcentaxe respecto ao 39,58% do ano 2009. Nas enfermidades por axentes físicos, o 55,17% corresponden ao grupo-axente 2D (no 2009 eran o 65,37%) e o 31,61% do grupo-axente 2F (no 2009 o 16,10%). Das enfermidades por inhalación destácase o 4,60% das enfermidades do grupo-axente 4H, máis cando no ano 2009 eran o 0,98%.
- Na construción os dous únicos casos declarados corresponden ao grupo de enfermidades por axentes físicos, en concreto ao grupo axente 2F, mentres que no ano 2009 os dous únicos casos o eran do grupo IV (por inhalación) do grupo-axente 4H.
- Os servizos agrupan o 67,89% das enfermidades deste ano aumentando desde o ano 2009 tanto en número de casos (305 no 2009, 387 no 2014) como en porcentaxe (no 2009 era do 58,88%). Nas enfermidades por axentes físicos destácanse as seguintes porcentaxes: o 32,82% do grupo-axente 2D (no 2009 era o 51,48%), o 27,91% do grupo-axente 2F (no 2009 era o 20,00%) e o 8,01% de casos de *Nódulos das cordas vocais por mor dos esforzos sostidos da voz por motivos profesionais* (2L), cando no 2009 eran o 6,23%. No grupo dos axentes biolóxicos, o 11,63% corresponden ás *Enfermidades infecciosas causadas polo traballo das persoas que se ocupan da prevención, asistencia médica e actividades nas que se probou un risco de infección -excluídos aqueles microorganismos incluídos no grupo I do R.D. 664/1997, do 12 de maio regulador da protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo-* (3A), no 2009 eran o 7,21%, e o 1,55% de enfermidades *Infecciosas ou parasitarias transmitidas ao home polos animais ou polos seus produtos e cadáveres* (3B), que no 2009 eran do 0,66%. Nas enfermidades por inhalación, a única porcentaxe destacable é o 1,03% das producidas por *Sustancias de baixo peso molecular -metais e os seus sales, pos de madeiras, produtos farmacéuticos, sustancias químico plásticas, aditivos, etc.-* (4I), que no ano 2009 era do 1,97%. Nas enfermidades da pel, o 6,20% corresponden ao grupo-axente 5A (no ano 2009 eran o 1,64%), o 1,03% do grupo-axente 5B (no 2009 eran o 2,95%) e o 5,68% das producidas por *Axentes infecciosos* (5D) que aumentou desde o 1,31% do ano 2009.

Grupo-Axente	Enfermidades nos homes (2014)					% Grupo-Axente no Total
	Sectoros					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos	
1A	0,00%	0,00%	0,00%	5,06%	4,20%	1,62%
1D	0,00%	0,00%	0,00%	1,27%	0,00%	0,18%
1E	0,00%	0,00%	0,31%	0,00%	0,00%	0,18%
1F	0,00%	0,00%	0,31%	0,00%	0,00%	0,18%
1I	0,00%	0,00%	0,62%	0,00%	0,00%	0,36%
1J	0,00%	0,00%	0,62%	0,00%	0,84%	0,54%
1L	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,84%	0,18%
1O	0,00%	0,00%	0,00%	1,27%	0,00%	0,18%
1Q	0,00%	0,00%	1,23%	0,00%	0,00%	0,72%
2A	0,00%	4,55%	12,62%	2,53%	2,52%	8,48%
2B	0,00%	0,00%	3,38%	0,00%	0,84%	2,17%
2C	0,00%	0,00%	0,00%	7,59%	0,00%	1,08%
2D	55,56%	22,73%	44,00%	50,63%	51,26%	45,85%
2E	0,00%	4,55%	0,00%	0,00%	0,00%	0,18%
2F	11,11%	59,09%	11,08%	5,06%	20,17%	14,08%
2G	0,00%	0,00%	0,00%	2,53%	0,00%	0,36%
2H	0,00%	0,00%	0,00%	2,53%	0,00%	0,36%

2L	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	1,68%	0,36%
3A	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	7,56%	1,62%
3B	11,11%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,18%
3C	0,00%	0,00%	0,62%	0,00%	0,00%	0,36%
3D	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	1,68%	0,36%
4A	0,00%	0,00%	18,46%	7,59%	1,68%	12,27%
4B	0,00%	0,00%	0,00%	1,27%	0,00%	0,18%
4D	0,00%	0,00%	0,31%	2,53%	0,84%	0,72%
4E	0,00%	0,00%	0,00%	1,27%	0,00%	0,18%
4H	11,11%	4,55%	1,85%	0,00%	0,00%	1,44%
4I	0,00%	0,00%	1,54%	0,00%	0,00%	0,90%
5A	0,00%	0,00%	2,46%	6,33%	1,68%	2,71%
5B	0,00%	4,55%	0,62%	1,27%	1,68%	1,08%
5D	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	2,52%	0,54%
6A	0,00%	0,00%	0,00%	1,27%	0,00%	0,18%
6J	11,11%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,18%
% Sector no TOTAL	1,62%	3,97%	58,66%	14,26%	21,48%	100%

Táboa 57. Porcentaxes das enfermidades nos homes segundo o Grupo-Axente e os Sectores de actividade no ano 2014.

Grupo-Axente	Enfermidades nas mulleres (2014)					% Grupo-Axente no Total
	Sectores					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos	
1A	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,26%	0,18%
1F	0,00%	0,00%	0,57%	0,00%	0,00%	0,18%
1I	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,26%	0,18%
1L	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,52%	0,35%
1Q	0,00%	0,00%	0,57%	0,00%	0,00%	0,18%
1S	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,26%	0,18%
2B	0,00%	0,00%	3,45%	0,00%	1,81%	2,28%
2D	33,33%	100,00%	55,17%	0,00%	32,82%	39,65%
2F	0,00%	0,00%	31,61%	100,00%	27,91%	28,95%
2I	0,00%	0,00%	0,57%	0,00%	0,52%	0,53%
2L	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	8,01%	5,44%
3A	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	11,63%	7,89%
3B	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	1,55%	1,05%
3D	0,00%	0,00%	1,15%	0,00%	0,26%	0,53%
4A	0,00%	0,00%	1,15%	0,00%	0,00%	0,35%
4H	50,00%	0,00%	4,60%	0,00%	0,26%	2,11%
4I	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	1,03%	0,70%
5A	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	6,20%	4,21%
5B	16,67%	0,00%	0,00%	0,00%	1,03%	0,88%
5C	0,00%	0,00%	1,15%	0,00%	0,00%	0,35%
5D	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	5,68%	3,86%

% Sector no TOTAL	1,05%	0,18%	30,53%	0,35%	67,89%	100%
-------------------	-------	-------	--------	-------	--------	------

Táboa 58. Porcentaxes das enfermidades nas mulleres segundo o Grupo-Axente e os Sectores de actividade no ano 2009.

Como complemento ás táboas anteriores, descéndese un nivel na análise sectorial e obtemos a [táboa 59](#) onde para cada sector indícanse en filas a parte do código de enfermidade profesional formada polo grupo, o axente e o subaxente, faltando a indicación da actividade para ter a codificación completa. Esta táboa detalla as enfermidades das traballadoras entre os anos 2009 e 2014, sendo as enfermidades cubertas polos códigos indicados de grupo-axente-subaxente o 96,04% do total.

Como se fixo anteriormente destácanse en dúas cores as porcentaxes máis interesantes, en cor clara os que indican un maior número de casos e en ton gris aqueles que con menos casos tamén se considerou destacar. A codificación das enfermidades profesionais indícase no [R.D. 1299/2006 do 20 de novembro](#), coincidindo nos grupos III e V a codificación para grupo e axente coa de grupo-axente-subaxente.

A continuación desagregáanse en cada sector as porcentaxes destacadas, sendo como era de esperar os códigos de enfermidades do grupo II (axentes físicos) os de porcentaxes máis altas:

- Na agricultura dentro do grupo-axente 2D de *Enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo; enfermidades por fatiga e inflamación das vaiñas tendinosas, de tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas*, co 24,24% das enfermidades do sector están as do cóbado e antebrazo: *epicondilitis e epitrocleitis* (02). No grupo-axente 2F de *Enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo: parálise dos nervios debidos á presión*, están co 12,12% as *síndromes do túnel carpiano por compresión do nervio mediano do pulso* (02). No grupo IV de enfermidades por inhalación, producidas por *Sustancias de alto peso molecular -sustancias de orixe vexetal, animal, microorganismos, e sustancias enzimáticas de orixe vexetal, animal e/ou de microorganismos-* (4H), co 15,15% están os casos de *Asma laboral* (02).
- Na pesca as dúas porcentaxes que se destacan son dos mesmos códigos que na agricultura, o 30,77% dos casos do sector para o código 2D02 e o 30,77% para o 2F02.
- Na industria, o código 2D02 ten o 27,16% das enfermidades do sector, o 2F02 o 22,18%, dentro da combinación grupo-axente 2D están as *Enfermidades de pulso e man: tendinite do abductor longo e extensor curto do polgar (T. De Quervain), tenosinovitis estenosante dixital (dedo en resorte), tenosinovitis do extensor longo do primeiro dedo* (03), co 24,10%. Como a anterior, tamén dentro do grupo-axente 2D, están as *Enfermidades do ombreiro: patoloxía tendinosa crónica de manguito dos rotadores*, co 9,08% (01). Nas enfermidades da pel, grupo V, as producidas por *Sustancias de baixo peso molecular por baixo dos 1.000 daltons -metais e os seus sales, pos de madeiras, produtos farmacéuticos, sustancias químico plásticas, aditivos, disolventes, conservantes, catalizadores, perfumes, adhesivos, acrilatos, resinas de baixo peso molecular, formaldehido e derivados, etc.-* (5A01), teñen o 2,79%. Tamén no grupo V, aquelas producidas por *Axentes e sustancias de alto peso molecular, por encima dos 1.000 daltons -sustancias de orixe vexetal, animal, microorganismos e sustancias enzimáticas de orixe vexetal, animal e/ou de microorganismos-* (5B01) co 1,14%. Coa combinación 2F está tamén a *Síndrome da canle epitrocleo-olecraniano por compresión do nervio cubital no cóbado* (01), co 1,57%. Na combinación grupo-axente 4H, co 1,31% están os casos de *Asma laboral* (02) e tamén dentro do grupo IV e producidas polo *Po de sílice libre (A)*, están as *Silicoses* (01) co 1,22% das enfermidades do sector. Con menor número de casos e destacadas en gris están dous códigos grupo-axente-subaxente co mesmo porcentaxe, o 0,79%: as enfermidades da pel (V) producidas por *Substancias sensibilizantes exógenas* (axente-subaxente C01) e dentro das producidas por axentes químicos (I), aquelas producidas por *Isocianatos* (Q), en concreto polos *Poliuretanos* que os teñen na súa composición (01).
- A construción é un sector con relativamente poucas mulleres, polo que o número de casos de enfermidade son poucos, é por iso que as porcentaxes se destacan en gris. Os códigos que se destacan son os seguintes: co 14,29% o 2D02, co 21,43% os códigos 2F02 e 2D03 e co 2F01 o 14,29%.

- Ao contrario que no anterior, nos servizos está a maior parte da man de obra feminina, polo que aínda que con moita menor incidencia que na industria o número de casos é o maior. A continuación indícanse as porcentaxes destacadas do sector. Dentro do grupo II: o código 2D02 ten o 19,71% , o 2F02 o 21,61%, o 2D03 o 18,31% , o 2D01 o 5,80% e os *Nódulos das cordas vocais por mor dos esforzos sostidos da voz por motivos profesionais* (2L01) son o 8,95% das enfermidades do sector. Nas enfermidades producidas por axentes biolóxicos (III), as *Infecciosas causadas polo traballo das persoas que se ocupan da prevención, asistencia médica e actividades nas que se probou un risco de infección - excluídos aqueles microorganismos incluídos no grupo I do [R.D. 664/1997, do 12 de maio regulador da protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo](#)*- (3A01) son o 8,75%. Nas enfermidades da pel (IV) son tres os códigos con porcentaxes importantes: o 5A01 co 4,25%, o 5B01 co 1,55% e as enfermidades producidas por *Axentes infecciosos* (5D01) co 1,65%. A continuación indícanse os códigos que na [táboa 59](#) están indicados en gris que correspondendo a un número menor de casos considéranse destacables: co 0,65% o 2F01, co 0,80% do total do sector, as *Enfermidades osteoarticulares ou anxioneuróticas provocadas polas vibracións mecánicas* (2B) con *Afectación osteoarticular* (02), as *Enfermidades infecciosas ou parasitarias transmitidas ao home polos animais ou polos seus produtos e cadáveres* (3B01) son o 0,55%, tamén son o 0,55% as *Rinoconxuntivite* (01) dentro das *Enfermidades por inhalación* (IV) producidas por *Sustancias de alto peso molecular - sustancias de orixe vexetal, animal, microorganismos, e sustancias enzimáticas de orixe vexetal, animal e/ou de microorganismos-* (H); co 0,45% as rinoconxuntivite (01) dentro das *Enfermidades por inhalación* (IV) producidas por *Sustancias de baixo peso molecular - metais e os seus sales, pos de madeiras, produtos farmacéuticos, sustancias químico plásticas, aditivos, etc.-* (I), as enfermidades producidas polo *Níquel e os seus compostos* (08) están agrupadas dentro das enfermidades producidas pola exposición a *Metais* (1A) e son o 0,40% do total do sector, e ca mesma porcentaxe e tamén dentro do grupo I, aquelas cuxo axente é un *Alcol ou fenol* (F) e concretamente un *Alcol* (01).

Grupo-Axente-SubAxente	Sector					% no Total
	Agricultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos	
2D02	24,24%	30,77%	27,16%	14,29%	19,71%	22,44%
2F02	12,12%	30,77%	22,18%	21,43%	21,61%	21,75%
2D03	9,09%	0,00%	24,10%	21,43%	18,31%	20,22%
2D01	6,06%	15,38%	9,08%	7,14%	5,80%	7,02%
2L01	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	8,95%	5,59%
3A01	0,00%	0,00%	0,09%	0,00%	8,75%	5,49%
5A01	0,00%	0,00%	2,79%	0,00%	4,25%	3,65%
5B01	6,06%	0,00%	1,14%	0,00%	1,55%	1,44%
5D01	3,03%	0,00%	0,17%	0,00%	1,65%	1,12%
2F01	0,00%	0,00%	1,57%	14,29%	0,65%	1,03%
2B02	0,00%	0,00%	0,87%	0,00%	0,80%	0,81%
4H02	15,15%	0,00%	1,31%	0,00%	0,15%	0,72%
3B01	9,09%	0,00%	0,09%	0,00%	0,55%	0,47%
4H01	0,00%	0,00%	0,35%	0,00%	0,55%	0,47%
4A01	0,00%	0,00%	1,22%	0,00%	0,00%	0,44%
2C01	0,00%	0,00%	0,52%	0,00%	0,30%	0,37%
5C01	0,00%	0,00%	0,79%	0,00%	0,15%	0,37%
4I01	0,00%	0,00%	0,17%	0,00%	0,45%	0,34%
1A08	0,00%	0,00%	0,17%	0,00%	0,40%	0,31%
1L01	0,00%	0,00%	0,44%	0,00%	0,25%	0,31%
1Q01	0,00%	0,00%	0,79%	0,00%	0,05%	0,31%
1F01	0,00%	0,00%	0,09%	0,00%	0,40%	0,28%
2A01	0,00%	0,00%	0,44%	0,00%	0,20%	0,28%
2F03	0,00%	0,00%	0,35%	0,00%	0,25%	0,28%
1E01	3,03%	0,00%	0,26%	0,00%	0,20%	0,25%
4I05	0,00%	0,00%	0,17%	0,00%	0,30%	0,25%

%Total no Sector	87,88%	76,92%	96,33%	78,57%	96,25%	96,04%
------------------	--------	--------	--------	--------	--------	---------------

Táboa 19. Porcentaxes das enfermidades nas mulleres segundo o Gr.-Ax.-Subaxente e os Sectores de actividade nos anos 2009-2014.

Aumentando o nivel de detalle da [táboa 54](#) detállanse nas [táboas 60.1](#), [60.2](#) e [60.3](#) as porcentaxes de enfermidades nos CNAE a dous díxitos con maior número de enfermidades de traballadoras daquelas combinacións grupo de enfermidade-axente causante da mesma, que contabilizan un número igual ou superior a un mínimo para ter unhas táboas manexables (en concreto 9 casos ou o 0,28% do total de enfermidades declaradas das traballadoras entre o 2009 e o 2014). As enfermidades que contabilizan as táboas nestes CNAE e combinacións grupo-axente son o 89,17% do total dos casos de enfermidade. [As celas da táboa en cor clara indican 10 ou máis casos de enfermidade](#) e en cor gris con menos casos pero que se consideran destacables.

Nestas tres táboas, que son unha separada por motivos de tamaño, as filas indican os CNAE a dous díxitos e as columnas a combinación grupo de enfermidade-axente, comentándose as porcentaxes máis destacables segundo a columna, tendo en conta que a porcentaxe indicada está calculada sobre o total de casos de enfermidade para ese CNAE. No [Anexo](#) detállanse os CNAE a dous díxitos e a codificación das enfermidades descríbese no [R.D. 1299/2006 do 10 de novembro](#).

Da [táboa 60.1](#) as porcentaxes máis destacables indícanse a continuación:

- O grupo-axente 1L (cetonas) ten unha porcentaxe do 2,78% das enfermidades nas actividades codificadas como *Outros servizos persoais* (CNAE 96).
- Os isocianatos (1Q) son causantes do 3,59% das enfermidades na *Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques* (CNAE 29).
- As sustancias fotosensibilizantes exógenas (5C) interveñen no 2,05% do CNAE 29.
- O po de sílice libre (4A) está relacionado co 16,05% nas actividades de *Fabricación doutros produtos minerais non metálicos* (CNAE 23).
- O grupo-axente 1F (Alcohois e fenois) é causa do 1,62% das enfermidades nas *Actividades sanitarias* (CNAE 86) e do 2,08% das enfermidades do CNAE 96.

Da [táboa 60.2](#) as porcentaxes mais destacables indícanse a continuación:

- No grupo-axente 3B (enfermidades infecciosas ou parasitarias transmitidas ao home polos animais ou polos seus produtos e cadáveres) son causa do 7,41% das enfermidades declaradas nas actividades de *Asistencia en establecementos residenciais* (CNAE 87) e do 9,38% na *Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados coas mesmas* (CNAE 01).
- Os metais (1A) causan o 1,90% das enfermidades na *Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria* (CNAE 84) e do 2,78% no CNAE 96.
- As enfermidades osteoarticulares ou anxioneuróticas provocadas polas vibracións mecánicas (2B) son o 3,59% do CNAE 29.
- As sustancias de baixo peso molecular -metais e os seus sales, pos de madeiras, produtos farmacéuticos, sustancias químico-plásticas, aditivos, etc.- (4I) están relacionadas co 6,94% das enfermidades do CNAE 96 e co 6,76% das enfermidades na *Educación* (CNAE 85).
- Os axentes infecciosos (5D) son causantes do 2,83% dos casos nas *Actividades sanitarias* (CNAE 86) e do 13,29% no CNAE 84.
- E na última columna desta táboa, as sustancias de alto peso molecular -sustancias de orixe vexetal, animal, microorganismos, e sustancias enzimáticas de orixe vexetal, animal e/ou de microorganismos- (4H) causan o 4,19% das enfermidades na *Industria da alimentación* (CNAE 10), o 5,70% no CNAE 84 e o 25,00% no CNAE 01.

A última sección, a [táboa 60.3](#) reúne as combinacións grupo-axente causantes do maior número de enfermidades, entre as que se atopan as producidas por axentes físicos:

- Os axentes e sustancias de alto peso molecular, por encima dos 1.000 daltons -sustancias de orixe vexetal, animal, microorganismos e sustancias enzimáticas de orixe vexetal, animal e/ou de microorganismos- (5B) son causa do 1,64% das enfermidades declaradas

nas actividades do *Comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas* (CNAE 47), do 2,20% das do CNAE 10, do 5,70% no CNAE 84 e do 3,28% nos *Servizos de comidas e bebidas* (CNAE 56).

- As substancias de baixo peso molecular por baixo dos 1.000 daltons (metais e os seus sales, pos de madeiras, produtos farmacéuticos, substancias químico-plásticas, aditivos, disolventes, conservantes, catalizadores, perfumes, adhesivos, acrilatos, resinas de baixo peso molecular, formaldehido e derivados, etc. (5A) causan o 5,26% dos casos nas actividades do CNAE 86, o 5,17% nos *Servizos a edificios e actividades de xardinería* (CNAE 81), o 7,59% no CNAE 84, o 20,83% no CNAE 96, o 6,56% no CNAE 56 e o 19,35% na *Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestería e espartería* (CNAE 16).
- Os casos de nódulos das cordas vocais por mor dos esforzos sostidos da voz por motivos profesionais (2L) están concentrados en só tres CNAE: o 98,73% de enfermidades nas actividades de *Publicidade e estudos de mercado*, o 50% dos casos do CNAE 85 e o 71,05% das *Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas*.
- As enfermidades infecciosas causadas polo traballo das persoas que se ocupan da prevención, asistencia médica e actividades nas que se probou un risco de infección - excluídos aqueles microorganismos incluídos no grupo I do [R.D. 664/1997, do 12 de maio regulador da protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo](#)- (3A) destacan en tres CNAE principalmente: o 57,49% dos casos no CNAE 86, o 6,33% no CNAE 84 e o 31,48% no CNAE 87.
- As enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo: parálise dos nervios debidos á presión (2F), ten porcentaxes destacables en case todos o CNAE da táboa, indicándose **en grosa** aqueles que superan un terzo do total de casos do seu CNAE: o 35,34% do CNAE 47, o 33,61% do CNAE 56, o 34,43% nas *Actividades relacionadas co emprego* (CNAE 78), o 37,14% na *Fabricación de produtos de caucho e plásticos* (CNAE 22) e o 35,71% nas actividades de *Almacenamento e actividades anexas ao transporte* (CNAE 52).
- As enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo; enfermidades por fatiga e inflamación das vaíñas tendinosas, de tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas (2D) non só teñen un número de casos destacable en case todas as actividades da táboa, se non que ademais son as de maior porcentaxe de casos nelas. Destácanse **en grosa** aqueles valores que superan a metade dos casos do CNAE en cuestión: o 60,66% no CNAE 47, o 62,33% no CNAE 10, o 71,16% na *Confección de pezas de vestir* (CNAE 14), o 58,97% no CNAE 29, o 55,17% no CNAE 81, o 64,22% no *Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas* (CNAE 46), o 52,46% no CNAE 78, o 54,29% no CNAE 22, o 60,61% na *Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo* (CNAE 25) , o 57,14% no CNAE 52 e o 81,82% nos *Servizos de aloxamento* (CNAE 55).

CNAE, mulleres	Grupo-Axente					
	1L	1Q	5C	2C	4A	1F
47	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
10	0,00%	0,00%	0,88%	0,22%	0,00%	0,44%
86	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	1,62%
14	0,00%	0,47%	0,00%	0,93%	0,00%	0,00%
29	0,51%	3,59%	1,54%	2,05%	0,00%	0,51%
81	0,57%	0,00%	0,00%	0,57%	0,00%	0,57%
84	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
96	2,78%	0,00%	0,69%	0,00%	0,00%	2,08%
56	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,82%
46	0,00%	0,92%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
23	2,47%	0,00%	0,00%	1,23%	16,05%	0,00%
73	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%

85	0,00%	0,00%	1,35%	1,35%	0,00%	0,00%
78	0,00%	0,00%	1,64%	0,00%	0,00%	1,64%
87	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
82	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
22	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
25	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
1	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
16	3,23%	3,23%	0,00%	0,00%	0,00%	3,23%
52	0,00%	0,00%	0,00%	7,14%	0,00%	0,00%
55	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
%Grupo-Axente do Total das enfermidades nas mulleres	0,28%	0,31%	0,31%	0,37%	0,41%	0,44%

Táboa 60.1. Porcentaxes das enferm. nas mulleres segundo os CNAE máis representativos e Grupo-Axente, nos anos 2009-2014.

CNAE, mulleres	Grupo-Axente					
	3B	1A	2B	4I	5D	4H
47	0,55%	0,00%	0,18%	0,00%	0,36%	0,55%
10	0,22%	0,00%	0,22%	0,00%	0,44%	4,19%
86	0,81%	0,40%	0,40%	1,21%	2,83%	0,00%
14	0,00%	0,47%	0,00%	1,86%	0,00%	0,00%
29	0,00%	0,51%	3,59%	0,51%	0,00%	0,00%
81	0,00%	1,15%	2,30%	1,15%	0,00%	0,57%
84	0,00%	1,90%	1,27%	2,53%	13,29%	5,70%
96	0,69%	2,78%	1,39%	6,94%	0,00%	0,00%
56	0,00%	0,00%	1,64%	0,00%	0,82%	0,00%
46	0,00%	1,83%	0,00%	0,92%	0,00%	0,00%
23	0,00%	0,00%	0,00%	1,23%	0,00%	0,00%
73	0,00%	1,27%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
85	0,00%	0,00%	0,00%	6,76%	0,00%	1,35%
78	0,00%	1,64%	1,64%	0,00%	1,64%	0,00%
87	7,41%	0,00%	1,85%	3,70%	1,85%	0,00%
82	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
22	0,00%	2,86%	2,86%	0,00%	0,00%	0,00%
25	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	3,03%
1	9,38%	0,00%	0,00%	0,00%	3,13%	25,00%
16	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
52	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
55	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
%Grupo-Axente do Total das enfermidades nas mulleres	0,44%	0,53%	0,72%	1,03%	1,12%	1,31%

Táboa 60.2. Porcentaxes das enferm. nas mulleres segundo os CNAE máis representativos e Grupo-Axente, nos anos 2009-2014.

CNAE, mulleres	Grupo-Axente						% CNAE do Total das enfermidades nas mulleres
	5B	5A	2L	3A	2F	2D	
47	1,64%	0,18%	0,00%	0,00%	35,34%	60,66%	17,04%
10	2,20%	0,44%	0,00%	0,00%	25,99%	62,33%	13,83%
86	0,81%	5,26%	1,62%	57,49%	7,29%	17,41%	7,49%
14	0,00%	1,40%	0,00%	0,00%	21,86%	71,16%	6,59%
29	0,51%	1,54%	0,00%	0,00%	24,10%	58,97%	5,96%
81	1,15%	5,17%	0,00%	0,57%	27,59%	55,17%	5,24%
84	5,70%	7,59%	1,27%	6,33%	10,76%	43,04%	4,90%
96	0,00%	20,83%	0,00%	0,00%	15,97%	38,89%	4,18%
56	3,28%	6,56%	0,00%	0,00%	33,61%	49,18%	3,65%
46	0,92%	0,00%	0,00%	0,00%	28,44%	64,22%	3,31%
23	2,47%	2,47%	0,00%	0,00%	19,75%	48,15%	2,37%
73	0,00%	0,00%	98,73%	0,00%	0,00%	0,00%	2,47%
85	1,35%	1,35%	50,00%	2,70%	12,16%	8,11%	2,00%
78	3,28%	0,00%	0,00%	1,64%	34,43%	52,46%	1,90%
87	1,85%	3,70%	0,00%	31,48%	20,37%	27,78%	1,69%
82	0,00%	0,00%	71,05%	0,00%	13,16%	15,79%	1,19%
22	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	37,14%	54,29%	1,06%
25	0,00%	3,03%	0,00%	0,00%	24,24%	60,61%	0,94%
1	6,25%	0,00%	0,00%	0,00%	9,38%	40,63%	0,94%
16	0,00%	19,35%	0,00%	0,00%	19,35%	45,16%	0,91%
52	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	35,71%	57,14%	0,87%
55	0,00%	4,55%	0,00%	0,00%	9,09%	81,82%	0,66%
%Grupo-Axente do Total das enfermidades nas mulleres	1,44%	2,93%	4,62%	5,40%	21,47%	46,04%	89,17%

Táboa 60.3. Porcentaxes das enferm. nas mulleres segundo os CNAE máis representativos e Grupo-Axente, nos anos 2009-2014.

Nas [táboas 60.1](#) á [60.3](#) as porcentaxes referíanse ao total de Galicia, buscando atopar diferenzas entre as provincias galegas repetiuse o mesmo análise para cada provincia. Como se tentou que a representatividade da porcentaxe do total de casos fose similar en todas, de aquí xurdiron as primeiras diferenzas importantes: as táboas de Lugo e Ourense mostran menos dispersión e a de Pontevedra a que máis, sendo esta a da táboa máis grande; os CNAE non teñen o mesmo porcentaxe no total de enfermidades en cada provincia, nin os axentes tampouco.

As [táboas 61.1](#) á [61.3](#) son de enfermidades declaradas na provincia de **A Coruña**, os datos representados son do 89,08% dun total de 1.081 enfermidades, sendo o valor mínimo escollido para representar as columnas grupo-axente o 0,28% do total (tres casos).

Da [táboa 61.1](#) as porcentaxes máis destacables indícanse a continuación:

- Os ácidos orgánicos (1E) son causantes do 6,06% das enfermidades nas actividades de *Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas* (CNAE 46).
- Os alcois e fenois (1F) causan o 8,33% das enfermidades nas *Actividades relacionadas co emprego* (CNAE 78).

- Os hidroc. aromáticos (1K) están na orixe do 4,23% das enfermidades nas actividades codificadas como *Outros servizos persoais* (CNAE 96).
- Os epóxidos (1M) son causantes do 15,00% das enfermidades na *Fabricación doutros produtos minerais non metálicos* (CNAE 23).
- As enfermidades osteoarticulares ou anxioneuróticas provocadas polas vibracións mecánicas (2B) son o 20,00% das declaradas na *Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques* (CNAE 29).
- As enfermidades infecciosas ou parasitarias transmitidas ao home polos animais ou polos seus produtos e cadáveres teñen un 4,17% dos casos do persoal de *Asistencia en establecementos residenciais* (CNAE 87).

A CORUÑA						
CNAE, mulleres	1E	1F	1K	1M	2B	3B
47	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,49%	0,98%
10	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
86	0,00%	1,45%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
14	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
29	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	20,00%	0,00%
81	0,00%	2,04%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
84	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
96	0,00%	0,00%	4,23%	0,00%	0,00%	0,00%
56	2,70%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
46	6,06%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
23	0,00%	0,00%	0,00%	15,00%	0,00%	0,00%
73	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
85	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
78	0,00%	8,33%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
87	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	4,17%
82	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
22	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
25	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
1	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
16	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
52	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
55	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
%Grupo-Axente do Total das enfermidades	0,28%	0,28%	0,28%	0,28%	0,28%	0,28%

Táboa 61.1. Porcentaxes das enfermidades nas mulleres segundo os CNAE máis representativos e Grupo-Axente, nos anos 2009-2014 na Coruña.

Da [táboa 61.2](#) as porcentaxes máis destacables indícanse a continuación:

- Os aldehidos (1G) causan o 5,80% das enfermidades entre as traballadoras das *Actividades sanitarias* (CNAE 86).
- As cetonas (1L) orixinan o 10,00% das enfermidades das traballadoras na *Fabricación doutros produtos minerais non metálicos* (CNAE 23).
- Enfermidades oftalmolóxicas por mor de exposicións a radiacións ultravioletas (2J) foron notificadas no 11,11% en actividades de *Educación* (CNAE 85).
- Os metais (1A) son causantes do 7,14% das enfermidades das traballadoras da *Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria* (CNAE 84).
- Os axentes e substancias de alto peso molecular, por encima dos 1.000 daltons -substancias de orixe vexetal, animal, microorganismos e substancias enzimáticas de orixe vexetal, animal e/ou de microorganismos- están na orixe do 1,47% das enfermidades das actividades de *Comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas* (CNAE 47) e o 6,00% dos casos na *Industria da alimentación* (CNAE 10).
- Substancias de alto peso molecular -substancias de orixe vexetal, animal, microorganismos, e substancias enzimáticas de orixe vexetal, animal e/ou de microorganismos- (4H) causan o 8,00% das enfermidades do CNAE 10, o 7,14% dos casos do CNAE 84 e o 42,86% na *Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados coas mesmas* (CNAE 01).

A CORUÑA						
CNAE, mulleres	1G	1L	2J	1A	5B	4H
47	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	1,47%	0,49%
10	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	6,00%	8,00%
86	5,80%	0,00%	0,00%	1,45%	0,00%	0,00%
14	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
29	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
81	2,04%	2,04%	0,00%	0,00%	2,04%	0,00%
84	0,00%	0,00%	0,00%	7,14%	4,76%	7,14%
96	0,00%	2,82%	0,00%	1,41%	0,00%	0,00%
56	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
46	0,00%	0,00%	0,00%	3,03%	0,00%	0,00%
23	0,00%	10,00%	0,00%	0,00%	5,00%	0,00%
73	0,00%	0,00%	0,00%	1,27%	0,00%	0,00%
85	0,00%	0,00%	11,11%	0,00%	0,00%	1,85%
78	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
87	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
82	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
22	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
25	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
1	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	42,86%
16	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
52	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
55	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
%Grupo-Axente do Total das enfermidades	0,46%	0,46%	0,56%	0,65%	0,93%	1,11%

Táboa 61.2. Porcentaxes das enfermidades nas mulleres segundo os CNAE máis representativos e Grupo-Axente, nos anos 2009-2014 na Coruña.

A última sección, a [táboa 61.3](#) reúne as combinacións grupo-axente causantes do maior número de enfermidades na provincia da Coruña:

- As substancias de baixo peso molecular -metais e os seus sales, pos de madeiras, produtos farmacéuticos, substancias químico plásticas, aditivos, etc.- (4I) causan nas actividades codificadas como *Outros servizos persoais* (CNAE 96) o 11,27% das enfermidades e na *Educación* (CNAE 85) o 7,41%.
- As substancias de baixo peso molecular por baixo dos 1.000 daltons -metais e os seus sales, pos de madeiras, produtos farmacéuticos, substancias químico-plásticas, aditivos, disolventes, conservantes, catalizadores, perfumes, adhesivos, acrilatos, resinas de baixo peso molecular, formaldehido e derivados, etc.- (5A) están na orixe do 5,80% das enfermidades nas *Actividades sanitarias* (CNAE 86), do 11,90% das enfermidades na *Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria* (CNAE 84), do 26,76% das enfermidades do CNAE 96 e do 50,00% das enfermidades na *Industria da madeira e da cortiza, excepto mobles; cestería e espartería* (CNAE 16).
- As enfermidades infecciosas causadas polo traballo das persoas que se ocupan da prevención, asistencia médica e actividades nas que se probou un risco de infección -excluídos aqueles microorganismos incluídos no grupo I do R.D. 664/1997, do 12 de maio regulador da protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo- (3A) constitúen o 62,32% no CNAE 86, o 7,14% do CNAE 84 e o 33,33% dos casos nas actividades de *Asistencia en establecementos residenciais* (CNAE 87).
- As enfermidades producidas por axentes físicos (Grupo II) son as máis frecuentes, e dentro delas, os nódulos das cordas vocais por mor dos esforzos sostidos da voz por motivos profesionais (2L) son o 98,73% das enfermidades notificadas en actividades de *Publicidade e estudos de mercado* (CNAE 73), o 51,85% no CNAE

85 e o 100% nas *Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas* (CNAE 82).

- As enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo: parálise dos nervios debidos á presión (2F) son as segundas polo número de casos co 18,13% do total das enfermidades na provincia. Estas enfermidades supoñen o 35,78% dos casos nas actividades de *Comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas* (CNAE 47), o 24,00% na *Industria da alimentación* (CNAE 10), o 22,67% na *Confección de pezas de vestir* (CNAE 14), o 30,00% na *Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques* (CNAE 29), o 22,45% nos *Servizos a edificios e actividades de xardinería* (CNAE 81), o 14,08% no CNAE 96, o 29,73% nos *Servizos de comidas e bebidas* (CNAE 56), o 36,36% nas actividades de *Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas* (CNAE 46), o 25,00% na *Fabricación doutros produtos minerais non metálicos* (CNAE 23), o 12,96% no CNAE 85, o 16,67% no CNAE 87 e o 40,00% nas actividades de *Almacenamento e actividades anexas ao transporte* (CNAE 52).
- As Enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo; enfermidades por fatiga e inflamación das vaíñas tendinosas, de tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas (2D) son as primeiras por número de casos, sendo as máis frecuentes na maioría das actividades da táboa, polo que se destacan **en grosa** as que son polo menos a metade do total de enfermidades no CNAE correspondente: son o 59,80% no CNAE 47, o 62,00% no CNAE 10, o 75,00% no CNAE 14, o 57,14% no CNAE 81, o 54,76% no CNAE 84, o 59,46% no CNAE 56, o 51,52% no CNAE 46, o 66,67% dos casos nas *Actividades relacionadas co emprego* (CNAE 78), o 100% na *Fabricación de produtos de caucho e plásticos* (CNAE 22), o 83,33% na *Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo* (CNAE 25), o 50,00% nas actividades do CNAE 16, o 60,00% no CNAE 52 e o 100% das enfermidades nas actividades de *Servizos de aloxamento* (CNAE 55).

A CORUÑA							
CNAE, mulleres	4I	5A	3A	2L	2F	2D	% CNAE do Total das enfermidades
47	0,00%	0,49%	0,00%	0,00%	35,78%	59,80%	18,78%
10	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	24,00%	62,00%	4,63%
86	2,90%	5,80%	62,32%	1,45%	1,45%	14,49%	6,20%
14	1,74%	0,58%	0,00%	0,00%	22,67%	75,00%	15,91%
29	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	30,00%	20,00%	0,65%
81	4,08%	6,12%	0,00%	0,00%	22,45%	57,14%	4,44%
84	2,38%	11,90%	7,14%	2,38%	2,38%	54,76%	3,89%
96	11,27%	26,76%	0,00%	0,00%	14,08%	36,62%	6,38%
56	0,00%	8,11%	0,00%	0,00%	29,73%	59,46%	3,42%
46	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	36,36%	51,52%	2,96%
23	5,00%	0,00%	0,00%	0,00%	25,00%	40,00%	1,85%
73	0,00%	0,00%	0,00%	98,73%	0,00%	0,00%	7,31%
85	7,41%	1,85%	1,85%	51,85%	12,96%	3,70%	4,63%
78	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	25,00%	66,67%	1,11%
87	0,00%	8,33%	33,33%	0,00%	16,67%	37,50%	2,22%
82	0,00%	0,00%	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	1,67%
22	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100,00%	0,28%
25	0,00%	16,67%	0,00%	0,00%	0,00%	83,33%	0,56%
01	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	42,86%	0,56%
16	0,00%	50,00%	0,00%	0,00%	0,00%	50,00%	0,37%
52	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	40,00%	60,00%	0,93%
55	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	100,00%	0,37%
%Grupo-Axente do Total das enfermidades	1,94%	3,89%	5,09%	11,66%	18,13%	42,55%	89,08%

Táboa 61.3. Porcentaxes das enferm. nas mulleres segundo os CNAE máis representativos e Grupo-Axente, nos anos 2009-2014 na Coruña.

As [táboas 62.1](#) á [62.3](#) son de enfermidades declaradas na provincia de Lugo, os datos representados son do 94,36% dun total de 195 enfermidades, sendo o valor mínimo escollido para representar as columnas grupo-axente o 0,51% do total (un caso).

Da táboa [62.1](#) as porcentaxes destacadas indícanse a continuación, sendo estas, agás no grupo-axente 1F, moi pouco significativas:

- As aminas e hidracinas(1I) causan o 9,09% das enfermidades nas actividades de *Outros servizos persoais* (CNAE 96).
- As Enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo (2E) son o 2,04% das enfermidades no *Comercio polo miúdo, salvo de vehículos de motor e motocicletas* (CNAE 47).
- As enfermidades infecciosas ou parasitarias transmitidas ao home polos animais ou polos seus produtos e cadáveres (3B) están na orixe do 3,57% das enfermidades na *Industria da alimentación* (CNAE 10).
- As substancias de baixo peso molecular -metais e os seus sales, pos de madeiras, produtos farmacéuticos, substancias químico-plásticas, aditivos, etc.- (4I) son causantes do 9,09% das enfermidades no CNAE 96.
- Os alcois e fenois (1F) están na orixe do 7,14% das enfermidades nas actividades do CNAE 10.

LUGO					
CNAE, mulleres	1I	2E	3B	4I	1F
47	0,00%	2,04%	0,00%	0,00%	0,00%
10	0,00%	0,00%	3,57%	0,00%	7,14%
86	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
14	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
29	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
81	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
84	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
96	9,09%	0,00%	0,00%	9,09%	0,00%
56	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
46	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
23	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
73	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
85	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
78	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
87	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
82	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
22	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
25	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
1	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
16	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
52	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
55	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
%Grupo-Axente do Total das enfermidades	0,51%	0,51%	0,51%	0,51%	1,03%

Táboa 62.1. Porcentaxes das enfermidades nas mulleres segundo os CNAE máis representativos e Grupo-Axente, nos anos 2009-2014 en Lugo.

Da [táboa 62.2](#) as porcentaxes máis destacables indícanse a continuación. Hai que ter en conta que aínda que marcados en gris por [ter menos de 10 casos](#), na última columna da [táboa 62.3](#) indícase a porcentaxe de cada CNAE no total de enfermidades, polo que hai codificacións grupo-axente que teñen un número apreciable de casos nos CNAE, nesta táboa nas columnas 3A e 4A.

- As enfermidades osteoarticulares ou anxioneuróticas provocadas polas vibracións mecánicas (2B) son o 10,00% dos casos entre as traballadoras dos *Servizos a edificios e actividades de xardinería* (CNAE 81), o 25,00% nos *Servizos de comidas e bebidas* (CNAE 56) e o 14,29% nas actividades de *Asistencia en establecementos residenciais* (CNAE 87).
- Os outros pos de minerais -talco, caolín, terra de batán, bentonita, sepiolita, mica, outros silicatos naturais- (4D) causan o 12,50% das enfermidades das traballadoras na *Fabricación doutros produtos minerais non metálicos* (CNAE 23) e o 10,00% na *Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados coas mesmas* (CNAE 01).
- As sustancias de baixo peso molecular por baixo dos 1.000 daltons -metais e os seus sales, pos de madeiras, produtos farmacéuticos, sustancias químico-plásticas, aditivos, disolventes, conservantes, catalizadores, perfumes, adhesivos, acrilatos, resinas de baixo peso molecular, formaldehido e derivados, etc.- (5A) causan o 10,00% das enfermidades do CNAE 81 e o 27,27% nas *actividades de Outros servizos persoais* (CNAE 96).
- As enfermidades infecciosas causadas polo traballo das persoas que se ocupan da prevención, asistencia médica e actividades nas que se probou un risco de infección -excluídos aqueles microorganismos incluídos no grupo I do R.D. 664/1997, do 12 de maio regulador da protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo- (3A) son o 20,00% das enfermidades nas traballadoras de *Actividades sanitarias* (CNAE 86), o **43,75%** nas actividades de *Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria* (CNAE 84) e o 14,29% na *Asistencia en establecementos residenciais* (CNAE 87).
- O po de sílice libre (4A) está na orixe do **56,25%** das enfermidades nas actividades do CNAE 23.

LUGO					
CNAE, mulleres	2B	4D	5A	3A	4A
47	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
10	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
86	0,00%	0,00%	0,00%	20,00%	0,00%
14	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
29	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
81	10,00%	0,00%	10,00%	0,00%	0,00%
84	0,00%	0,00%	6,25%	43,75%	0,00%
96	0,00%	0,00%	27,27%	0,00%	0,00%
56	25,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
46	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
23	0,00%	12,50%	0,00%	0,00%	56,25%
73	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
85	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
78	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
87	14,29%	0,00%	0,00%	14,29%	0,00%
82	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
22	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
25	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
1	0,00%	10,00%	0,00%	0,00%	0,00%
16	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
52	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
55	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
%Grupo-Axente do Total das enfermidades	1,54%	1,54%	2,56%	4,62%	4,62%

Táboa 62.2. Porcentaxes das enfermidades nas mulleres segundo os CNAE máis representativos e Grupo-Axente, nos anos 2009-2014 en Lugo.

A última sección, a [táboa 62.3](#), reúne as combinacións grupo-axente causantes do maior número de enfermidades na provincia de Lugo:

- As substancias de alto peso molecular -substancias de orixe vexetal, animal, microorganismos, e substancias enzimáticas de orixe vexetal, animal e/ou de microorganismos- (4H) causan na *Industria da alimentación* (CNAE 10) o 25,00% das enfermidades e a metade dos casos na *Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados coas mesmas* (CNAE 01).
- Os axentes e substancias de alto peso molecular, por encima dos 1.000 daltons -substancias de orixe vexetal, animal, microorganismos e substancias enzimáticas de orixe vexetal, animal e/ou de microorganismos- (5B) orixinan o 10,20% das enfermidades notificadas nas actividades de *Comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas* (CNAE 47), o 25,00% dos casos nos *Servizos de comidas e bebidas* (CNAE 56), o 100% dos casos na *Educación* (CNAE 85), o 33,33% nas *Actividades relacionadas co emprego* (CNAE 78) e o 20,00% das enfermidades no CNAE 01.
- As *Enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo: parálise dos nervios debidos á presión* (2F) son as segundas por número de casos co 21,03% do total das enfermidades na provincia. Estas enfermidades son o 24,49% do total no CNAE 47, o 14,29% no CNAE 10, o 40,00% nas *Actividades sanitarias* (CNAE 86), o 20,00% nos *Servizos a edificios e actividades de xardinería* (CNAE 81), o 12,50% no CNAE 84, o 50,00% no CNAE 56, o 37,50% no *Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas* (CNAE 46), o 66,67% no CNAE 78, o 71,43% na *Asistencia en establecementos residenciais* (CNAE 87), o 100% na *Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo* (CNAE 25) e o 50,00% nas actividades de *Almacenamento e actividades anexas ao transporte* (CNAE 52).
